



observatorio galego
de condicións de traballo

**ESTUDO DA EVOLUCIÓN DA SINISTRALIDADE LABORAL
EN GALICIA
ANOS 2004-2013**

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Xullo 2015

Autor: **Manuel Armada Oya**
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral - ISSGA

Táboa de contido

Introdución	6
Metodoloxía	7
Accidentes.....	9
Segundo lugar	9
Datos dos accidentes.....	11
Datos de incidencia.....	14
Gráficos de incidencia.....	17
Segundo sexo	21
Datos dos accidentes.....	26
Datos de taxas e incidencias.....	27
Gráficos de taxas e incidencias.....	28
Segundo sector	32
Datos dos accidentes.....	43
Datos de incidencias.....	45
Gráficos de incidencia.....	48
Segundo idade.....	51
Datos dos accidentes.....	58
Datos de taxas.....	62
Gráficos de taxas.....	67

Segundo nacionalidade	73
Datos dos accidentes	76
Datos de taxas	79
Gráficos de taxas	80
Segundo forma de contacto	82
Datos dos accidentes	88
Datos de incidencias	92
Gráficos de incidencia	94
Segundo natureza da lesión	98
Datos dos accidentes	108
Datos de incidencias	114
Gráficos de incidencias	116
Segundo tipo de contrato	120
Datos dos accidentes	126
Datos de porcentaxes	129
Gráficos de porcentaxes	132
Segundo provincia	136
Datos dos accidentes	144
Datos de incidencias	146
Gráficos de incidencias	148
Graves e mortais en ‰	158
Gráfico	160
Comparativa de accidentes de tráfico	161

Relación Accidentes Con baixa / Sen baixa.....	162
Datos	164
Gráfico	165
Enfermidades profesionais	166
Segundo grupo e provincia	166
Datos das enfermidades e incidencias	171
Gráficos.....	174
Segundo sector	180
Datos das enfermidades e incidencias	186
Gráficos de incidencias	189
Segundo a idade	192
Datos das enfermidades	196
Datos das taxas	199
Gráficos de taxas	202
Notas.....	206

Introdución

Na publicación sobre sinistralidade laboral que elabora o Issga con [periodicidade anual](#), figura un apartado coa variación interanual dos accidentes, por gravidade, no último decenio. Esta información, aínda que útil, é moi xenérica, polo que, coincidindo co último ano de vixencia do [Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014](#), elaborouse este estudo con moita máis amplitude, incluíndo ademais dos accidentes laborais as enfermidades profesionais declaradas. Tanto os accidentes coma as enfermidades estúdanse facendo unha desagregación por distintas variables, buscando aspectos significativos na evolución no tempo da sinistralidade segundo os datos dispoñibles.

Ademais de utilizar datos dos accidentes con baixa publicados nos anuarios, represéntase a evolución dos accidentes con baixa en función dos sen baixa e utilízanse os datos de afiliados totais á Seguridade Social cando non se dispón dos datos de cotizantes para achar a incidencia por unha variable concreta.

Este estudo ten a utilidade engadida de servir de base para o diagnóstico previo do borrador da Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2015-2020, ao constar de series temporais que poden aportar o coñecemento de puntos críticos nos que incidir de xeito especial.

Metodoloxía

Pártese de datos dos accidentes laborais con baixa e das enfermidades profesionais publicadas nos anuarios. Para obter os índices de incidencia, o número dos traballadores afiliados que cotizan as continxencias profesionais. Non son os anuarios a única fonte de datos utilizada, utilízase o R.E.L.S. do sistema [Delt@](#) para obter os datos anuais dos accidentes laborais sen baixa e datos do total dos traballadores afiliados á Seguridade Social para facer gráficos coa taxa de sinistralidade, onde non é posible dispoñer de datos de traballadores cotizantes por continxencias profesionais desagregados pola variable a utilizar.

As variables que se utilizan para a análise son as seguintes:

- **[Lugar](#)**: como lugar en que acontece o accidente pódense indicar 4 localizacións: No centro de traballo habitual, en desprazamento (*en misión*), “*in itinere*” (*ao ir ou volver ao traballo*) e noutro centro de traballo. Xa que os accidentes “*in itinere*” non acontecen nun centro de traballo, o estudo céntrase nos accidentes acontecidos dentro da xornada laboral.
- **[Sexo](#)**: home, muller. Esta variable utilízase de forma transversal ás demais cando é posible.
- **[Gravidade](#)**: Tres valores pode ter esta variable nos accidentes con baixa (leve, grave ou mortal). Esta variable utilízase de forma transversal ás demais.
- **[Sector](#)**: agrúpanse tanto os accidentes coma as enfermidades profesionais nos cinco sectores habituais nas estatísticas e estudos socio-laborais en Galicia. Os sectores son os seguintes: agricultura, pesca, industria, construción e servizos.
- **[Idade](#)**: Os tramos de idade nos accidentes laborais son menos desagregados que nas enfermidades profesionais, facéndose necesario utilizar agrupacións cos datos das enfermidades profesionais cando se calculan as relacións entre enfermos e total de afiliados.
- **[Nacionalidade](#)**: A análise segundo a nacionalidade do traballador límitase á evolución dos accidentes laborais dos traballadores nacionais ou estranxeiros sen distinguir nacionalidades.

- **Forma de contacto**: Ademais de nos 10 grupos en que se dividen as formas de contacto que produciron a lesión, dende o ano 2011 o grupo dos sobreesforzos, trauma psíquico e exposición a radiacións desagrega os sobreesforzos como un engadido á táboa dos demais grupos.
- **Tipo de lesión**: O tipo (ou natureza) en que se clasifican as lesións sufridas no accidente ten 14 grupos distintos, sendo o das lesións non traumáticas (Infartos, derramos e outras patoloxías sen trauma) correspondente á forma de contacto do mesmo nome.
- **Tipo de contrato**: Desagreganse os accidentes laborais segundo tres categorías de contrato: Indefinidos (de duración indefinida), temporais e os autónomos agrupados cos que non se especifica o tipo de contrato.
- **Provincias**: Os accidentes laborais tamén se desagregan segundo a provincia que validan o parte de accidente. Aquí o importante é comparar a incidencia máis que o número dos accidentes.
- **Grupos de enfermidades**: Analízase a evolución das enfermidades profesionais segundo os 6 grupos de enfermidades en que se clasifican e as provincias dos centros de traballo.
- **Enfermidades segundo o sector**: Enfermidades profesionais nos 5 grupos sectoriais das estatísticas laborais galegas.
- **Enfermidades segundo os grupos de idade**: Frecuencia e taxas das enfermidades segundo os grupos de idade.

Resultados

Segundo lugar

Nesta sección detállanse en primeiro lugar os [datos dos accidentes](#) nas táboas da [01](#) á [10](#). Nelas aparecen os datos dos accidentes acontecidos en xornada e *in itinere* acontecidos entre o ano 2004 e o 2013, correspondendo cada táboa aos datos dun ano. A partir do ano 2009 o sexo convértese nunha variable transversal ás demais variables nos anuarios de sinistralidade do [Issga](#), da mesma forma que xa o era a gravidade, polo que nas táboas da [06](#) á 10 os datos dos accidentes aparecen segregados ademais de polo lugar en que aconteceu o accidente e a gravidade polo sexo da persoa accidentada.

En segundo lugar aparecen os [datos de incidencia](#), seguindo o modelo anterior. Os datos de incidencia segundo sexan accidentes en xornada ou *in itinere* detállanse das táboas da [11](#) á [20](#), indicándose nas táboas da [16](#) á 20 ademais das incidencias segundo a gravidade do accidente segundo o sexo do traballador. A incidencia calcúlase dividindo o número de accidentes entre os traballadores afiliados á seguridade que cotizan polas continxencias profesionais e multiplicando por 100.000.

A evolución da sinistralidade segundo o lugar do accidente móstrase de forma gráfica, gráficos [01](#) ao [04](#), no apartado dos [Gráficos de incidencia](#), facéndose unha análise posterior das [variacións dos accidentes, afiliados e a incidencia](#) dado o seu interese.

Con motivo de facilitar o traballo de poñer en táboas os datos, ao contar dende o ano 2009 da segregación das persoas accidentadas por sexo, os gráficos do [01](#) ao [04](#) mostran períodos temporais de 5 anos. De forma visual pódese comprobar a diferente evolución da incidencia dos accidentes que aconteceron en xornada laboral nos dous quinquenios representados nos gráficos 01 e 02. No [01](#), a incidencia sufrira moi pouca variación entre os anos 2004 e 2008 manténdose na proximidade dos 6.000 accidentes por cada 100.000 traballadores. É distinto o caso do gráfico 02 que mostra a incidencia entre os anos 2009 e 2013 indicando ademais da incidencia total, a dos homes e mulleres. A caída da incidencia é bastante acusada entre os anos 2009 e 2008 e entre 2012 e 2013, sendo a diminución da incidencia entre os anos 2013 e o 2009 do 37,62%. Sen dúbida este feito ten relación coa variación da actividade económica, debido ao cal no apartado seguinte se mostran as variacións dos accidentes e a incidencia en relación aos afiliados.

A segregación por sexo dos traballadores accidentados móstrase no [gráfico 02](#), para unha poboación afiliada que veu a ser similar cos anos de homes e mulleres, a maior incidencia nos homes é reflexo dun maior número de accidentes en xornada laboral (entre 2 e 3 veces que o das mulleres). A diminución en da incidencia entre os homes foi entre os anos 2013 e 2009 do 37,49%, mentres que entre as mulleres foi do 28,03%.

Nos gráficos [03](#) e [04](#) detállanse a incidencia do total de accidentes acontecidos *in itinere*, entre os anos 2004 ao 2008 no 03 e entre 2009 e 2013 no [04](#). O reflectido nestes dous gráficos mostra un comportamento distinto. Se no gráfico 03 entre os anos 2004 ao 2008 a incidencia de ano en ano aumentaba, agás no ano 2006; no gráfico 04 os accidentes descenden, aínda que cunha pendente menos pronunciada que os [accidentes en xornada](#) sendo a diminución entre os anos 2013 e 2009 do 24,06%. Neste gráfico obsérvase como a incidencia dos accidentes *in itinere* segundo sexos é distinta aos accidentes en xornada, son as traballadoras as teñen unha maior incidencia de accidentes *in itinere* diminuindo menos nestes cinco anos: un 17,33% nas mulleres e un 33,22% no caso dos homes.

Na [táboa 21](#) detállase a variación interanual ano a ano dos accidentes, afiliados e incidencia. Destácase en cor morada o dato do aumento dos accidentes en xornada entre os anos 2007 e 2006, dato este superior ao aumento da porcentaxe de afiliación. Hai que ter en conta que a afiliación é dunha orde de magnitude superior aos accidentes, por exemplo: os afiliados cotizantes no ano 2007 foron 875.813 e os accidentes foron 51.848 en xornada e 4.970 *in itinere*. O aumento do número de afiliados entre o ano 2007 e 2006 foi de 34.228, mentres que os accidentados aumentaron en 3.277 en xornada e 670 *in itinere*.

O aumento do número de afiliados non explica por si só o aumento do número de accidentados, xa que tomando o dato da incidencia dos accidentes en xornada no ano 2007 (5.919,99 accidentados por 100.000) un aumento de afiliados de 34.228 (un 4,07% respecto ao ano 2006) lle correspondería un aumento de accidentados en xornada de 2.027 e os notificados aumentaron en 3.277 accidentados. Úsase o valor maior da incidencia para obter a menor diferenza entre o que correspondería soamente ao incremento da afiliación, pero cun valor de incidencia intermedio, 5845,68 por 100.000 traballadores, serían 2.001 traballadores máis accidentados en vez de 2.027.

Procedendo da mesma forma, a diminución do número de afiliados entre os anos 2009 e 2008 foi de 40.184 traballadores (un 4,62% respecto ao ano 2008), sendo a incidencia dos accidentes en xornada no ano 2008 de 5.797,14 accidentados por 100.000 traballadores, a diminución de accidentados sería (tomouse o maior valor de ambas as dúas incidencias) de 2.330 accidentados e entre 2009 e 2008 notificáronse 10.876 accidentados menos en xornada laboral.

Segundo o indicado anteriormente, podería producirse que se o número de traballadores afiliados aumentase (ou mesmo se descendese dunha forma desprezable no ano 2014), o número de accidentados (polo menos os accidentados en xornada) aumentará nunha porcentaxe superior ao de afiliados, vendo a [táboa 21](#) e os gráficos [05](#) e [06](#), sendo moi semellantes ambos os dous. Hai que considerar tamén que a partir do ano 2013, os empregados do fogar que cotizan as continxencias profesionais se contabilizan nas nosas estatísticas, sendo na súa maioría mulleres.

Na [táboa 22](#) e nos gráficos [07](#) e [08](#) represéntanse a variación de accidentes e afiliados segregando por sexo do traballador. O comportamento dos accidentes das curvas de accidentes tanto en xornada como *in itinere* é moi similar como se pode comprobar no [gráfico 07](#), mentres que no [gráfico 08](#) que corresponde ás mulleres, a evolución dos accidentes en xornada e *in itinere* é moi distinta. Hai que lembrar para valorar o comportamento dos datos de sinistralidade o maior peso no número de accidentes que teñen os homes en relación ás mulleres e que estas teñen maior incidencia que os homes nos accidentes *in itinere*. En ambos os dous gráficos pódese observar como no ano 2013 e despois dos fortes descensos na sinistralidade de anos anteriores, os accidentes diminuíron moi pouco no caso dos homes e mesmo aumentaron no caso das mulleres.

Datos dos accidentes

2004

ACCIDENTES	Leves	%	Graves	%	Mortais	%	Totais	%
En xornada	46.180	92,03%	1.082	86,08%	87	70,16%	47.349	91,8%
In Itinere	4.002	7,97%	175	13,92%	37	29,84%	4.214	8,17%
Total	50.182	100%	1.257	100%	124	100%	51.563	100%

Táboa 01. Accidentes laborais segundo lugar no ano 2004.

2005

ACCIDENTES	Leves	%	Graves	%	Mortais	%	Totais	%
En xornada	46.908	91,80%	1.001	84,97%	102	78,46%	48.011	91,61%
In Itinere	4.191	8,20%	177	15,03%	28	21,54%	4.396	8,39%
Total	51.099	100%	1.178	100%	130	100%	52.407	100%

Táboa 02. Accidentes laborais segundo lugar no ano 2005.

2006

ACCIDENTES	Leves	%	Graves	%	Mortais	%	Totais	%
En xornada	47.544	92,04%	949	85,73%	78	73,58%	48.571	91,87%
In Itinere	4.114	7,96%	158	14,27%	28	26,42%	4.300	8,13%
Total	51.658	100%	1.107	100%	106	100%	52.871	100%

Táboa 03. Accidentes laborais segundo lugar no ano 2006.

2007

ACCIDENTES	Leves	%	Graves	%	Mortais	%	Totais	%
En xornada	50.939	91,34%	834	87,51%	75	78,95%	51.848	91,25%
In Itinere	4.831	8,66%	119	12,49%	20	21,05%	4.970	8,75%
Total	55.770	100%	953	100%	95	100%	56.818	100%

Táboa 04. Accidentes laborais segundo lugar no ano 2007.

2008

ACCIDENTES	Leves	%	Graves	%	Mortais	%	Totais	%
En xornada	49.621	91,05%	700	84,64%	72	70,59%	50.393	90,92%
In Itinere	4.877	8,95%	127	15,36%	30	29,41%	5.034	9,08%
Total	54.498	100%	827	100%	102	100%	55.427	100%

Táboa 05. Accidentes laborais segundo lugar no ano 2008.

2009

ACCIDENTES		Leves	%	Graves	%	Mortais	%	Totais	%
En xornada	Homes	29.781	69,44%	457	71,97%	70	79,55%	30.308	69,50%
	Mulleres	9.113	21,25%	92	14,49%	4	4,55%	9.209	21,12%
	Total	38.894	90,69%	549	86,46%	74	84,09%	39.517	90,61%
In Itinere	Homes	2.008	4,68%	56	8,82%	13	14,77%	2.077	4,76%
	Mulleres	1.986	4,63%	30	4,72%	1	1,14%	2.017	4,62%
	Total	3.994	9,31%	86	13,54%	14	15,91%	4.094	9,39%
Total		42.888	100%	635	100%	88	100%	43.611	100%

Táboa 06. Accidentes laborais segundo lugar e sexo no ano 2009.

2010

ACCIDENTES		Leves	%	Graves	%	Mortais	%	Totais	%
En xornada	Homes	27.323	68,43%	507	72,84%	63	75,00%	27.893	68,52%
	Mulleres	8.739	21,89%	99	14,22%	2	2,38%	8.840	21,72%
	Total	36.062	90,32%	606	87,07%	65	77,38%	36.733	90,23%
In Itinere	Homes	1.785	4,47%	51	7,33%	17	20,24%	1.853	4,55%
	Mulleres	2.082	5,21%	39	5,60%	2	2,27%	2.123	5,22%
	Total	3.867	9,68%	90	12,93%	19	22,62%	3.976	9,77%
Total		39.929	100%	696	100%	84	100%	40.709	100%

Táboa 07. Accidentes laborais segundo lugar e sexo no ano 2010.

2011

ACCIDENTES		Leves	%	Graves	%	Mortais	%	Totais	%
En xornada	Homes	22.926	67,65%	408	74,45%	51	85,00%	23.385	67,79%
	Mulleres	7.695	22,71%	65	11,86%	2	3,33%	7.762	22,50%
	Total	30.621	90,36%	473	86,31%	53	88,33%	31.147	90,29%
In Itinere	Homes	1.530	4,51%	41	7,48%	6	10,00%	1.577	4,57%
	Mulleres	1.738	5,13%	34	6,20%	1	1,67%	1.773	5,14%
	Total	3.268	9,64%	75	13,69%	7	11,67%	3.350	9,71%
Total		33.889	100%	548	100%	60	100%	34.497	100%

Táboa 08. Accidentes laborais segundo lugar e sexo no ano 2011.

2012

ACCIDENTES		Leves	%	Graves	%	Mortais	%	Totais	%
En jornada	Homes	16.912	65,17%	410	74,82%	44	83,02%	17.366	65,41%
	Mulleres	6.221	23,97%	75	13,69%	1	1,89%	6.297	23,72%
	Total	23.133	89,14%	485	88,50%	45	84,91%	23.663	89,12%
In Itinere	Homes	1.183	4,56%	28	5,11%	6	11,32%	1.217	4,58%
	Mulleres	1.634	6,30%	35	6,39%	2	3,77%	1.671	6,29%
	Total	2.817	10,86%	63	11,50%	8	15,09%	2.888	10,88%
Total		25.950	100%	548	100%	53	100%	26.551	100%

Táboa 09. Accidentes laborais segundo lugar e sexo no ano 2012.

2013

ACCIDENTES		Leves	%	Graves	%	Mortais	%	Totais	%
En jornada	Homes	15.370	62,33%	324	67,08%	42	84,00%	15.736	62,47%
	Mulleres	6.535	26,50%	94	19,46%	5	10,00%	6.634	26,33%
	Total	21.905	88,84%	418	86,54%	47	94,00%	22.370	88,80%
In Itinere	Homes	1.116	4,53%	34	7,04%	2	4,00%	1.152	4,57%
	Mulleres	1.637	6,64%	31	6,42%	1	2,00%	1.669	6,63%
	Total	2.753	11,16%	65	13,46%	3	6,00%	2.821	11,20%
Total		24.658	100%	483	100%	50	100%	25.191	100%

Táboa 10. Accidentes laborais segundo lugar e sexo no ano 2013.

Datos de incidencia

2004				Afiliados (Sectoriais)	786.774
INCIDENCIA	Leves	Graves	Mortais	Totais	
En xornada	5.869,54	137,52	11,06	6.018,12	
In Itinere	508,66	22,24	4,70	535,60	
Total	6.378,20	159,77	15,76	6.553,72	

Táboa 11. Incidencia segundo o lugar do accidente no ano 2004.

2005				Afiliados (Sectoriais)	809.670
INCIDENCIA	Leves	Graves	Mortais	Totais	
En xornada	5.793,47	123,63	12,60	5.929,70	
In Itinere	517,62	21,86	3,46	542,94	
Total	6.311,09	145,49	16,06	6.472,64	

Táboa 12. Incidencia segundo o lugar do accidente no ano 2005.

2006				Afiliados (Sectoriais)	841.585
INCIDENCIA	Leves	Graves	Mortais	Totais	
En xornada	5.649,34	112,76	9,27	5.771,37	
In Itinere	488,84	18,77	3,33	510,94	
Total	6.138,18	131,54	12,60	6.282,31	

Táboa 13. Incidencia segundo o lugar do accidente no ano 2006.

2007				Afiliados (Sectoriais)	875.813
INCIDENCIA	Leves	Graves	Mortais	Totais	
En xornada	5.816,20	95,23	8,56	5.919,99	
In Itinere	551,60	13,59	2,28	567,47	
Total	6.367,80	108,81	10,85	6.487,46	

Táboa 14. Incidencia segundo o lugar do accidente no ano 2007.

2008				Afiliados (Sectoriais)	869.274
INCIDENCIA	Leves	Graves	Mortais	Totais	
En xornada	5.708,33	80,53	8,28	5.797,14	
In Itinere	561,04	14,61	3,45	579,10	
Total	6.269,37	95,14	11,73	6.376,24	

Táboa 15. Incidencia segundo o lugar do accidente no ano 2008.

2009		Afiliados (Sectoriais)		Homes	455.178	829.090
				Mulleres	373.912	
INCIDENCIA		Leves	Graves	Mortais	Totais	
En xornada	Homes	6.542,72	55,12	15,38	6.658,49	
	Mulleres	2.437,20	24,60	1,07	2.462,88	
	Total	4.691,17	66,22	8,93	4.766,31	
In Itinere	Homes	441,15	12,30	2,86	456,31	
	Mulleres	531,14	8,02	0,27	539,43	
	Total	481,73	10,37	1,69	493,79	
Total		5.172,90	76,59	10,61	5.260,10	

Táboa 16. Incidencia segundo o lugar do accidente e sexo no ano 2009.

2010		Afiliados (Sectoriais)		Homes	437.912	807.466
				Mulleres	369.554	
INCIDENCIA		Leves	Graves	Mortais	Totais	
En xornada	Homes	6.239,38	62,79	14,39	6.369,54	
	Mulleres	2.364,74	26,79	0,54	2.392,07	
	Total	4.466,07	75,05	8,05	4.549,17	
In Itinere	Homes	407,62	11,65	3,88	423,14	
	Mulleres	563,38	10,55	0,54	574,48	
	Total	478,91	11,15	2,35	492,40	
Total		4.944,98	86,20	10,40	5.041,57	

Táboa 17. Incidencia segundo o lugar do accidente e sexo no ano 2010.

2011		Afiliados (Sectoriais)		Homes	422.118	788.712
				Mulleres	366.594	
INCIDENCIA		Leves	Graves	Mortais	Totais	
En xornada	Homes	5.431,18	51,73	12,08	5.539,92	
	Mulleres	2.099,05	17,73	0,55	2.117,33	
	Total	3.882,41	59,97	6,72	3.949,10	
In Itinere	Homes	362,46	9,71	1,42	373,59	
	Mulleres	474,09	9,27	0,27	483,64	
	Total	414,35	9,51	0,89	424,74	
Total		4.296,75	69,48	7,61	4.373,84	

Táboa 18. Incidencia segundo o lugar do accidente e sexo no ano 2011.

2012		Afiliados (Sectoriais)		Homes	394.754	750.783
				Mulleres	356.029	
INCIDENCIA		Leves	Graves	Mortais	Totais	
En xornada	Homes	4.284,19	54,61	11,15	4.399,20	
	Mulleres	1.747,33	21,07	0,28	1.768,68	
	Total	3.081,18	64,60	5,99	3.151,78	
In Itinere	Homes	299,68	7,09	1,52	308,29	
	Mulleres	458,95	9,83	0,56	469,34	
	Total	375,21	8,39	1,07	384,67	
Total		3.456,39	72,99	7,06	3.536,44	

Táboa 19. Incidencia segundo o lugar do accidente e sexo no ano 2012.

		2013	Afiliados (Sectoriais)		752.336
			Homes	378.072	
INCIDENCIA		Leves	Graves	Mortais	Totais
En xornada	Homes	4.065,36	43,07	11,11	4.162,17
	Mulleres	1.746,09	25,12	1,34	1.772,55
	Total	2.911,60	55,56	6,25	2.973,41
In Itinere	Homes	295,18	8,99	0,53	304,70
	Mulleres	437,39	8,28	0,27	445,94
	Total	365,93	8,64	0,40	374,97
Total		3.277,52	64,20	6,65	3.348,37

Táboa 20. Incidencia segundo o lugar do accidente e sexo no ano 2013.

Gráficos de incidencia




Gráfico 01. Incidencia do total dos accidentes en xornada laboral. Anos 2004-2008.




Gráfico 02. Incidencia do total dos accidentes segundo sexo en xornada. Anos 2009-2013.




Gráfico 03. Incidencia do total dos acidentes in itinere. Anos 2004-2008.




Gráfico 04. Incidencia do total dos acidentes in itinere segundo sexo. Anos 2009-2013.

Variación dos accidentes, afiliados e incidencia

	2005-2004	2006-2005	2007-2006	2008-2007	2009-2008	2010-2009	2011-2010	2012-2011	2013-2012
Var. Accid. Xornada	1,40%	1,17%	6,75%	-2,81%	-21,58%	-7,05%	-15,21%	-24,03%	-5,46%
Var. Accid. Itinere	4,32%	-2,18%	15,58%	1,29%	-18,67%	-2,88%	-15,74%	-13,79%	-2,32%
Var. Tot. Afiliados	2,91%	3,94%	4,07%	-0,75%	-4,62%	-2,61%	-2,32%	-4,81%	0,21%
Var. Incidencia Totais Xornada	-1,47%	-2,67%	2,58%	-2,08%	-17,78%	-4,56%	-13,19%	-20,19%	-5,66%
Var. Incidencia Totais Itinere	1,37%	-5,89%	11,06%	2,05%	-14,73%	-0,28%	-13,74%	-9,44%	-2,52%

Táboa 21. Variación interanual dos accidentes, afiliados e incidencia.




Gráfico 05. Variación interanual de accidentes e afiliados




Gráfico 06. Variación interanual de índices de incidencia e afiliados.

	2010-2009	2011-2010	2012-2011	2013-2012
Var. Accid. Xornada Homes	-7,97%	-16,16%	-25,74%	-9,39%
Var. Accid. Itinere Homes	-10,78%	-14,89%	-22,83%	-5,64%
Var. Afiliados	-3,79%	-3,61%	-6,48%	-4,23%
Var. Accid. Xornada Mulleres	-4,01%	-12,19%	-18,87%	5,35%
Var. Accid. Itinere Mulleres	5,26%	-16,49%	-5,75%	-0,12%
Var. Afiliadas	-1,17%	-0,80%	-2,88%	5,12%

Táboa 22. Variación interanual dos accidentes e afiliados segundo sexo.




Gráfico 07. Variación interanual de índices de incidencia e afiliados nos homes.




Gráfico 08. Variación interanual de índices de incidencia e afiliados nas mulleres.

Segundo sexo

[Os datos dos accidentes](#) acontecidos nos anos 2004 ao 2013 segundo o sexo dos accidentados detállanse nas táboas 23 e 24. A [táboa 23](#) corresponde aos accidentes dos homes e [a 24](#) aos das mulleres. Tanto nunha coma noutra aparece ao lado da columna que indica o número de accidentes dunha gravidade determinada (leves, graves ou mortais) e da columna de totais, outra columna que indica a porcentaxe que supoñen respecto á suma dos accidentes de homes e mulleres.

A porcentaxe dos accidentes dos homes é moi superior aos das mulleres e aumenta segundo a gravidade dos accidentes. Os accidentes diminuíron nestes anos máis entre os homes que entre as mulleres.

Leves

- 2004 Homes: 38.027 (82,35%), Mulleres: 8.153 (17,65%).
- 2013 Homes: 15.370 (70,17%), Mulleres: 6.535 (29,83%).
- Diminución de accidentes leves 2013-2004, Homes: 59,58%, Mulleres: 19,85%.

Graves

- 2004 Homes: 919 (84,94%), Mulleres: 163 (15,06%)
- 2013 Homes: 324 (77,51%), Mulleres: 94 (22,49%)
- Diminución de accidentes graves 2013-2004, Homes: 64,74%, Mulleres: 42,33%.

Mortais

- 2004 Homes: 85 (97,70%), Mulleres: 2 (2,30%)
- 2013 Homes: 42 (89,36%), Mulleres: 5 (10,64%)
- Variación de accidentes mortais 2013-2004, Homes: -50,59%, Mulleres: +150,00%.

Totais

- 2004 Homes: 39.031 (82,43%), Mulleres: 8.318 (17,57%)
- 2013 Homes: 15.736 (70,17%), Mulleres: 6.634 (29,66%)
- Diminución do total de accidentes 2013-2004, Homes: 59,68%, Mulleres: 20,25%.

[Os datos das taxas](#) en función ao total de afiliados cotizantes e a incidencia dos accidentes por número de afiliados segundo o sexo destes, móstranse nas [táboas 25](#) e [26](#) para os homes e [27](#) e [28](#) para as mulleres. As táboas de incidencia mostran os datos entre os anos 2009 e 2013, xa que os datos de afiliación desagregados por sexo non se dispoñían antes destas datas. Tanto as taxas como as incidencias danse por 100.000 traballadores.

Da comparativa entre a táboas 25 e 27 que corresponden aos datos para os anos 2004 ao 2008 das taxas de sinistralidade de homes e mulleres respectivamente, pódense extraer as seguintes conclusións:

- As taxas de sinistralidade dos accidentes leves dos homes están en valor entre 3 e 5 veces superior ás das mulleres.
- A taxa de sinistralidade dos accidentes leves descende nos homes un 7,78% (de 4.833,28 a 4.457,17) e aumenta nas mulleres un 20,74% (de 1.036,26 a 1.251,16).
- As taxas de sinistralidade dos accidentes graves dos homes están en valor entre 5 e 9 veces superior ás das mulleres.
- A taxa de sinistralidade dos accidentes graves descende nos homes un 38,25% (de 116,81 a 72,13) e nas mulleres un 59,47% (de 20,72 a 8,40). ***Hai que lembrar que a infra-cualificación da gravidade dos accidentes é un problema non resultado ata o día de hoxe a pesar dos esforzos do Issga. [\(Nota 1\)](#)***
- As taxas de sinistralidade dos accidentes mortais dos homes están en valor entre 9 e 43 veces superior ás das mulleres.
- A taxa de sinistralidade dos accidentes mortais descende nos homes un 27,59% (de 10,80 a 7,82) e aumenta nas mulleres un 81,02% (de 0,25 a 0,46).
- Os valores das taxas de sinistralidade do total de accidentes son moi similares ás dos accidentes leves, diminuindo un 8,54% nos homes (de 4.960,89 a 4.537,12) e aumentando un 19,18% (de 1.057,23 a 1.260,02) nas mulleres entre estes anos.

Da comparativa entre a [táboas 26](#) e [28](#) que corresponden aos datos para os anos 2009 ao 2013 dos índices de incidencia de homes e mulleres respectivamente, pódense extraer as seguintes conclusións:

- Os índices de incidencia dos accidentes leves dos homes están en valor entre 2 e 3 veces superior ás das mulleres.
- O índice de incidencia dos accidentes leves descende nos homes un 37,86% (de 6.542,72 a 4.065,36) e nas mulleres un 28,36% (de 2.437,20 a 1.746,09).
- Os índices de incidencia dos accidentes graves dos homes están en valor entre 3 e 6 veces superior ás das mulleres.
- O índice de incidencia dos accidentes graves descende nos homes un 14,64% (de 100,40 a 85,70) e nas mulleres aumenta un -2,08% (de 24,60 a 25,12).
- Os índices de incidencia dos accidentes mortais dos homes están en valor entre 8 e 40 veces superior ás das mulleres.
- O índice de incidencia dos accidentes mortais descende nos homes un 27,76% (de 15,38 a 11,11) e nas mulleres aumenta un 24,88% (de 1,07 a 1,34).
- Os índices de incidencia do total de accidentes diminuíron nestes cinco anos de forma similar aos accidentes leves, sendo a diminución da incidencia nos homes do 37,49% (de 6.658,49 a 4.162,17) e nas mulleres dun 28,03% (de 2.462,88 a 1.772,55).

A representación gráfica dos [datos de taxas e incidencias](#) móstranse nos [gráficos](#) do [09](#) ao [16](#), para o período do 2004 ao 2008 e do [17](#) ao [24](#) para os anos 2009 ao 2013. No primeiro período represéntanse como taxas (accidentes en relación á suma de traballadores cotizantes, homes e mulleres) e no segundo como incidencia dos accidentes de homes e mulleres en relación ao número de traballadores de cada sexo.

A evolución das taxas de accidente é diferente entre homes e mulleres:

- Nos accidentes leves, gráficos [09](#) e [10](#), a taxa dos homes descende entre os anos 2004 e 2008 dende 4.833,28 a 4.457,17, non sendo unha diminución monótona, experimentando un incremento no ano 2007 (4638,43) respecto ao 2006 (4638,43). Pola contra nas mulleres, a taxa de accidentes leves foi aumentando no período aínda que non de proporcional, de 1036,26 no 2004 a 1251,16 no 2008.
- Nos accidentes graves, gráficos [11](#) e [12](#), a taxa dos homes descende de forma aproximadamente rectilínea dende o ano 2004 (116,81) ao 2008 (72,13). A taxa dos accidentes graves das mulleres tamén descende, de 20,72 no 2004 a 8,40 no 2008, aínda que con tramos de diferente pendente.

- Nos accidentes mortais, gráficos [13](#) e [14](#), o dos homes mostra un pico no ano 2005 cun valor de 12,23 descendendo ata o 2007 (7,76) aumentando lixeiramente no 2008 (7,82). A taxa dos accidentes mortais nas mulleres é distinta, dende un valor de 0,25 no 2004 aumenta ata un 0,80 no 2007, diminuíndo a 0,46 no 2008.
- As taxas dos accidentes totais represéntanse nos gráficos [15](#), o dos homes e [16](#), o das mulleres. Ambos os dous gráficos non mostran diferenzas de comportamento respecto aos dos accidentes leves, debido ao moito maior peso dos accidentes leves no total.

A partir do ano 2009 dispónse dos datos de afiliación dos traballadores que cotizan as contingencias profesionais separados por sexos. Ao dividir os accidentes polo número de afiliados de cada sexo (e multiplicados por 100.000) o índice de incidencia ten un número maior que a taxa de accidentes. A representación da incidencia dos accidentes por sexos do ano 2009 ao 2013 móstranse nos gráficos [17](#) ao [24](#).

A incidencia dos accidentes mostra diferenzas entre homes e mulleres:

- As curvas de incidencia dos accidentes leves dos homes, [gráfico 17](#) e das mulleres, [gráfico 18](#) son similares na súa forma pero mostran unha evolución da incidencia diferente. A partir do ano 2009 a incidencia diminúe nos accidentes de ambos os dous sexos, sendo a porcentaxe de variación entre os anos 2013 e 2009 de -37,86% nos homes e de 28,36% nas mulleres, sendo a incidencia en cada ano nos homes superior nun valor entre 2 e 3 veces o índice de incidencia das mulleres. Se no ano 2013, en relación co anterior, a diminución se reduciu en comparación cos descenso de anos anteriores, é nas mulleres onde este feito é máis apreciable, sendo practicamente igual a incidencia nas mulleres nos anos 2012 e 2013.
- A incidencia dos accidentes graves móstrase nos gráficos [19](#) e [20](#). A incidencia dos accidentes graves nos homes presenta altibaixos, sendo a tendencia descendente no período. A incidencia dos accidentes graves nos homes descendeu un 14,64% no período considerado, descenso que é inferior ao dos accidentes leves. No caso da incidencia das traballadoras non se pode dicir que haxa unha tendencia no descenso dos accidentes graves, xa que se esta aumentou entre os anos 2010 e 2009 e descendeu ata 17,73 no 2011, dende entón veu aumentando case en liña recta ata superar no 2013 o valor que tiña no ano 2009.
- A evolución da incidencia dos accidentes dos traballadores pódese ver no [gráfico 21](#). Veu descendendo dende o ano 2009 (15,38) ata o ano 2012 (11,15), manténdose practicamente igual no ano 2013 (11,11). En canto á incidencia dos accidentes mortais nas mulleres que se detalla no [gráfico 22](#) hai que ter en conta que o número de accidentes mortais nas mulleres é dunha cifra, polo que un pequeno incremento en número supón unha gran variación tanto en porcentaxe coma na incidencia. Tendo en conta o anterior, dende o ano 2009

cun valor de 1,07 (14 veces inferior á incidencia dos homes) ata o 0,28 do ano 2012 (case 40 veces inferior á incidencia dos homes), a incidencia dos accidentes mortais nas traballadoras descendeu, incrementándose no ano 2013 ata un valor de 1,34.

- Respecto á variación da incidencia do total de accidentes, no [gráfico 23](#) apréciase o efecto que teñen as variacións dos accidentes graves, aumentando ou diminuindo lixeiramente as variacións dos totais. No [gráfico 24](#) que corresponde á incidencia do total de accidentes das mulleres, o aumento dos accidentes graves dende o ano 2011 contribúe que a incidencia do total de accidentes do ano 2013 supere a do 2012.

Datos dos accidentes

Homes								
Anos	Leves	% Total leves	Graves	% Total graves	Mortais	% Total mortais	Totais	% Totais
2004	38.027	82,35%	919	84,94%	85	97,70%	39.031	82,43%
2005	38.428	81,92%	866	86,51%	99	97,06%	39.393	82,05%
2006	38.647	81,29%	823	86,72%	73	93,59%	39.543	81,41%
2007	40.624	79,75%	745	89,33%	68	90,67%	41.437	79,92%
2008	38.745	78,08%	627	89,57%	68	94,44%	39.440	78,26%
2009	29.781	76,57%	457	83,24%	70	94,59%	30.308	76,70%
2010	27.323	75,77%	507	83,66%	63	96,92%	27.893	75,93%
2011	22.926	74,87%	408	86,26%	51	96,23%	23.385	75,08%
2012	16.912	73,11%	410	84,54%	44	97,78%	17.366	73,39%
2013	15.370	70,17%	324	77,51%	42	89,36%	15.736	70,34%

Táboa 23. Accidentes dos traballadores dos anos 2004 ao 2013 segundo gravidade.

Mulleres								
Anos	Leves	% Total leves	Graves	% Total graves	Mortais	% Total mortais	Totais	% Totais
2004	8.153	17,65%	163	15,06%	2	2,30%	8.318	17,57%
2005	8.480	18,08%	135	13,49%	3	2,94%	8.618	17,95%
2006	8.897	18,71%	126	13,28%	5	6,41%	9.028	18,59%
2007	10.315	20,25%	89	10,67%	7	9,33%	10.411	20,08%
2008	10.876	21,92%	73	10,43%	4	5,56%	10.953	21,74%
2009	9.113	23,43%	92	16,76%	4	5,41%	9.209	23,30%
2010	8.739	24,23%	99	16,34%	2	3,08%	8.840	24,07%
2011	7.695	25,13%	65	13,74%	2	3,77%	7.762	24,92%
2012	6.221	26,89%	75	15,46%	1	2,22%	6.297	26,61%
2013	6.535	29,83%	94	22,49%	5	10,64%	6.634	29,66%

Táboa 24. Accidentes das traballadoras dos anos 2004 ao 2013 segundo gravidade.

Datos de taxas e incidencias

Taxa homes					
Afiliados Tot.	Taxa	Leves	Graves	Mortais	Totais
786.774	2004	4.833,28	116,81	10,80	4.960,89
809.670	2005	4.746,13	106,96	12,23	4.865,32
841.585	2006	4.592,17	97,79	8,67	4.698,63
875.813	2007	4.638,43	85,06	7,76	4.731,26
869.274	2008	4.457,17	72,13	7,82	4.537,12

Táboa 25. Taxa da sinistralidade nos traballadores, anos 2004 ao 2008.

Homes afiliados	Incidencia	Leves	Graves	Mortais	Totais
455.178	2009	6.542,72	100,40	15,38	6.658,49
437.912	2010	6.239,38	115,78	14,39	6.369,54
422.118	2011	5.431,18	96,66	12,08	5.539,92
394.754	2012	4.284,19	103,86	11,15	4.399,20
378.072	2013	4.065,36	85,70	11,11	4.162,17

Táboa 26. Incidencia da sinistralidade nos traballadores, anos 2009 ao 2013.

Taxa mulleres					
Afiliados Tot.	Taxa	Leves	Graves	Mortais	Totais
786.774	2004	1.036,26	20,72	0,25	1.057,23
809.670	2005	1.047,34	16,67	0,37	1.064,38
841.585	2006	1.057,17	14,97	0,59	1.072,74
875.813	2007	1.177,76	10,16	0,80	1.188,72
869.274	2008	1.251,16	8,40	0,46	1.260,02

Táboa 27. Taxa da sinistralidade nas traballadoras, anos 2004 ao 2008.

Mulleres afiliadas	Incidencia	Leves	Graves	Mortais	Totais
373.912	2009	2.437,20	24,60	1,07	2.462,88
369.554	2010	2.364,74	26,79	0,54	2.392,07
366.594	2011	2.099,05	17,73	0,55	2.117,33
356.029	2012	1.747,33	21,07	0,28	1.768,68
374.264	2013	1.746,09	25,12	1,34	1.772,55

Táboa 28. Incidencia da sinistralidade nas traballadoras, anos 2009 ao 2013.

Gráficos de taxas e incidências




Gráfico 09. Taxa de acidentes leves dos homens, anos 2004 ao 2008.




Gráfico 10. Taxa de acidentes leves das mulheres, anos 2004 ao 2008.




Gráfico 11. Taxa de acidentes graves dos homens, anos 2004 ao 2008.




Gráfico 12. Taxa de acidentes graves das mulheres, anos 2004 ao 2008.




Gráfico 13. Taxa de acidentes mortais dos homes, anos 2004 ao 2008.




Gráfico 14. Taxa de acidentes mortais das mulleres, anos 2004 ao 2008.




Gráfico 15. Taxa do total dos accidentes dos homes, anos 2004 ao 2008.




Gráfico 16. Taxa do total dos accidentes das mulleres, anos 2004 ao 2008.




Gráfico 17. Incidencia dos accidentes leves dos homes, anos 2009 ao 2013.




Gráfico 18. Incidencia dos accidentes leves das mulleres, anos 2009 ao 2013.




Gráfico 19. Incidencia dos accidentes graves dos homes, anos 2009 ao 2013.




Gráfico 20. Incidencia dos accidentes graves das mulleres, anos 2009 ao 2013.




Gráfico 21. Incidencia dos accidentes mortais dos homes, anos 2009 ao 2013.




Gráfico 22. Incidencia dos accidentes mortais das mulleres, anos 2009 ao 2013.




Gráfico 23. Incidencia do total dos accidentes dos homes, anos 2009 ao 2013.




Gráfico 24. Incidencia do total dos accidentes das mulleres, anos 2009 ao 2013.

Segundo sector

Esta sección trata sobre os accidentes acontecidos en xornada laboral, segundo os sectores de actividade nos que se agrupan os centros de traballo en que estes aconteceron. No primeiro apartado, [Datos dos accidentes](#), están as táboas da [29](#) á [36](#), nas cales se mostran os accidentes acontecidos no período dende o ano 2004 ao 2008, segundo a gravidade e o sector (táboas [29](#) á [32](#)) e os accidentes por gravidade e sexo en cada sector dende o ano 2009 ao 2013 nas táboas da [33](#) á [36](#).

Observando a [táboa 32](#) onde se indica o total dos accidentes de cada sector entre o 2004 e o 2008 podemos obter as seguintes conclusións:

- A evolución dos cinco sectores non foi uniforme, por un lado temos á **agricultura, industria e servizos** en que os accidentes neste período aumentaron (8,80%, 12,30%, 13,94%) respectivamente e por outro as diminucións na **pesca** (35,28%) e a **construción** (4,18%).
- No que se refire ao volume dos accidentes, podemos distinguir neste período entre os **servizos e industria** aos que corresponden aproximadamente o 34 e 33 por cento da media de accidentes anuais neste período, a **construción** con aproximadamente un 25% e a **pesca** e a **agricultura** con porcentaxes superiores ao 3%. Estes datos non deben considerarse indicativos da sinistralidade de cada sector xa que non se toma en conta os traballadores de cada un deles.

Nas táboas [29](#) á [31](#) desagreganse os accidentes por sectores segundo a gravidade declarada destes:

- Na táboa 29 na que se detallan os accidentes leves, pouca variación hai respecto ao explicado para á [táboa 32](#) do total de accidentes, salvo comentar a lixeira diminución das porcentaxes respecto do total dos accidentes da **agricultura** e **pesca**, o cal é indicador de que a porcentaxe de accidentes graves e mortais nestes sectores será maior.
- No que se refire aos accidentes graves da [táboa 30](#), entre os anos 2004 e 2008 os accidentes graves que se declararon diminuíron en todos os sectores. Dende a diminución do 18,36% da **industria** ao 59,84% da **agricultura**, pasando polo 32,57% da **construción**, 34,75% dos **servizos** ao 54,87% da **pesca**, os descenso son notables. As porcentaxes respecto ao total de accidentes graves de cada sector varían significativamente en comparación cos accidentes leves. Os accidentes graves na **agricultura** e a **pesca** son aproximadamente entre o 8% e o 10% do total, mentres que os accidentes nos demais sectores varían entre o 25% e o 30% da media dos accidentes graves no período.

- Os accidentes mortais móstranse na [táboa 31](#). Se os accidentes totais descenden entre os anos 2004 e 2008 (salvo o repunte do ano 2005) nos distintos sectores a evolución é distinta: dende o aumento na **agricultura**, que é pouco significativo debido aos poucos casos de que se trata, á diminución do 40,91% dos accidentes mortais na **pesca** (de 22 no 2004 aos 13 do 2008). Para apreciar como evolucionou no tempo a sinistralidade é mellor fixarse [nos gráficos](#) no apartado correspondente. En canto á porcentaxe que cada sector achega ao total dos accidentes mortais, é de destacar a importante porcentaxe do sector da **pesca** na media destes cinco anos, máis do 17% dos accidentes mortais foron neste sector, o que dá unha idea da súa perigosidade.

Nas táboas 33 á 36 detallan os accidentes por sectores e sexo entre os anos 2009 e 2013, correspondendo a [táboa 33](#) aos accidentes leves e a 36 ao total dos accidentes. Obtemos dos datos da [táboa 36](#) correspondentes ao total dos accidentes de homes e mulleres entre os anos 2009 e 2013:

- Na **agricultura** o total dos accidentes descendeu un 20,18% no período (19,12% nos homes e 22,86% nas mulleres). A media dos accidentes da agricultura nestes 5 anos respecto ao total dos accidentes é do 4,52% (4,48% nos homes e 4,69% nas mulleres).
- Na **pesca** o descenso dos accidentes foi do 9,73% (9,84% nos homes e 8,73% nas mulleres). A media dos accidentes da pesca no período foi do 4,15% (4,98% nos homes e 1,84% nas mulleres).
- Na **industria** o total dos accidentes descendeu un 47,91% no período (48,57% nos homes e 44,46% nas mulleres), este é o segundo descenso en porcentaxe dos sectores de actividade. A media dos accidentes na industria no período foi do 29,52% do total dos accidentes (33,17% nos homes e 19,12% nas mulleres).
- Na **construción** o descenso do total dos accidentes no período foi o máis importante, un 67,59% (67,42% nos homes e 80,77% nas mulleres). A porcentaxe media dos accidentes na construción no total dos accidentes foi do 17,80% (23,61% nos homes e 0,72% nas mulleres), notándose un descenso do peso dos accidentes na construción no total dos accidentes respecto ao que tiña entre os anos 2004 e 2008.
- O descenso nos **servizos** do total dos accidentes foi neste período do 31,69% (37,89% nos homes e 22,96% nas mulleres). A media dos accidentes deste sector nestes 5 anos respecto ao total dos accidentes foi do 44,01% (33,77% nos homes e 73,64% nas mulleres). O peso deste sector no número de accidentes aumentou neste período en relación co período de 2004 a 2008.

A [táboa 33](#) é a que detalla os accidentes leves entre os anos 2009 e 2013. As diferenzas respecto ao explicado nesta táboa respecto á [táboa 36](#) de totais son practicamente desprezables, salvo no caso da diminución dos accidentes entre os anos 2013 e 2009 na **pesca**. Neste sector o

descenso foi do 11,38% (11,89% nos homes e 6,72% nas mulleres) o que indica no caso dos homes e na suma total que os accidentes leves diminuíron máis que o total.

Os accidentes graves por sectores detállanse na [táboa 34](#), ademais do repunte dos accidentes graves no ano 2010, dos datos podemos concluír:

- Na **agricultura** aumentaron entre o ano 2013 e o 2009 nun 4,62% (-7,42% nos homes e 26,09% nas mulleres). A media dos accidentes da agricultura respecto do total dos accidentes graves é do 13,13% (10,03% nos homes e 28,24% nas mulleres).
- Na **pesca** os accidentes graves aumentaron no período nun 38,10% (57,14% nos homes e -57,14% nas mulleres). A media dos accidentes graves na pesca neste período é do 9,84% do total (10,67% dos accidentes dos homes e 6,44% dos accidentes das mulleres).
- Os accidentes graves na **industria** diminuíron no período un 29,03% (31,78% nos homes e 11,76% nas mulleres). A media dos accidentes graves na industria foi do 22,18% (23,90% nos homes e 13,53% nas mulleres).
- Na **construción** estes accidentes diminuíron un 62,99% no período, neste sector os accidentes graves das mulleres son infrecuentes polo que a diminución da sinistralidade (relacionado evidentemente coa caída da actividade no sector) corresponde aos homes. A media destes accidentes no total dos graves é do 22,30% (26,65% dos homes e 0,40% das mulleres).
- Nos **servizos** os accidentes diminuíron entre o ano 2013 e o 2009 nun 10,37% (-15,97% nos homes e 4,44% nas mulleres). A media no período dos accidentes nos servizos respecto ao total foi do 32,55% (28,74% nos homes e 51,39% nas mulleres).

Os accidentes mortais detállanse na [táboa 35](#). Salvo no caso do sector **servizos**, onde máis afiliados hai con diferenza ([táboas 37 e 38](#)), os accidentes mortais das mulleres son moi esporádicos, polo que non se pode extraer información sobre a súa evolución. Os accidentes mortais dos homes son máis frecuentes:

- Na **agricultura** os accidentes mortais dos homes diminuíron un 33,33% (de 6 no 2009 a 4 no 2013). Os accidentes mortais dos homes na agricultura supoñen o 7,82% dos acontecidos no período.
- Na **pesca** os accidentes mortais dos homes diminuíron un 12,50% no período (de 8 no 2009 a 7 no 2013). Os accidentes mortais dos homes na pesca supoñen o 12,84% do total dos accidentes do período.
- Os accidentes mortais na **industria** diminuíron un 57,14% entre 2013 e 2009 (de 14 a 6). Os accidentes mortais dos homes son o 16,67% dos acontecidos no período.

- Na **construción** os accidentes mortais neste período diminuíron un 58,33% (de 24 a 10). Os accidentes mortais dos homes na construción supoñen o 23,85% dos accidentes mortais entre os anos 2013 e 2009. É de destacar a caída no número de accidentes entre os anos 2010 (14) e 2009 (24 accidentes).
- Nos **servizos** os accidentes diminuíron un 9,09% (-15,79% nos homes e 33,33% nas mulleres). Os accidentes mortais do sector servizos neste período supuxeron o 39,51% do total dos accidentes mortais (38,49% no caso dos homes e 41,00% nas mulleres. É de destacar o número de accidentes no 2010 (27) en comparación cos que aconteceron nos anos 2009 (19) e 2011 (21).

Na sección [Datos de incidencias](#) móstranse as [táboas da 37 á 46](#). Correspondendo ás dúas primeiras os datos dos traballadores afiliados entre os anos 2004 e 2008 ([táboa 37](#)) e de homes e mulleres afiliadas entre 2009 e 2013 ([táboa 38](#)). Destas táboas podemos concluír:

- Entre os anos 2004 e 2008 na **agricultura e pesca** os afiliados cotizantes das continxencias profesionais descenderon monotonamente. Houbo crecemento na afiliación na industria e a construción entre 2004 e 2007, diminuíndo no 2008. Nos **servizos**, crece a afiliación monotonamente neste período.
- Entre os anos 2009 e 2013 na **agricultura, pesca, industria e construción** as afiliacións diminúen monotonamente tanto nos homes como nas mulleres. Nos **servizos**, a evolución da afiliación de homes e mulleres foi distinta. Nos homes descendeu mentres que nas mulleres aumentou entre 2009 e 2012. O aumento das afiliacións das mulleres no ano 2013 ten que ver con a contabilización dos empregados do fogar cotizantes nos afiliados no sector servizos (aprox. 27.500 en Galicia no ano 2013). [Nota 2](#).

Nas [táboas 39 a 42](#) detállanse a incidencia sectorial dos accidentes leves, graves, mortais e do total dos accidentes, entre os anos 2004 a 2008. Respecto a cada unha das táboas se pode dicir:

- A evolución da incidencia dos accidentes leves da [táboa 39](#), é distinta dependendo do sector de actividade. Na **agricultura** a incidencia dos accidentes leves aumentou nun 62,35%. Na **industria** o aumento foi do 4,96% (cunha lixeira diminución no 2005). Na **pesca** e a **construción** a diminución foi do 22,12% e 11,04% respectivamente. Nos **servizos**, se ben no intervalo a evolución foi negativa (3,81% de descenso), o descenso produciuse entre os anos 2004 e 2006 aumentando a partir de entón.
- Na [táboa 40](#) detállase a evolución dos accidentes graves nos diferentes sectores. Os descensos dos accidentes graves neste período son xerais: 43,39% na **agricultura**, 46,68% na **pesca**, 24,07% na **industria**, 37,86% na **construción** e 45,36% nos **servizos**. Salvo o repunte da incidencia do ano 2007 na **pesca**, o descenso da gravidade dos accidentes foi continuo en todos os sectores.

- Dados os valores da incidencia dos accidentes mortais da [táboa 41](#), o comportamento de cada sector é moi dispar: na **agricultura**, a incidencia dos accidentes mortais nos anos 2007 e 2008 é superior á dos anos anteriores, e o aumento respecto ao ano 2004 da incidencia do ano 2008 é do 76,21%. Na **pesca**, a incidencia dos mortais aumenta nos anos 2007 e 2008 pero segue sendo inferior nun 30,20% ao valor que tiña no 2004. Na **industria**, salvo o repunte do ano 2005, a incidencia mantívose por debaixo do valor que tiña no 2004, para unha diminución no período do 30,25%. Na **construción** produciuse un fenómeno de ida e volta: dende o aumento do ano 2005, a incidencia non deixou de descender ata chegar no 2008 por debaixo do valor do 2004, este descenso expresado en porcentaxe é do 7,85%. En canto aos **servizos**, dende o ano 2004 ao 2007 a incidencia dos accidentes mortais descendeu monotonamente, aumentado lixeiramente no 2008. O descenso da incidencia no sector servizos no período foi do 25,56%.
- As conclusións que se poden obter da [táboa 42](#) da incidencia total son moi similares ás obtidas da [táboa 39](#) dos accidentes leves, polo que só se indicará as variacións totais da incidencia entre os anos 2004 e 2008: aumento dun 53,37% da incidencia na **agricultura**, diminución dun 23,55% na **pesca**, aumento dun 4,45% na **industria**, diminución dun 11,70% na **construción** e dun 4,58% nos **servizos**.

A evolución da incidencia entre os anos 2009 e 2013 indícase nas táboas [da 43](#) á [46](#). En vez de dividir os accidentes de todos os traballadores (homes e mulleres) entre a suma do total dos afiliados, para cada sexo divídense os seus accidentes entre os afiliados, sendo a incidencia expresada por 100.000 traballadores. Para observar máis claramente a evolución da sinistralidade segundo sectores e sexo é conveniente fixarse nos [Gráficos de incidencia](#).

- En relación aos accidentes leves da [táboa 43](#):
 - Na **agricultura**, tanto na incidencia dos homes como as mulleres, a evolución da incidencia mostra altibaixos, sendo a variación no período de -9,79% nos homes e +0,38% nas mulleres, cunha variación total do -2,16%.
 - Tamén aparecen altibaixos en evolución da incidencia no sector da **pesca**, a incidencia nos homes estaba no 2013 practicamente a niveis do 2009 (incremento no período do 0,12%) mentres que no caso das mulleres, dende o ano 2010 onde se produciu un forte incremento, a incidencia non deixou de diminuír, malia iso, prodúcese un incremento no seu caso do 22,09%, cunha variación do 4,40% do total.

- No sector da **industria**, a incidencia dos accidentes nos homes descendeu dende o ano 2009 ao 2012, incrementándose lixeiramente no 2013. Nas mulleres a incidencia dos accidentes non deixou de diminuír. A diminución na incidencia dos homes é do 36,62% e nas mulleres do 35,66% para un descenso no total do 36,93%.
 - Na **construción**, a incidencia dos accidentes leves de homes non deixou de descender dende o ano 2009, sendo a diminución da incidencia nos homes do 39,24% e nas mulleres do 67,75%, para unha diminución do total de homes e mulleres do 40,18%.
 - Nos **servizos**, tanto a incidencia dos accidentes de homes e mulleres diminúen entre os anos 2009 e 2012, aumentando lixeiramente no 2013 en relación ao ano anterior. Malia iso, no período a incidencia total diminúe un 32,38% (34,27% nos homes e 27,45% nas mulleres).
- Da [táboa 44](#) de accidentes graves:
 - Na **agricultura**, a incidencia dos accidentes dende o aumento e posterior baixada entre os anos 2009 e 2011 non deixou de aumentar, sendo o incremento total do período no sector do 29,95% (4,09% nos homes e 70,14% nas mulleres).
 - Na **pesca**, a evolución da incidencia dos accidentes de homes e mulleres foi distinta. Nos homes, aumentou dende o ano 2011, con un aumento no período do 78,56%, nas mulleres, a incidencia mostra máis altibaixos cunha diminución no período do 43,91%. A incidencia do total dos accidentes na pesca aumentou entre o 2013 e o 2009 un 62,68%.
 - Na **industria**, a evolución da incidencia dos accidentes dos homes mostra constantes subidas e baixadas, cunha diminución no período do 15,65%. Tamén se producen altibaixos na evolución da incidencia nas mulleres, pero neste caso o resultado no período é un aumento do 2,74%. A incidencia dos accidentes graves do total de homes e mulleres diminúe un 13,77% no período.
 - Na **construción**, só se considerará a incidencia dos accidentes graves dos homes, ao ser infrecuentes estes accidentes nas mulleres. Malia as subas dos 2010 e 2012 no período entre 2009 e 2013 a incidencia dos accidentes nos homes diminuíu nun 31,46%.
 - A incidencia dos accidentes graves no sector **servizos** é a que en conxunto menos variación no índice de incidencia experimentou (-10,95%), correspondendo aos homes unha diminución do 10,59% e ás mulleres unha diminución do 1,37%.

- Na [táboa 45](#) indícanse as incidencias sectoriais dos accidentes mortais. Ao igual que respecto aos accidentes da [táboa 35](#), non é adecuado sacar conclusións da evolución da incidencia nas mulleres debido ao escaso número de casos (salvo no caso do sector servizos), onde o incremento do 25,91% da incidencia é consecuencia dun aumento da mortalidade entre o 2009 e o 2013 de 3 a 4 accidentes.
 - Na **agricultura** a incidencia dos accidentes mortais diminúe no período un 17,19% (25,27% no caso dos homes).
 - Na **pesca** a incidencia aumenta nun 3,08% (diminúe un 14,78% nos homes).
 - Na **industria** a diminución total é do 47,93%, sendo moi similar á dos homes, 47,02%.
 - Na **construción** o descenso da incidencia dos accidentes mortais é o 22,84%, sendo o descenso nos homes do 18,62%.
 - Como se comentou anteriormente, a variación no número dos accidentes mortais nas mulleres entre 2009 e 2013, non fai variar apenas a incidencia no sector **servizos** do total (-9,68% no total e -10,40% na incidencia de mortais dos homes).

- Na [táboa 46](#) da incidencia do total de accidentes, só se indicará os casos da **agricultura** e a **pesca**, xa que no resto dos sectores a diferenza respecto á [táboa de leves](#) son só de décimas nas porcentaxes de variación.
 - Na **agricultura** o descenso da incidencia nos homes é do 9,34%, mentres que nas mulleres o aumento é do 4,09%, para unha diminución da incidencia total do 0,85%.
 - Na **pesca** o aumento da incidencia dos homes é do 2,45%, sendo nas mulleres do 19,46%. No total dos accidentes de homes e mulleres a incidencia aumentou nun 6,34%.

No apartado [Gráficos de Incidencia](#), represéntase o comentado respecto ás táboas do apartado anterior. as táboas colocáronse en parellas para facilitar a obtención de conclusións respecto á evolución da incidencia.

- [Gráficos 25](#) e [26](#), incidencia total por sectores entre 2004 e 2013:
 - Na **agricultura** a incidencia aumentou todos os anos dende o 2004 ao 2010, de 2.222,79 a 3.652,62, descendendo nos anos 2011 e 2012 para aumentar de novo no 2013 ata 3.465,50.
 - Na **pesca** produciuse un descenso da incidencia dende 7.507,25 no 2004 ata 5.392,39 no 2009, mostrando unha tendencia xeral ascendente dende ese ano alcanzando un valor de 5.734,26 no 2013.

- Na **industria** entre os anos 2004 (10.422,11) e 2007 (10.891,71) a tendencia era ascendente. No ano 2008 descende lixeiramente ata 10.855,66 producíndose unha pronunciada caída dende o ano 2009 (8.350,40) ata o ano 2012 (5.267,31). No ano 2013, a incidencia na industria aumenta ata un valor de 5.284,73 por 100.000 traballadores.
 - Na **construción** a incidencia descende lixeiramente dende o ano 2004 (12.755,38) ata o ano 2007 (12.061,69), dende o ano 2008 (11.263,13) prodúcense descensos (9371,22 no 2009 e 9.206,28 no 2010) dende ese ano hai unha caída paralela á da industria alcanzando no ano 2012 o índice un valor de 6.582,76; coa diferenza que a incidencia do total de accidentes na construción segue diminuíndo no 2013 (5.625,04).
 - A incidencia no sector **servizos** diminuíu lixeiramente entre os anos 2004 (3.590,64) ao 2008 (3.426,19). Dende ese ano ao 2012 (2.145,34) prodúcense descensos significativos que se minoran no 2013 (2.057,75).
- [Gráficos 27 e 28](#), incidencia total por sectores de homes e mulleres entre 2009 e 2013:
 - Na **agricultura** a incidencia dos accidentes dos homes aumentou dende o ano 2009 (5.905,02) ata o 2011 (6.107,00). Diminúe no 2012 a 5.024,47, volvendo aumentar no 2013 a 5.353,78. Nas mulleres a evolución da incidencia é lixeiramente distinta, aumento dende o ano 2009 (1.725,72) ao 2010 (1.920,75) descendendo ata 1.367,67 no 2012. Prodúcese no 2013 un forte ascenso na incidencia ata alcanzar un valor de 1.796,28.
 - Na **pesca** a incidencia dos accidentes dos homes neste período aumentou entre os anos 2009 (6.630,22) ata o 2010 (7.104,57) diminuíndo ata o ano 2012 (6.601,79) e volvendo aumentar no 2013 (6.792,68). No caso das mulleres, aumenta a incidencia entre o 2009 (2.018,58) ao 2010 (3.064,72), diminuíndo dende ese ano ata o 2013 (2.411,41).
 - Na **industria** a incidencia dos accidentes dos homes diminúe entre os anos 2009 (9.801,37) ao 2012 (6.154,02), aumentando no ano 2013 ata (6.232,40). Nas mulleres a evolución da incidencia é similar, cun pronunciado descenso da incidencia entre os anos 2009 (4.678,42) ata o ano 2012 (3.129,29), diminuíndo lixeiramente no 2013 (3.025,90).
 - Na **construción** a incidencia dos accidentes nos homes diminúe lixeiramente entre os anos 2009 (10.111,06) e 2010 (9.967,36), cunha importante caída do valor da incidencia ata 6.164,69 no 2013. A incidencia dos accidentes das mulleres no sector diminúe continuamente entre os anos 2009 (1.344,54) ao 2013 (429,46).
 - Nos **servizos** a incidencia do total dos accidentes nos homes diminúe monotonamente entre os anos 2009 (4.026,49) ao 2013 (2.660,73). Mentres que nas mulleres o descenso dende o ano 2009 (2.250,30) se detén no ano 2012 (1.625,91), aumentando lixeiramente no 2013 ata 1637,11.

- [Gráficos 29 e 30](#), incidencia accidentes graves por sectores entre 2004 e 2013:
 - A evolución da incidencia dos accidentes graves na **agricultura** pódese describir por tres tramos diferenciados: diminución entre o ano 2004 (189,59) ao 2006 (174,03), aumento entre o 2007 (98,00) ao 2010 (214,28) e aumento entre o 2011 (139,03) e o 2013 (194,11).
 - Na **pesca** a incidencia mostra unha tendencia descendente entre o ano 2004 (409,42) e o 2009 (180,61). Entre os anos 2009 e 2013 a tendencia é a contraria aumentando no 2013 ata (293,80).
 - Na **industria** a incidencia mostra unha tendencia en xeral descendente, no 2004 o valor da incidencia dos accidentes graves era de 171,58 e no 2013 de 72,73.
 - A evolución da incidencia na **construción** mostra 3 tramos diferenciados: descenso entre o 2004 (318,74) e o 2009 (168,03), unha tendencia en xeral ascendente dende o 2009 ata o 2012 (188,53) e o descenso que se produce no 2013 ata 115,17.
 - Nos **servizos**, o descenso da incidencia mostra 2 tramos distintos: entre 2004 (63,00) e o 2008 (34,43) e a partir do 2008 en que a tendencia se nivela apreciablemente e a incidencia descende no 2013 (27,89).

- [Gráficos 31 e 32](#), incidencia accidentes mortais por sectores entre 2004 e 2013:
 - Na **agricultura** a incidencia dos accidentes mortais mantívose entre os anos 2004 (5,97) a 2006 (3,28) por debaixo do valor de 10 accidentes mortais por 100.000 traballadores. Todos os anos dende o 2007 (10,14) ata o 2013 (11,42) se mantivo por enriba dese valor agás no 2012 (8,11).
 - A evolución da incidencia dos accidentes na **pesca** mostra continuos altibaixos: descenso dende o 2004 (79,71) ao 2006 (35,37), aumento ata o 2008 (55,64) e volve descender no 2009 (34,40). A partir do 2009 o valor da incidencia está xeralmente en valores entre 30 e 40 accidentes por 100.000 traballadores, alcanzando no 2013 un valor de 35,46.
 - Na **industria** e salvo nos anos 2004 (10,72) e 2005 (19,45) a incidencia estivo sempre por debaixo de 10 accidentes por 100.000. Dende o ano 2009 (9,52) estivo a descender ata un valor de 4,96 no 2013.
 - A incidencia na **construción** pódese explicar por tramos diferenciados: aumento entre o 2004 (18,87) e o 2005 (25,97), descenso entre o 2005 e o 2008 (17,39), descenso entre o 2009 (26,19) e o 2011 (12,65) e aumento dende o 2011 ata o 2013 (20,20).

- Nos **servizos** a incidencia mantívose por debaixo de 6 accidentes por 100.000 salvo nos anos 2004 (6,03) e 2005 (6,17). No ano 2006 era 5,43 e no 2010, 5,16, alcanzando o mínimo no 2012 con 3,73. No ano 2013 aumentou ata 3,79.
- [Gráficos 33](#) e [34](#), incidencia dos accidentes graves por sectores homes e mulleres entre 2009 e 2013:
 - A incidencia dos accidentes graves na **agricultura** mostra tendencia ascendente. Nos homes: incidencia en 2009 (227,95), en 2011 (206,43), en 2013 (237,27). Nas mulleres: incidencia en 2009 (91,67), en 2011 (84,10), en 2013 (155,96).
 - A evolución da incidencia na **pesca** é moi distinta en homes e mulleres. Se nos homes é claramente á alza: 2009 (205,73), 2011 (236,95), 2013 (367,35); nas mulleres diminuíu dende o 2009: en 2009 (112,14), 2011 (56,94), en 2013 (62,91).
 - Na **industria**, a evolución nestes cinco anos da incidencia dos accidentes graves nos homes é lixeiramente descendente: 2009 (101,54), 2011 (101,56), 2013 (85,65); mentres que nas mulleres no 2009 o valor era (40,83) e no 2013 (41,95) manténdose por debaixo destes valores nos demais anos.
 - Na **construción**, a incidencia dos accidentes graves no 2013 alcanzou o valor máis baixo destes 5 anos con 127,13; sendo os valores no 2009 (183,51) e 2011 (171,10).
 - Nos **servizos**, a incidencia nos homes mantívose en valores próximos a 50: 2009 (51,64), 2012 (56,66), diminuíndo lixeiramente no 2013 (46,67). Nas mulleres, mantívose a incidencia ao redor dun valor do índice de 15: 2009 (15,35), 2011 (10,86), 2012 (15,95), 2013 (15,14).
- [Gráficos 35](#) e [36](#), incidencia dous accidentes mortais por sectores homes e mulleres entre 2009 e 2013. Os accidentes mortais das mulleres nos diferentes sectores son sucesos esporádicos que non permiten falar dunha evolución (polo menos neste período), polo que só se comentará a incidencia dos accidentes mortais dos homes nos distintos sectores:
 - A incidencia dos accidentes mortais na **agricultura** diminuíu dende o valor que tiña no 2009 (32,56), pero o valor no 2013 (24,32) é o máis alto dende entón e é un claro aumento do valor alcanzado no 2012 (17,69).
 - Na **pesca**, o valor do ano 2013 (40,07) é o segundo máis baixo dos 5 anos, pero supón un aumento dende o índice do 2012 (31,80).
 - Na **industria** a incidencia dos accidentes mortais descendeu monotonamente nestes 5 anos, dende 13,29 en 2009 a 7,04 no 2013.

- Na **construcción**, todos os valores de incidencia se mantiveron por debaixo do valor do 2009 (27,41), pero veu aumentando dende o 2011 (13,87), 2012 (19,25) ata o 2013 (22,30).
- Nos **servizos**, agás no ano 2010 (11,79), en todos os demais anos dende o 2009 (8,24), estivo o índice por debaixo de 10: 2011 (9,20), 2012 (8,61), 2013 (7,39).

Datos dos accidentes

Accidentes leves	Sectores				
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2004	1.358	1.937	15.278	11.844	15.763
2005	1.436	1.789	15.229	12.199	16.255
2006	1.382	1.662	15.909	12.555	16.036
2007	1.456	1.460	17.428	13.037	17.558
2008	1.564	1.277	17.242	11.434	18.104

Táboa 29. Accidentes leves segundo sector, anos 2004 ao 2008.

Accidentes graves	Sectores				
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2004	127	113	256	304	282
2005	113	101	260	276	251
2006	106	64	254	285	240
2007	58	80	222	258	216
2008	51	51	209	205	184

Táboa 30. Accidentes graves segundo sector, anos 2004 ao 2008.

Accidentes mortais	Sectores				
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2004	4	22	16	18	27
2005	1	17	29	26	29
2006	2	9	16	24	27
2007	6	12	12	24	21
2008	5	13	12	18	24

Táboa 31. Accidentes graves segundo sector, anos 2004 ao 2008.

Accidentes totais	Sectores				
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2004	1.489	2.072	15.550	12.166	16.072
2005	1.550	1.907	15.518	12.501	16.535
2006	1.490	1.735	16.179	12.864	16.303
2007	1.520	1.552	17.662	13.319	17.795
2008	1.620	1.341	17.463	11.657	18.312

Táboa 32. Total de accidentes segundo sector, anos 2004 ao 2008.

Accidentes leves		Sectores				
		Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2009	Homes	1.040	1.085	10.207	8.308	9.141
	Mulleres	410	119	1.931	103	6.550
	Total	1.450	1.204	12.138	8.411	15.691
2010	Homes	983	1.097	9.158	7.294	8.791
	Mulleres	408	159	1.775	76	6.321
	Total	1.391	1.256	10.933	7.370	15.112
2011	Homes	1.025	1.029	7.600	5.549	7.723
	Mulleres	321	153	1.501	55	5.665
	Total	1.346	1.182	9.101	5.604	13.388
2012	Homes	811	993	5.404	3.617	6.087
	Mulleres	255	130	1.156	36	4.644
	Total	1.066	1.123	6.560	3.653	10.731
2013	Homes	837	956	5.233	2.697	5.647
	Mulleres	305	111	1.067	20	5.032
	Total	1.142	1.067	6.300	2.717	10.679

Táboa 33. Accidentes leves segundo sector e sexo, anos 2009 ao 2013.

Accidentes mortais		Sectores				
		Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2009	Homes	6	8	14	23	19
	Mulleres	0	0	0	1	3
	Total	6	8	14	24	22
2010	Homes	4	7	11	14	27
	Mulleres	1	1	0	0	0
	Total	5	8	11	14	27
2011	Homes	4	8	9	9	21
	Mulleres	1	0	0	0	1
	Total	5	8	9	9	22
2012	Homes	3	5	7	10	19
	Mulleres	0	0	1	0	0
	Total	3	5	8	10	19
2013	Homes	4	6	6	10	16
	Mulleres	0	1	0	0	4
	Total	4	7	6	10	20

Táboa 35. Accidentes mortais segundo sector e sexo, anos 2009 ao 2013.

Accidentes graves		Sectores				
		Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2009	Homes	42	35	107	154	119
	Mulleres	23	7	17	0	45
	Total	65	42	124	154	164
2010	Homes	55	49	130	144	129
	Mulleres	32	10	8	2	47
	Total	87	59	138	146	176
2011	Homes	36	38	97	111	126
	Mulleres	18	3	12	0	32
	Total	54	41	109	111	158
2012	Homes	38	40	99	108	125
	Mulleres	19	5	5	0	46
	Total	57	45	104	108	171
2013	Homes	39	55	73	57	100
	Mulleres	29	3	15	0	47
	Total	68	58	88	57	147

Táboa 34. Accidentes graves segundo sector e sexo, anos 2009 ao 2013.

Accidentes totais		Sectores				
		Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2009	Homes	1.088	1.128	10.328	8.485	9.279
	Mulleres	433	126	1.948	104	6.598
	Total	1.521	1.254	12.276	8.589	15.877
2010	Homes	1.042	1.153	9.299	7.452	8.947
	Mulleres	441	170	1.783	78	6.368
	Total	1.483	1.323	11.082	7.530	15.315
2011	Homes	1.065	1.075	7.706	5.669	7.870
	Mulleres	340	156	1.513	55	5.698
	Total	1.405	1.231	9.219	5.724	13.568
2012	Homes	852	1.038	5.510	3.735	6.231
	Mulleres	274	135	1.162	36	4.690
	Total	1.126	1.173	6.672	3.771	10.921
2013	Homes	880	1.017	5.312	2.764	5.763
	Mulleres	334	115	1.082	20	5.083
	Total	1.214	1.132	6.394	2.784	10.846

Táboa 36. Total de accidentes segundo sector e sexo, anos 2009 ao 2013.

Datos de incidencias

Afiliados	Sectores				
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2004	66.988	27.600	149.202	95.376	447.608
2005	64.042	26.582	149.104	100.128	469.814
2006	60.909	25.446	152.072	106.307	496.851
2007	59.184	24.393	162.160	110.424	519.652
2008	47.520	23.364	160.422	103.497	534.471

Táboa 37. Afiliación nos sectores de actividade nos anos 2004 ao 2008

	Afiliados	Sectores				
		Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2009	Homes	18.425	17.013	105.373	83.918	230.449
	Mulleres	25.091	6.242	41.638	7.735	293.206
	Total	43.516	23.255	147.011	91.653	523.655
2010	Homes	17.641	16.229	100.235	74.764	229.043
	Mulleres	22.960	5.547	40.235	7.028	293.784
	Total	40.601	21.776	140.470	81.792	522.827
2011	Homes	17.439	16.037	95.511	64.875	228.256
	Mulleres	21.402	5.269	39.070	6.277	294.576
	Total	38.841	21.306	134.581	71.152	522.832
2012	Homes	16.957	15.723	89.535	51.936	220.603
	Mulleres	20.034	5.059	37.133	5.350	288.453
	Total	36.991	20.782	126.668	57.286	509.056
2013	Homes	16.437	14.972	85.232	44.836	216.595
	Mulleres	18.594	4.769	35.758	4.657	310.486
	Total	35.031	19.741	120.990	49.493	527.081

Táboa 38. Afiliación nos sectores de actividade segundo sexo nos anos 2009 ao 2013.

Incidencia leves	Sectores				
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2004	2.027,23	7.018,12	10.239,81	12.418,22	3.521,61
2005	2.242,28	6.730,12	10.213,68	12.183,41	3.459,88
2006	2.268,96	6.531,48	10.461,49	11.810,13	3.227,53
2007	2.460,12	5.985,32	10.747,41	11.806,31	3.378,80
2008	3.291,25	5.465,67	10.747,90	11.047,66	3.387,27

Táboa 39. Incidencia dos accidentes leves segundo sector anos 2004 ao 2008.

Incidencia graves	Sectores				
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2004	189,59	409,42	171,58	318,74	63,00
2005	176,45	379,96	174,37	275,65	53,43
2006	174,03	251,51	167,03	268,09	48,30
2007	98,00	327,96	136,90	233,64	41,57
2008	107,32	218,28	130,28	198,07	34,43

Táboa 40. Incidencia dos accidentes graves segundo sector anos 2004 ao 2008.

Incidencia mortais	Sectores				
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2004	5,97	79,71	10,72	18,87	6,03
2005	1,56	63,95	19,45	25,97	6,17
2006	3,28	35,37	10,52	22,58	5,43
2007	10,14	49,19	7,40	21,73	4,04
2008	10,52	55,64	7,48	17,39	4,49

Táboa 41. Incidencia dos accidentes mortais segundo sector anos 2004 ao 2008.

Incidencia leves		Sectores				
		Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2009	Homes	5.644,50	6.377,48	9.686,54	9.900,14	3.966,60
	Mulleres	1.634,05	1.906,44	4.637,59	1.331,61	2.233,92
	Total	3.332,11	5.177,38	8.256,53	9.177,00	2.996,44
2010	Homes	5.572,25	6.759,50	9.136,53	9.756,03	3.838,14
	Mulleres	1.777,00	2.866,41	4.411,58	1.081,39	2.151,58
	Total	3.426,02	5.767,82	7.783,16	9.010,66	2.890,44
2011	Homes	5.877,63	6.416,41	7.957,20	8.553,37	3.383,48
	Mulleres	1.499,86	2.903,78	3.841,82	876,21	1.923,10
	Total	3.465,41	5.547,73	6.762,47	7.876,10	2.560,67
2012	Homes	4.782,69	6.315,59	6.035,63	6.964,34	2.759,26
	Mulleres	1.272,84	2.569,68	3.113,13	672,90	1.609,97
	Total	2.881,78	5.403,71	5.178,89	6.376,78	2.108,02
2013	Homes	5.092,17	6.385,25	6.139,71	6.015,26	2.607,17
	Mulleres	1.640,31	2.327,53	2.983,95	429,46	1.620,68
	Total	3.259,97	5.404,99	5.207,04	5.489,67	2.026,06

Táboa 43. Incidencia dos accidentes leves segundo sector e sexo, anos 2009 ao 2013.

Incidencia totais	Sectores				
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2004	2.222,79	7.507,25	10.422,11	12.755,83	3.590,64
2005	2.420,29	7.174,03	10.407,50	12.485,02	3.519,48
2006	2.446,27	6.818,36	10.639,04	12.100,80	3.281,27
2007	2.568,26	6.362,48	10.891,71	12.061,69	3.424,41
2008	3.409,09	5.739,60	10.885,66	11.263,13	3.426,19

Táboa 42. Incidencia do total dos accidentes segundo sector anos 2004 ao 2008.

Incidencia graves		Sectores				
		Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2009	Homes	227,95	205,73	101,54	183,51	51,64
	Mulleres	91,67	112,14	40,83	0,00	15,35
	Total	149,37	180,61	84,35	168,03	31,32
2010	Homes	311,77	301,93	129,70	192,61	56,32
	Mulleres	139,37	180,28	19,88	28,46	16,00
	Total	214,28	270,94	98,24	178,50	33,66
2011	Homes	206,43	236,95	101,56	171,10	55,20
	Mulleres	84,10	56,94	30,71	0,00	10,86
	Total	139,03	192,43	80,99	156,00	30,22
2012	Homes	224,10	254,40	110,57	207,95	56,66
	Mulleres	94,84	98,83	13,47	0,00	15,95
	Total	154,09	216,53	82,10	188,53	33,59
2013	Homes	237,27	367,35	85,65	127,13	46,17
	Mulleres	155,96	62,91	41,95	0,00	15,14
	Total	194,11	293,80	72,73	115,17	27,89

Táboa 44. Incidencia dos accidentes graves segundo sector e sexo, anos 2009 ao 2013.

Incidencia mortais		Sectores				
		Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2009	Homes	32,56	47,02	13,29	27,41	8,24
	Mulleres	0,00	0,00	0,00	12,93	1,02
	Total	13,79	34,40	9,52	26,19	4,20
2010	Homes	22,67	43,13	10,97	18,73	11,79
	Mulleres	4,36	18,03	0,00	0,00	0,00
	Total	12,31	36,74	7,83	17,12	5,16
2011	Homes	22,94	49,88	9,42	13,87	9,20
	Mulleres	4,67	0,00	0,00	0,00	0,34
	Total	12,87	37,55	6,69	12,65	4,21
2012	Homes	17,69	31,80	7,82	19,25	8,61
	Mulleres	0,00	0,00	2,69	0,00	0,00
	Total	8,11	24,06	6,32	17,46	3,73
2013	Homes	24,34	40,07	7,04	22,30	7,39
	Mulleres	0,00	20,97	0,00	0,00	1,29
	Total	11,42	35,46	4,96	20,20	3,79

Táboa 45. Incidencia dos accidentes mortais segundo sector e sexo, anos 2009 ao 2013.

Incidencia totais		Sectores				
		Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
2009	Homes	5.905,02	6.630,22	9.801,37	10.111,06	4.026,49
	Mulleres	1.725,72	2.018,58	4.678,42	1.344,54	2.250,30
	Total	3.495,27	5.392,39	8.350,40	9.371,22	3.031,96
2010	Homes	5.906,69	7.104,57	9.277,20	9.967,36	3.906,25
	Mulleres	1.920,73	3.064,72	4.431,47	1.109,85	2.167,58
	Total	3.652,62	6.075,50	7.889,23	9.206,28	2.929,27
2011	Homes	6.107,00	6.703,25	8.068,18	8.738,34	3.447,88
	Mulleres	1.588,64	2.960,71	3.872,54	876,21	1.934,31
	Total	3.617,31	5.777,72	6.850,15	8.044,75	2.595,10
2012	Homes	5.024,47	6.601,79	6.154,02	7.191,54	2.824,53
	Mulleres	1.367,67	2.668,51	3.129,29	672,90	1.625,91
	Total	3.043,98	5.644,31	5.267,31	6.582,76	2.145,34
2013	Homes	5.353,78	6.792,68	6.232,40	6.164,69	2.660,73
	Mulleres	1.796,28	2.411,41	3.025,90	429,46	1.637,11
	Total	3.465,50	5.734,26	5.284,73	5.625,04	2.057,75

Táboa 46. Incidencia do total dos accidentes segundo sector e sexo, anos 2009 ao 2013.

Gráficos de incidencia




Gráfico 25. Incidencia dos accidentes por sectores, anos 2004 ao 2008.




Gráfico 26. Incidencia dos accidentes por sectores, anos 2009 ao 2013.




Gráfico 27. Incidencia dos accidentes dos homes por sectores, anos 2009 ao 2013.




Gráfico 28. Incidencia dos accidentes das mulleres por sectores, anos 2009 ao 2013.




Gráfico 29. Incidencia dos accidentes graves segundo sector, anos 2004 ao 2008.




Gráfico 30. Incidencia dos accidentes graves segundo sector, anos 2009 ao 2013.




Gráfico 31. Incidencia dos accidentes mortais segundo sector, anos 2004 ao 2008.




Gráfico 32. Incidencia dos accidentes mortais segundo sector, anos 2009 ao 2013.




Gráfico 33. Incidencia dos accidentes graves nos homes segundo sector, anos 2009-2013.




Gráfico 34. Incidencia dos accidentes graves nas mulleres segundo sector, anos 2009-2013.




Gráfico 35. Incidencia dos accidentes mortais nos homes segundo sector, anos 2009-2013.




Gráfico 36. Incidencia dos accidentes mortais nas mulleres segundo sector, anos 2009-2013.

Segundo idade

Nas táboas da [47](#) á [54](#) detállanse os datos dos accidentes laborais segundo os grupos de idade entre os anos 2004 e 2013. Desagréganse segundo o sexo os datos do ano 2009 ao 2013.

Os grupos de idade das táboas son os que aparecen nos anuarios do Issga, grupos que son moi similares aos doutras publicacións, tales como os anuarios do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e os datos de afiliación da TGSS.

Nas táboas da [47](#) á [50](#) móstranse os datos dos accidentes segundo a súa gravidade (leves, graves, mortais) e o total, cunha táboa para cada un destes grupos, entre os anos 2004 e 2008. É importante comentar o baixo número de accidentes dos traballadores menores de 16 anos e maiores de 65 que fai difícil establecer unha tendencia nestes grupos de idade e que dado o tamén baixo número de afiliados nestas idades poden dar resultados rechamantes nos cálculos de taxas ou incidencias.

Da [táboa 47](#), que corresponde aos accidentes leves, pódese comprobar como os accidentes tenden a diminuír nestes 5 anos nos grupos de traballadores máis novos: menores de 16 anos, de 16 a 19 e de 20 a 24; mentres que a partir dos 25 anos e de forma máis clara a partir dos 35 anos, os accidentes aumentaron a partir do ano 2004.

Dos accidentes graves da [táboa 48](#) pódese obter un conclusión ben distinta ás da táboa anterior, a partir dos 20 anos, todos os grupos de idade mostran unha diminución dos accidentes neste período, con alteracións puntuais algún ano nalgúns grupos de idade, o que non desmente esta afirmación.

En canto aos accidentes mortais da [táboa 49](#), pódese dicir que nos grupos de idade de 25 a 34 anos e de 45 a 54 anos, hai unha tendencia de descenso dos accidentes, non podendo afirmalo dos demais grupos de idade, dentro da diminución xeral dos accidentes mortais que se deu entre os anos 2005 e 2008.

O total dos accidentes en cada grupo de idade móstrase na [táboa 50](#). A conclusión que se extrae dos datos totais é moi similar á que se obtén da [táboa 47](#) dos accidentes leves: os accidentes nos traballadores menores de 25 anos diminuíron e aumentaron nos maiores desta idade.

As táboas da [51](#) á [54](#) son as correspondentes aos anos 2009 ao 2013, coa diferenza respecto ás anteriores en que os accidentes se desagregan segundo o sexo do traballador. Os datos dos accidentes leves entre os anos 2009 e 2013 da [táboa 51](#) permiten obter unhas conclusións interesantes sobre a diferente evolución destes accidentes segundo o grupo de idade, dentro da diminución xeral do número de accidentes que se deu neste período:

- Entre os 16 e 19 anos, non se pode falar de descenso dos accidentes senón a partir do ano 2011, xa que neste ano aumentan en relación ao anterior. Pódese dicir non obstante, que no conxunto destes cinco anos, a sinistralidade nos homes desta idade diminuíu nun 69,23% e nas mulleres un 51,06% para unha diminución do total do 66,94%.
- Grupos de idade de 20 a 24, 25 a 34 e 35 a 44: nestes grupos pódese falar dunha tendencia clara de diminución de accidentes. Dende o 2009 os accidentes descenderon monotonamente nos homes ata o 2013; coas seguintes diminucións: de 20 a 24 anos, 67,78% nos homes e no total de homes e mulleres do 65,94%, de 25 a 34 anos, 54,83% e no total do 53,19% e de 35 a 44 anos, 41,12% nos homes e no total do 38,82%. Nas mulleres, para os grupos de idade de 25 a 34 anos, diminución do 57,93% e de 35 a 44 anos, diminución do 47,19%, os descensos no número de accidentes producíronse ano a ano, non así no grupo dos 35 a 44 anos en que o descenso se detivo no ano 2012 (dos 2.630 do 2009 aos 1.773 no 2012), subindo aos 1.856 no 2013, para un descenso no período do 29,43%.
- Entre os 45 e 54 anos, os accidentes leves diminuíron entre os homes un 41,09%. No caso das mulleres, o descenso do número de accidentes deuse entre os anos 2010 e 2012 (de 2.362 a 1.760 accidentes), volvendo aumentar no ano 2013 ata os 1.936 accidentes. No período os accidentes entre as mulleres descenderon un 14,41%, para un descenso total (homes e mulleres) do 33,95%.
- Entre os 55 e 65 anos acontece algo similar aos do grupo de idade anterior, os accidentes leves nos homes descenden monotonamente no período un 45,13%, pero os accidentes as mulleres só descenden entre os anos 2009 e 2011 volvendo aumentar a partir dese ano. Os accidentes leves entre as mulleres aumentan no período un 6,93%, para unha diminución total do 31,94%.

Na [táboa 52](#) detállanse os accidentes graves entre os anos 2009 e 2013, a evolución dos accidentes graves é distinto dependendo dos grupos de idade e o sexo:

- Entre os 20 e 24 anos, os accidentes graves entre os homes diminuíron a partir do ano 2012, cunha diminución no período do 40,00% e unha diminución do total de homes e mulleres do 42,86%.
- Entre os 25 e 34 anos, os accidentes diminuíron a partir do ano 2010, manténdose en cifras similares entre as mulleres dende o 2011. A diminución de accidentes no período entre os homes foi do 36,25% e entre as mulleres do 30,00%, para unha diminución total do 35,56%.
- No grupo de idade de 35 a 44 anos, a evolución do número de accidentes graves non está clara, despois de producirse altibaixos no período. Os accidentes graves descenderon tanto entre os homes como nas mulleres entre os anos 2012 e 2013; cunhas diminucións nestes 5 anos do 25,00% entre os homes, do 31,25% entre as mulleres e en total do 25,78%.
- Entre os 45 e 54 anos, os accidentes graves nos homes descenderon monotonamente entre o 2009 e o 2013 un 33,78%. Entre as mulleres o descenso aconteceu entre os anos 2009 (30) e 2012 (22), aumentando os accidentes no ano 2013 (34). A porcentaxe de variación dos accidentes graves nas mulleres foi nestes 5 anos de +13,33% e do total de homes e mulleres de -25,84%.
- Entre os 55 e 65 anos, neste período os accidentes graves nas mulleres experimentaron altibaixos, do ano 2009 (29) ao 2010 (38) os accidentes aumentaron, volvendo de novo a aumentar entre o 2011 (19) e 2013 (40), para unha variación nos 5 anos de +37,93%. A variación dos accidentes entre os homes foi de -14,94%, cunha variación do total de accidentes de homes e mulleres de -1,72%.

Os datos dos accidentes mortais entre os anos 2009 e 2013 móstranse na [táboa 53](#). Só se comentan aqueles que se consideraron de certa relevancia. Dos diferentes grupos de idade pódese dicir:

- Entre os 25 e 34 anos, os accidentes entre os homes foron no ano 2013 (4) os máis baixos do período, con valores que variaron dende os 6 do ano 2009, pasando polos 10 do 2010 aos 5 dos anos 2011 e 2012.
- No grupo dos 35 aos 44 anos, os accidentes mortais diminuíron notablemente dende os 18 accidentes do ano 2009. O número máis baixo de accidentes foi no ano 2010 con 9, estando entre os anos 2011 e 2013 o número de mortais entre 11 e 12.
- No grupo dos 45 a 54 é onde máis accidentes mortais hai entre os homes, entre o ano 2009 (29) e o 2012 (13) os accidentes mortais descenderon notablemente neste grupo de idade. Non obstante no ano 2013, os accidentes mortais entre os homes aumentaron ata os 16 accidentes.

- Entre os 55 e 65 anos, os accidentes mortais descenderon entre os anos 2009 (17) e 2013 (12). É de destacar, dentro do baixo número de accidentes mortais entre as mulleres, o número de accidentes neste grupo de idade no ano 2013 (3), o máis elevado dentro de todos os grupos de idade nestes 5 anos.

Na [táboa 54](#) detállase o total dos accidentes por grupo de idade e sexo acontecidos nestes 5 anos. A evolución do total dos accidentes non difire significativamente do comentado para os accidentes leves da [táboa 51](#). Máis detalles sobre a evolución do total dos accidentes pódese obter dos [datos das taxas](#) de accidentes e os [gráficos](#) correspondentes.

Nas táboas da [55](#) á [68](#) indícanse os datos relacionados coas [taxas de accidentes](#). Sendo os datos das táboas 55 e [56](#) os correspondentes aos traballadores afiliados á Seguridade Social ao non dispoñer dos datos dos afiliados cotizantes das continxencias profesionais. Os devanditos datos obtivéronse da páxina do [I.G.E.](#) de datos da [T.G.S.S.](#), nos cales se agrupan os traballadores menores de 16 anos no grupo de 16 a 19 anos formando o grupo de ata 19 anos.

Nas táboas [57](#) e [58](#) móstranse as taxas do total dos accidentes acontecidos entre os anos 2004 ao 2008 e 2009 ao 2013 respectivamente. Tanto nunha táboa coma noutra a conclusión é a mesma respecto á sinistralidade dos diferentes grupos de idade: a taxa de accidentes é maior canto menor é a idade dos traballadores. Na [táboa 57](#) apréciase un descenso na taxa de accidentes nos grupos de idade ata os 35 anos entre 2004 e 2008, no grupo de traballadores de 35 a 44 anos non se aprecia variación significativa, e a partir dos 45 anos compróbase que a taxa de accidentes se incrementa. Na [táboa 58](#) pódese comprobar a caída das taxas dos accidentes en comparación coa táboa 57, caída que é maior cando máis mozos son os traballadores. Só comentar como unha anomalía os datos dos anos 2009 e 2010 para o grupo de traballadores de ata 19 anos (son anormalmente baixos) e que no grupo de 55 a 65 anos, a taxa de accidentes do ano 2013 aumenta en relación ao ano anterior (dentro do descenso que se produce nestes 5 anos).

As taxas de accidentes de homes e mulleres dos anos 2009 ao 2013 detállanse nas táboas [59](#) e [60](#):

- A diminución nos homes é xeneral nestes anos en todos os grupos de idade, salvo os valores anormalmente baixos, xa comentados, dos anos 2009 e 2010 no grupo de ata 19 anos. Sendo o descenso maior no grupo de 20 a 24 anos, no que a taxa de accidentes nestes 5

anos descende un 48,40% (de 8.270,07 no 2009 a 4267,33 no 2013), descendendo nos grupos de idade entre os 25 e 65 anos entre un 37% e un 41%.

- Na [táboa 60](#), da taxa total de accidentes das mulleres, repítese a anomalía dos valores anormalmente baixos para o grupo de traballadoras ata 19 anos entre 2009 e 2010. É manifesto a diminución da variación de taxa de accidentes nos distintos grupos segundo aumenta a idade das traballadoras: no grupo de 20 a 24 anos, a taxa de accidentes nestes 5 anos descende un 38,53%, no de 25 a 34, un 35,33%, no de 35 a 44 anos, un 31,86%, no 45 a 54 anos, un 18,82% e no grupo de 55 a 65 anos prodúcese un aumento de aproximadamente un 0,2%.

Nas táboas [61](#) e [62](#) móstranse os datos do total dos accidentes graves entre os anos 2004 e 2013. Pódese comprobar como a partir dos 25 anos, a taxa de accidentes graves aumenta coa idade. A diminución da taxa de accidentes entre os anos 2013 e 2009 é inferior á que se produce entre o 2008 e o 2004, dándose o caso para o grupo de idade de 55 a 65 anos que o dato do ano 2013 sexa moi similar aos dos anos 2008 e 2009.

As taxas de accidentes graves de homes e mulleres entre os anos 2009 e 2013 detállanse nas táboas [63](#) e [64](#). Ademais do feito que o número de accidentes graves é superior nos homes que nas mulleres (o que se reflicte nas taxas de accidentes), a taxa de accidentes tanto en homes coma en mulleres aumenta a partir dos 25 anos, cunha salvidade, o do grupo de traballadores masculinos entre 20 e 24 anos cuxa taxa de accidentes graves iguala ou supera aos do grupo de 35 a 44 anos.

Nas táboas [65](#) e [66](#) móstranse as taxas de accidentes mortais entre os anos 2004 e 2013. A pesar das flutuacións que se produciron en determinados anos, pódese determinar que en xeral, a taxa de accidentes mortais aumenta coa idade a partir dos 25 anos, sendo máis doado apreciálo nas [gráficas](#). Tamén se pode comprobar que as diferenzas dos valores das taxas de accidentes entre o grupo de 55 a 65 anos en relación co grupo de 45 a 54 diminuíron entre os anos 2009 a 2013 en relación ao período do 2004 ao 2008.

As dúas últimas táboas, [67](#) e [68](#), corresponden ás taxas de accidentes mortais de homes e mulleres entre os anos 2009 e 2013. As taxas de accidentes mortais nos homes incrementáronse notablemente a partir dos 35 anos, sendo lixeiramente superiores no grupo de os 45 a 54 anos que no grupo de 55 a 65. As taxas de accidentes descenderon, en xeral, nos grupos de idade entre os 35 e 65 anos entre o 2009 e o 2013. Da

[táboa 68](#), correspondente ás mulleres, indicar que é entre os 45 e 65, cando as taxas de accidentabilidade adquiren significancia, maior no grupo de idade entre 55 e 65, onde se alcanza no ano 2013 o valor máis alto de todos os grupos de idade nestes 5 anos.

[Os gráficos](#) do [37](#) ao [48](#) expresan de forma máis visual os datos das táboas anteriores sobre as taxas de accidentes. Xa que o principal sobre a evolución dos accidentes xa se comentou, comentarase brevemente só aspectos destacables dos gráficos.

Nos gráficos [37](#) e [38](#) apréciase claramente como as taxas de accidentes totais son máis elevadas canto máis mozos son os traballadores. Entre o 2004 e o 2008, estas taxas aumentaron lixeiramente para os traballadores maiores de 35 anos e descenderon máis apreciablemente nos menores. O descenso entre os anos 2009 e 2013 é xeneral en todos os grupos de idade, non afectando a esta conclusión a anomalía dos anos 2009 e 2010 nos datos dos traballadores ata 19 anos. Tamén indicar o lixeiro repunte no ano 2013 no grupo de traballadores de 55 a 65 anos.

Obsérvase , ao fixarse nos gráficos [39](#) e [40](#), que a evolución entre o ano 2009 e o 2013 nos homes e as mulleres é distinta. Nos homes, as taxas son inversas á idade (salvo o caso xa comentado dos datos nos traballadores ata os 19 anos) e descenden monotonamente (é pouco significativo o caso dos maiores de 65 anos). O anterior non se cumpre nas mulleres, sendo por exemplo, a taxa de accidentes do grupo de traballadoras de 45 a 54 anos sempre superior ás de entre 25 e 34, ou que dende o 2011, a taxa de accidentes para o grupo de idade entre 55 e 65 anos aumente.

Nos gráficos das taxas de accidentes graves entre os anos 2004 e 2013, gráficos [41](#) e [42](#), pódese destacar a evolución sen fluctuacións nestes anos do grupo de 45 a 54 anos ao comparala coa dos grupos de idade de 20 a 24 anos e de 55 a 65 anos que tiveron valores moi próximos algúns anos.

Nos gráficos [43](#) e [44](#) pódese observar a evolución dos accidentes graves de homes e mulleres entre os anos 2009 e 2013, ao igual que nos gráficos 41 e 42 é interesante fixarse na evolución do grupo de idade de 45 a 54 anos (tanto en homes coma en mulleres) e comparala cos demais, especialmente cos grupos de 20 a 24 e de 55 a 65 nos homes e de 35 a 44 e de 55 a 65 nas mulleres. Obsérvase como os accidentes graves tenden a diminuír en practicamente todos os grupos de idade nos homes, mentres que nos grupos de maior taxa nas mulleres tenden a aumentar.

Nas últimas 4 gráficas, [45](#) e [46](#) para o total dos mortais entre 2004 e 2013 e [47](#) e [48](#) para os mortais de homes e mulleres entre o ano 2009 e o 2013, é de destacar a evolución dos grupos de idade entre 45 e 65 anos, que son os que teñen unha taxa de accidentes máis elevada.

Datos dos accidentes

Accidentes leves	Idade							
	Menor de 16	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2004	n.c.	1.753	6.602	14.934	11.406	7.918	3.506	61
2005	17	1.682	6.344	15.057	11.698	8.291	3.764	55
2006	18	1.669	6.044	15.546	11.969	8.595	3.635	68
2007	11	1.666	6.358	16.402	13.022	9.385	4.030	65
2008	6	1.360	5.548	15.675	13.204	9.511	4.235	82

Táboa 47. Accidentes leves segundo grupos de idade, 2004 a 2008.

Accidentes graves	Idade							
	Menor de 16	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2004	n.c.	23	77	246	267	274	191	4
2005	1	26	87	209	252	264	156	6
2006	0	19	64	226	235	268	136	1
2007	0	23	68	172	213	222	133	3
2008	0	20	52	154	167	192	113	2

Táboa 48. Accidentes graves segundo grupos de idade, 2004 a 2008.

Accidentes mortais	Idade							
	Menor de 16	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2004	n.c.	0	3	16	23	26	19	0
2005	0	2	7	26	18	27	22	0
2006	0	1	6	15	27	16	13	0
2007	0	4	6	7	22	23	12	1
2008	0	1	2	8	18	20	22	1

Táboa 49. Accidentes mortais segundo grupos de idade, 2004 a 2008.

Accidentes totais	Idade							
	Menor de 16	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2004	n.c.	1.776	6.682	15.196	11.696	8.218	3.716	65
2005	18	1.710	6.438	15.292	11.968	8.582	3.942	61
2006	18	1.689	6.114	15.787	12.231	8.879	3.784	69
2007	11	1.693	6.432	16.581	13.257	9.630	4.175	69
2008	6	1.381	5.602	15.837	13.389	9.723	4.370	85

Táboa 50. Accidentes totais segundo grupos de idade, 2004 a 2008.

Accidentes leves		Idade							
		Menor de 16	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2009	Homes	7	325	2.523	9.159	8.376	6.191	3.149	51
	Mulleres	1	47	580	2.507	2.630	2.262	1.068	18
	Total	8	372	3.103	11.666	11.006	8.453	4.217	69
2010	Homes	5	207	1.983	8.182	8.087	5.903	2.920	36
	Mulleres	0	38	445	2.199	2.541	2.362	1.133	21
	Total	5	245	2.428	10.381	10.628	8.265	4.053	57
2011	Homes	2	297	1.797	6.795	6.826	4.988	2.198	23
	Mulleres	0	59	421	1.924	2.235	2.170	880	6
	Total	2	356	2.218	8.719	9.061	7.158	3.078	29
2012	Homes	0	150	1.072	4.614	5.288	3.999	1.778	11
	Mulleres	0	37	289	1.435	1.773	1.760	911	16
	Total	0	187	1.361	6.049	7.061	5.759	2.689	27
2013	Homes	1	100	813	4.137	4.932	3.647	1.728	12
	Mulleres	1	23	244	1.324	1.856	1.936	1.142	9
	Total	2	123	1.057	5.461	6.788	5.583	2.870	21

Táboa 51. Accidentes leves segundo grupos de idade e sexo, 2009 a 2013.

Accidentes graves		Idade							
		Menor de 16	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2009	Homes	0	4	25	80	112	148	87	1
	Mulleres	1	1	3	10	16	30	29	2
	Total	1	5	28	90	128	178	116	3
2010	Homes	0	1	22	93	142	146	102	1
	Mulleres	0	0	1	11	19	28	38	2
	Total	0	1	23	104	161	174	140	3
2011	Homes	0	4	23	70	102	131	76	2
	Mulleres	0	0	1	7	12	26	19	0
	Total	0	4	24	77	114	157	95	2
2012	Homes	0	5	15	63	113	129	83	2
	Mulleres	0	0	0	9	19	22	25	0
	Total	0	5	15	72	132	151	108	2
2013	Homes	0	1	15	51	84	98	74	1
	Mulleres	0	0	1	7	11	34	40	1
	Total	0	1	16	58	95	132	114	2

Táboa 52. Accidentes graves segundo grupos de idade e sexo, 2009 a 2013.

Accidentes mortais		Idade							
		Menor de 16	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2009	Homes	0	0	1	6	18	29	16	0
	Mulleres	0	0	0	0	1	2	1	0
	Total	0	0	1	6	19	31	17	0
2010	Homes	0	0	1	10	9	28	14	1
	Mulleres	0	0	0	0	0	1	1	0
	Total	0	0	1	10	9	29	15	1
2011	Homes	0	0	2	5	11	21	12	0
	Mulleres	0	0	0	1	0	0	1	0
	Total	0	0	2	6	11	21	13	0
2012	Homes	0	0	1	5	12	13	13	0
	Mulleres	0	0	0	1	0	0	0	0
	Total	0	0	1	6	12	13	13	0
2013	Homes	0	0	1	4	11	16	9	1
	Mulleres	0	0	0	0	1	1	3	0
	Total	0	0	1	4	12	17	12	1

Táboa 53. Accidentes mortais segundo grupos de idade e sexo, 2009 a 2013.

Accidentes totais		Idade							
		Menor de 16	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2009	Homes	7	329	2.549	9.245	8.506	6.368	3.252	52
	Mulleres	2	48	583	2.517	2.647	2.294	1.098	20
	Total	9	377	3.132	11.762	11.153	8.662	4.350	72
2010	Homes	5	208	2.006	8.285	8.238	6.077	3.036	38
	Mulleres	0	38	446	2.210	2.560	2.391	1.172	23
	Total	5	246	2.452	10.495	10.798	8.468	4.208	61
2011	Homes	2	301	1.822	6.870	6.939	5.140	2.286	25
	Mulleres	0	59	422	1.932	2.247	2.196	900	6
	Total	2	360	2.244	8.802	9.186	7.336	3.186	31
2012	Homes	0	155	1.088	4.682	5.413	4.141	1.874	13
	Mulleres	0	37	289	1.445	1.792	1.782	936	16
	Total	0	192	1.377	6.127	7.205	5.923	2.810	29
2013	Homes	1	101	829	4.192	5.027	3.761	1.811	14
	Mulleres	1	23	245	1.331	1.868	1.971	1.185	10
	Total	2	124	1.074	5.523	6.895	5.732	2.996	24

Táboa 54. Accidentes totais segundo grupos de idade e sexo, 2009 a 2013.

Datos de taxas

	Ata 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2004	14.349	75.689	272.497	258.192	210.976	131.263	6.690
2005	13.946	74.394	282.109	266.477	218.536	135.398	6.607
2006	14.315	73.783	292.864	276.903	228.943	138.727	6.867
2007	14.729	73.787	301.097	289.666	239.682	143.921	7.165
2008	12.980	67.868	296.817	295.411	244.900	146.821	7.681

Táboa 55. Afiliacións a seguridade social segundo grupos de idade, 2004 a 2008.

		Ata 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2009	H	5.950	30.822	144.000	159.389	136.036	82.927	4.322
	M	3.073	25.352	130.503	130.708	108.159	64.537	3.808
	T	9.023	56.174	274.503	290.097	244.195	147.464	8.130
2010	H	4.443	26.420	134.049	157.294	134.557	81.873	4.381
	M	2.503	22.538	123.982	132.697	111.212	67.020	4.459
	T	6.946	48.958	258.031	289.991	245.769	148.893	8.840
2011	H	3.301	23.185	123.732	155.079	132.109	80.261	4.317
	M	2.086	20.252	116.837	134.065	112.308	67.990	4.746
	T	5.387	43.437	240.569	289.144	244.417	148.251	9.063
2012	H	2.814	21.323	117.470	153.358	130.417	79.421	4.224
	M	1.791	18.847	112.642	135.588	114.204	68.996	4.750
	T	4.604	40.170	230.112	288.946	244.621	148.417	8.974
2013	H	2.348	19.427	109.741	150.661	128.752	77.991	3.955
	M	1.526	17.332	106.721	135.364	114.473	69.529	4.388
	T	3.874	36.759	216.462	286.026	243.225	147.520	8.342

Táboa 56. Afiliacións a seguridade social segundo grupos de idade, anos 2009 a 2013.

Taxa Accd. Totais	Idade						
	Ata 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2004	12.377,17	8.828,23	5.576,58	4.529,96	3.895,23	2.830,96	971,60
2005	12.390,65	8.653,92	5.420,60	4.491,19	3.927,04	2.911,42	923,26
2006	11.924,55	8.286,46	5.390,56	4.417,07	3.878,26	2.727,66	1.004,81
2007	11.569,01	8.716,98	5.506,86	4.576,65	4.017,82	2.900,90	963,01
2008	10.685,67	8.254,26	5.335,61	4.532,33	3.970,19	2.976,41	1.106,63

Táboa 57. Taxa dos accidentes totais segundo grupos de idade, de 2004 a 2008.

Taxa Accd. Totais	Idade						
	Ata 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2009	4.277,96	5.575,53	4.284,83	3.844,58	3.547,17	2.949,87	885,61
2010	3.613,59	5.008,37	4.067,34	3.723,56	3.445,51	2.826,19	690,05
2011	6.719,88	5.166,10	3.658,83	3.176,96	3.001,43	2.149,06	342,05
2012	4.170,29	3.427,97	2.662,62	2.493,55	2.421,30	1.893,31	323,17
2013	3.252,80	2.921,73	2.551,49	2.410,62	2.356,66	2.030,91	287,69

Táboa 58. Taxa dos accidentes totais segundo grupos de idade, de 2009 a 2013.

Taxa Total Accd. Homes	Idade						
	Ata 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2009	5.647,06	8.270,07	6.420,14	5.336,63	4.681,11	3.921,52	1.203,15
2010	4.794,06	7.592,73	6.180,58	5.237,33	4.516,30	3.708,18	867,38
2011	9.179,04	7.858,53	5.552,32	4.474,49	3.890,73	2.848,21	579,11
2012	5.509,15	5.102,59	3.985,72	3.529,66	3.175,20	2.359,58	307,80
2013	4.343,97	4.267,33	3.819,91	3.336,62	2.921,11	2.322,07	354,01

Táboa 59. Taxa dos accidentes totais dos homes segundo grupos de idade, de 2009 a 2013.

Taxa Total Accd. Mulleres	Idade						
	Ata 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2009	1.627,07	2.299,62	1.928,69	2.025,12	2.120,95	1.701,35	525,21
2010	1.518,18	1.978,88	1.782,52	1.929,21	2.149,95	1.748,73	515,81
2011	2.828,38	2.083,74	1.653,59	1.676,05	1.955,34	1.323,72	126,42
2012	2.066,46	1.533,40	1.282,83	1.321,65	1.560,37	1.356,60	336,84
2013	1.573,25	1.413,54	1.247,18	1.379,98	1.721,81	1.704,33	227,92

Táboa 60. Taxa dos accidentes totais das mulleres segundo grupos de idade, de 2009 a 2013.

Taxa Accd. Graves Totais	Idade						
	Ata 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2004	160,29	101,73	90,28	103,41	129,87	145,51	59,79
2005	193,60	116,94	74,08	94,57	120,80	115,22	90,81
2006	132,73	86,74	77,17	84,87	117,06	98,03	14,56
2007	156,15	92,16	57,12	73,53	92,62	92,41	41,87
2008	154,08	76,62	51,88	56,53	78,40	76,96	26,04

Táboa 61. Taxa dos accidentes graves totais segundo grupos de idade, de 2004 a 2008.

Taxa Accd. Graves Totais	Idade						
	Ata 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2009	66,50	49,85	32,79	44,12	72,89	78,66	36,90
2010	14,40	46,98	40,31	55,52	70,80	94,03	33,94
2011	74,25	55,25	32,01	39,43	64,23	64,08	22,07
2012	108,60	37,34	31,29	45,68	61,73	72,77	22,29
2013	25,82	43,53	26,79	33,21	54,27	77,28	23,97

Táboa 62. Taxa dos accidentes graves totais segundo grupos de idade, de 2009 a 2013.

Taxa Accd. Graves Homes	Idade						
	Ata 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2009	67,23	81,11	55,56	70,27	108,79	104,91	23,14
2010	22,51	83,27	69,38	90,28	108,50	124,58	22,83
2011	121,18	99,20	56,57	65,77	99,16	94,69	46,33
2012	177,71	70,35	53,63	73,68	98,91	104,51	47,35
2013	42,59	77,21	46,47	55,75	76,12	94,88	25,29

Táboa 63. Taxa dos accidentes graves totais dos homes segundo grupos de idade, de 2009 a 2013.

Taxa Accd. Graves Mulleres	Idade						
	Ata 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2009	65,08	11,83	7,66	12,24	27,74	44,94	52,52
2010	0,00	4,44	8,87	14,32	25,18	56,70	44,85
2011	0,00	4,94	5,99	8,95	23,15	27,95	0,00
2012	0,00	0,00	7,99	14,01	19,26	36,23	0,00
2013	0,00	5,77	6,56	8,13	29,70	57,53	22,79

Táboa 64. Taxa dos accidentes graves totais das mulleres segundo grupos de idade, de 2009 a 2013.

Taxa Accd. Mortais	Idade						
	Ata 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2004	0,00	3,96	5,87	8,91	12,32	14,47	0,00
2005	14,34	9,41	9,22	6,75	12,35	16,25	0,00
2006	6,99	8,13	5,12	9,75	6,99	9,37	0,00
2007	27,16	8,13	2,32	7,59	9,60	8,34	13,96
2008	7,70	2,95	2,70	6,09	8,17	14,98	13,02

Táboa 65. Taxa dos accidentes mortais totais segundo grupos de idade, de 2004 a 2008.

Taxa Accd. Mortais Totais	Idade						
	Ata 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2009	0,00	1,78	2,19	6,55	12,69	11,53	0,00
2010	0,00	2,04	3,88	3,10	11,80	10,07	11,31
2011	0,00	4,60	2,49	3,80	8,59	8,77	0,00
2012	0,00	2,49	2,61	4,15	5,31	8,76	0,00
2013	0,00	2,72	1,85	4,20	6,99	8,13	11,99

Táboa 66. Taxa dos accidentes mortais totais segundo grupos de idade, de 2009 a 2013.

Taxa Accd. Mortais Homes	Idade						
	Ata 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2009	0,00	3,24	4,17	11,29	21,32	19,29	0,00
2010	0,00	3,79	7,46	5,72	20,81	17,10	22,83
2011	0,00	8,63	4,04	7,09	15,90	14,95	0,00
2012	0,00	4,69	4,26	7,82	9,97	16,37	0,00
2013	0,00	5,15	3,64	7,30	12,43	11,54	25,29

Táboa 67. Taxa dos accidentes mortais dos homes segundo grupos de idade, de 2009 a 2013.

Taxa Accd. Mortais Mulleres	Idade						
	Ata 19	De 20 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 65	Maior de 65
2009	0,00	0,00	0,00	0,77	1,85	1,55	0,00
2010	0,00	0,00	0,00	0,00	0,90	1,49	0,00
2011	0,00	0,00	0,86	0,00	0,00	1,47	0,00
2012	0,00	0,00	0,89	0,00	0,00	0,00	0,00
2013	0,00	0,00	0,00	0,74	0,87	4,31	0,00

Táboa 68. Taxa dos accidentes mortais das mulleres segundo grupos de idade, de 2009 a 2013.

Gráficos de taxas




Gráfico 37. Taxa do total dos acidentes por grupos de idade, de 2004 a 2008.




Gráfico 38. Taxa do total dos acidentes por grupos de idade, de 2009 a 2013.




Gráfico 39. Taxa do total dos accidentes dos homes por grupos de idade, de 2009 a 2013.




Gráfico 40. Taxa do total dos accidentes das mulleres por grupos de idade, de 2009 a 2013.




Gráfico 41. Taxa do total dos accidentes graves por grupos de idade, de 2004 a 2008.




Gráfico 42. Taxa do total dos accidentes graves por grupos de idade, de 2009 a 2013.




Gráfico 43. Taxa dos accidentes graves dos homes por grupos de idade, de 2009 a 2013.




Gráfico 44. Taxa dos accidentes graves das mulleres por grupos de idade, de 2009 a 2013.




Gráfico 45. Taxa do total dos accidentes mortais por grupos de idade, de 2004 a 2008.




Gráfico 46. Taxa do total dos accidentes mortais por grupos de idade, de 2009 a 2013.




Gráfico 47. Taxa dos accidentes mortais dos homes por grupos de idade, de 2009 a 2013.




Gráfico 48. Taxa dos accidentes mortais das mulleres por grupos de idade, de 2009 a 2013.

Nacionalidade

Os accidentes dos traballadores españois e estranxeiros detállanse a continuación nas táboas da [69](#) á [76](#). O primeiro grupo de táboas corresponde aos accidentes leves, graves, mortais e o total dos accidentes entre os anos 2005 e 2008. Nestas catro táboas da 69 á [72](#) pódese observar como a porcentaxe de accidentes dos traballadores estranxeiros respecto aos españois aumenta nestes catro anos e canto máis grave sexan os accidentes maior é a porcentaxe dos traballadores estranxeiros respecto aos españois.

O seguinte grupo de táboas da apartado [Datos dos accidentes](#), corresponde aos acontecidos entre os anos 2009 e 2013, táboas [73](#) a 76, onde ademais da gravidade do accidente se considera o sexo dos traballadores.

Entre os anos 2009 e 2013 os accidentes leves e o total dos accidentes descenderon nos traballadores españois, non así nas traballadoras, nas que no ano 2013 se incrementaron en relación ao ano anterior. Dende o ano 2010 ao 2013 o número dos accidentes leves e do total dos accidentes dos traballadores estranxeiros, tanto homes coma mulleres descendeu ano tras ano e en maior proporción que os nacionais. No que se refire á gravidade dos accidentes, o conxunto dos traballadores estranxeiros seguen tendo unha porcentaxe maior de accidentes mortais que de leves en comparación cos españois, estando a porcentaxe de accidentes graves en valores similares dos leves.

Os accidentes graves e mortais das traballadoras estranxeiras son tan baixos nestes anos que non permiten determinar a evolución deles.

Dado que non se dispoñen de datos de traballadores cotizantes por nacionalidade para Galicia da maioría dos anos do estudo, utilizáronse os datos de *Ocupados por nacionalidade e sexo* da [Enquisa de Poboación Activa \(E.P.A.\)](#) dispoñibles na web do [I.N.E.](#), para que dean unha visión complementaria á indicada nas táboas do apartado anterior.

As táboas [77](#) e [78](#) mostran os traballadores ocupados, españois e estranxeiros da E.P.A., na táboa 77 entre os anos 2005 ao 2008 e a 78 entre 2009 e 2013, nesta última táboa desagreganse os datos por sexo. Con estes datos e os dos accidentes obtéñense as taxas de accidentes das táboas [79](#) á [82](#).

Nas táboas [79](#) e [80](#) obsérvase como os valores máximos das taxas de accidentes tanto de traballadores nacionais como estranxeiros se deron no ano 2007, descendendo a partir de entón, salvo polo lixeiro aumento no caso dos estranxeiros do ano 2010, sendo o descenso máis acusado nos traballadores estranxeiros que nos españois, de xeito que no 2013 dáse a menor diferenza entre as taxas de accidentes do período 2005-2013.

Nas táboas 81 e 82 detállanse os datos das taxas entre os anos 2009 e 2013 de traballadores (homes e mulleres) tanto nacionais coma estranxeiros. As taxas de accidentes de homes e mulleres son moi distintas e máis no caso dos estranxeiros. No caso dos homes, [táboa 81](#), as taxas dos estranxeiros son moi superiores ás dos nacionais aínda que diminuíron as diferenzas dende o 2010. Nas mulleres, [táboa 82](#), son moi inferiores ás dos homes e as das traballadoras estranxeiras inferiores ás nacionais, dándose o caso que as diferenzas que se reducirán moito no 2011 aumentaron dende entón.

Os gráficos do [49](#) ao [52](#) representan os datos das táboas anteriores. No gráfico 49 obsérvase como a diferenza entre as taxas do total dos traballadores estranxeiros aumenta entre os anos 2005 e 2007, sendo menor en anos posteriores, como se reflicte no [gráfico 50](#), alcanzando a menor diferenza entre ambas as dúas taxas no 2013.

A evolución das taxas dos traballadores nacionais e estranxeiros dende o ano 2009 ao 2013 represéntanse no [gráfico 51](#), para os homes, e no [gráfico 52](#) para as mulleres. É evidente tanto a maior taxa de accidentes dos traballadores estranxeiros como a moita maior diferenza cos nacionais se a comparamos coas taxas das traballadoras.

Datos dos accidentes

Accidentes leves	Nacionalidade		% Estranxeiros Españois
	Españois	Estranxeiros	
2005	45.428	1.480	3,26%
2006	45.276	2.268	5,01%
2007	47.772	3.167	6,63%
2008	46.276	3.345	7,23%

Táboa 69. Accidentes leves segundo nacionalidade, 2005 a 2008.

Accidentes graves	Nacionalidade		% Estranxeiros Españois
	Españois	estranxeiros	
2005	969	32	3,30%
2006	902	47	5,21%
2007	771	63	8,17%
2008	645	55	8,53%

Táboa 70. Accidentes graves segundo nacionalidade, 2005 a 2008.

Accidentes mortais	Nacionalidade		% Estranxeiros Españois
	Españois	estranxeiros	
2005	91	11	12,09%
2006	71	7	9,86%
2007	68	7	10,29%
2008	65	7	10,77%

Táboa 71. Accidentes mortais segundo nacionalidade, 2005 a 2008

Accidentes totais	Nacionalidade		% Estranxeiros Españois
	Españois	estranxeiros	
2005	46.488	1.523	3,28%
2006	46.249	2.322	5,02%
2007	48.611	3.237	6,66%
2008	46.986	3.407	7,25%

Táboa 72. Accidentes totais segundo nacionalidade, 2005 a 2008

Accidentes leves		Nacionalidade		% Estranxeiros Españois
		Españois	Estranxeiros	
2009	Homes	27.612	2.169	7,86%
	Mulleres	8.806	307	3,49%
	Total	36.418	2.476	6,80%
2010	Homes	25.331	1.992	7,86%
	Mulleres	8.361	378	4,52%
	Total	33.692	2.370	7,03%
2011	Homes	21.385	1.541	7,21%
	Mulleres	7.410	285	3,85%
	Total	28.795	1.826	6,34%
2012	Homes	15.864	1.048	6,61%
	Mulleres	6.012	209	3,48%
	Total	21.876	1.257	5,75%
2013	Homes	14.434	936	6,48%
	Mulleres	6.339	196	3,09%
	Total	20.773	1.132	5,45%

Táboa 73. Accidentes leves segundo nacionalidade e sexo, 2009 a 2013

Accidentes graves		Nacionalidade		% Estranxeiros Españois
		Españois	Estranxeiros	
2009	Homes	427	30	7,03%
	Mulleres	92	0	0,00%
	Total	519	30	5,78%
2010	Homes	473	34	7,19%
	Mulleres	99	0	0,00%
	Total	572	34	5,94%
2011	Homes	376	32	8,51%
	Mulleres	65	0	0,00%
	Total	441	32	7,26%
2012	Homes	387	23	5,94%
	Mulleres	74	1	1,35%
	Total	461	24	5,21%
2013	Homes	303	21	6,93%
	Mulleres	91	3	3,30%
	Total	394	24	6,09%

Táboa 74. Accidentes graves segundo nacionalidade e sexo, 2009 a 2013

Accidentes mortais		Nacionalidade		% Estranxeiros Españois
		Españois	Estranxeiros	
2009	Homes	60	10	16,67%
	Mulleres	4	0	0,00%
	Total	64	10	15,63%
2010	Homes	58	5	8,62%
	Mulleres	2	0	0,00%
	Total	60	5	8,33%
2011	Homes	46	5	10,87%
	Mulleres	2	0	0,00%
	Total	48	5	10,42%
2012	Homes	40	4	10,00%
	Mulleres	1	0	0,00%
	Total	41	4	9,76%
2013	Homes	37	5	13,51%
	Mulleres	4	1	25,00%
	Total	41	6	14,63%

Táboa 75. Accidentes mortais segundo nacionalidade e sexo, 2009 a 2013

Accidentes totais		Nacionalidade		% Estranxeiros Españois
		Españois	Estranxeiros	
2009	Homes	28.099	2.209	7,86%
	Mulleres	8.902	307	3,45%
	Total	37.001	2.516	6,80%
2010	Homes	25.862	2.031	7,85%
	Mulleres	8.462	378	4,47%
	Total	34.324	2.409	7,02%
2011	Homes	21.807	1.578	7,24%
	Mulleres	7.477	285	3,81%
	Total	29.284	1.863	6,36%
2012	Homes	16.291	1.075	6,60%
	Mulleres	6.087	210	3,45%
	Total	22.378	1.285	5,74%
2013	Homes	14.774	962	6,51%
	Mulleres	6.434	200	3,11%
	Total	21.208	1.162	5,48%

Táboa 76. Accidentes totais segundo nacionalidade e sexo, 2009 a 2013

Datos de taxas

	Ocupados	
	Españois	Estranxeiros
2005	1.102.500	30.275
2006	1.125.850	39.025
2007	1.148.150	45.125
2008	1.147.525	53.675

Táboa 77. Activos 2005-2008, datos E.P.A.

	Taxa Total Accd.	
	Españois	Estranxeiros
2005	4.216,60	5.030,55
2006	4.107,92	5.950,03
2007	4.233,85	7.173,41
2008	4.094,55	6.347,46

Táboa 79. Taxas de accidentes totais 2005-2008

	Taxa Total Accd.	
	Españois	Estranxeiros
2009	3.357,77	4.707,20
2010	3.254,46	4.837,35
2011	2.797,75	4.370,67
2012	2.227,89	3.014,66
2013	2.193,29	2.947,37

Táboa 80. Taxas de accidentes totais 2009-2013

	Taxa Total Accd. Homes	
	Españois	Estranxeiros
2009	4.666,06	7.717,03
2010	4.484,29	7.841,70
2011	3.865,12	7.044,64
2012	3.051,89	5.186,97
2013	2.890,91	4.927,02

Táboa 81. Taxas de accd. totais homes 2009-2013

	Taxa Total Accd. Mulleres	
	Españolas	Estranxeiras
2009	1.781,29	1.236,66
2010	1.770,48	1.581,59
2011	1.549,64	1.409,15
2012	1.293,32	958,90
2013	1.411,27	1.005,03

Táboa 82. Taxas de accd. totais mulleres 2009-2013

		Ocupados	
		Españois	Estranxeiros
2009	Homes	602.200	28.625
	Mulleres	499.750	24.825
	Total	1.101.950	53.450
2010	Homes	576.725	25.900
	Mulleres	477.950	23.900
	Total	1.054.675	49.800
2011	Homes	564.200	22.400
	Mulleres	482.500	20.225
	Total	1.046.700	42.625
2012	Homes	533.800	20.725
	Mulleres	470.650	21.900
	Total	1.004.450	42.625
2013	Homes	511.050	19.525
	Mulleres	455.900	19.900
	Total	966.950	39.425

Táboa 78. Activos 2009-2013, datos E.P.A.

Gráficos de taxas




Gráfico 49. Taxa dos accidentes totais 2005-2008, datos da E.P.A.




Gráfico 50. Taxa dos accidentes totais 2009-2013, datos da E.P.A.




Gráfico 51. Taxa dos accidentes totais dos homes 2009-2013, datos da E.P.A.




Gráfico 52. Taxa dos accidentes totais dos homes 2009-2013, datos da E.P.A.

Forma de contacto

Nas [táboas 83 á 86](#) detállanse os accidentes segundo a súa forma de contacto entre os anos 2004 e 2008 correspondendo as tres primeiras a un grao da lesión (leves, graves ou mortais) e a [86](#) ao total dos accidentes en cada ano. As táboas [88 á 91](#) mostran os datos entre os anos 2009 e 2013 desagregados polo sexo dos accidentados.

A [táboa 87](#) corresponde aos datos entre os anos 2011 e 2013 dos accidentes por *Sobreesforzos* de homes e mulleres. É de destacar que os sobreesforzos son máis do 97% dos accidentes do seu *grupo de Forma de Contacto*.

Das [táboas 86 e 91](#) os grupos de *Formas de Contacto* máis frecuentes ordenadas de maior a menor son:

- *Sobreesforzos, trauma psíquico e exposición a radiacións* que aumentaron a súa porcentaxe do total dos accidentes dende o 30,38% de 2004 ao 34,98% no 2008 e ao 36,54% no 2013.
- *Esmagamento contra obxectos inmóbiles* que no 2004 eran o 17,73% do total dos accidentes, no 2008 o 24,62% e no 2013 o 26,88%.
- *Choques ou golpes contra obxectos en movemento* que descenderon do 20,07% no ano 2004 ao 17,10% no 2008 e o 16,98% no 2013.
- *Contacto con axente cortante ou punzante* que descenderon dende o 13,90% do ano 2004 ao 11,20% no 2008 e o 10,08% no 2013.

Na [táboa 91](#) desagreganse os datos dos accidentes totais en xornada laboral ademais de pola *Forma de contacto* polo sexo dos traballadores. Existen pequenas diferenzas entre homes e mulleres nas porcentaxes que expresan a frecuencia das distintas formas de contacto. Entre 2009 e 2013 os accidentes nas formas de contacto máis frecuentes:

- Os *Sobreesforzos, trauma psíquico e exposición a radiacións* diminuíron nos homes un 47,05% (dos 10.395 no 2009 aos 5.504 no 2013), nas mulleres un 28,36% (dos 3.727 no 2009 aos 2.670 no 2013) e no total un 42,12% (dos 14.122 no 2009 aos 8.174 no 2013).
- Os *Esmagamentos contra obxectos inmóbiles* diminuíron nos homes un 48,78% (dos 7.519 no 2009 aos 3.851 no 2013), nas mulleres un 14,78% (dos 2.538 no 2009 aos 2.163 no 2013) e no total un 40,20% (dos 10.057 no 2009 aos 6.014 no 2013).
- Os *Choques ou golpes contra obxectos en movemento* diminuíron nos homes un 44,19% (dos 5.619 no 2009 aos 3.136 no 2013), nas mulleres un 36,31% (dos 1.041 no 2009 aos 663 no 2013) e no total un 42,96% (dos 6.660 no 2009 aos 3.799 no 2013).
- Os accidentes por *Contacto con axente cortante ou punzante* diminuíron nos homes un 49,90% (dos 3.413 no 2009 aos 1.710 no 2013), nas mulleres un 38,28% (dos 883 no 2009 aos 545 no 2013) e no total un 47,51% (dos 4.296 no 2009 aos 2.255 no 2013).

Nestes 5 anos, as porcentaxes de media foron:

- Nos *Sobreesforzos, trauma psíquico e exposición a radiacións*, nas mulleres foi aproximadamente do 39,6% dos seus accidentes, sendo nos homes aproximadamente do 34,3% e no total de homes e mulleres do 35,6%.
- Nos *Esmagamentos contra obxectos inmóbiles*, a porcentaxe entre as mulleres foi aproximadamente do 30,6% dos seus accidentes e entre os homes do 25,3% e no total do 26,6%.
- Nos *Choques ou golpes contra obxectos en movemento*, a porcentaxe entre os homes foi do 19,4% dos seus accidentes, mentres que entre as mulleres foi aproximadamente do 11,2% e no total do 17,3%.

- Nos accidentes por *Contacto con axente cortante ou punzante*, a porcentaxe entre os homes foi do 11,0% do total dos seus accidentes e entre as mulleres do 8,9% e no total do 10,5%.

Nas táboas aparecen destacados en vermello e grosa os datos dos accidentes e incidencias do grupo dos Infartos e outras patoloxías non traumáticas (código 90 no sistema Delt@) entre os anos 2004 e 2009, xa que entre estes anos se incluían neste os accidentes que se consideraba que a *Forma de Contacto* era "*Outras formas de contacto*", (código 99 en Delt@). Aínda que os accidentes non-traumáticos non teñen grande importancia numérica, se a teñen dende o punto de vista da gravidade da lesión. Dado que nestes accidentes a codificación da *Forma de Contacto* debería ser bastante parellos ao grupo do mesmo nome (código 130) na variable ***Natureza da lesión***, é máis apropiado para observar a evolución dos accidentes dese grupo esta variable.

Nas táboas [84](#) e [89](#) móstranse os datos dos accidentes graves entre os anos 2004 e 2013 en dous períodos de 5 anos. Entre os anos 2004 e 2008, os accidentes graves diminuíron un 35,30% e as formas de contacto con maior frecuencia foron:

- Por *Esmagamentos contra obxectos inmóviles* con aproximadamente o 29,6% dos accidentes. Diminuíron un 15,95% (dos 301 accidentes no 2004, o 27,82% dos graves aos 253 no 2008, o 36,14% dos graves).
- *Choques contra obxectos en movemento*, con aprox. o 21,5%. Diminuíron un 28,45% (dos 232 accidentes no 2004, o 21,44% dos graves aos 166 no 2008, o 23,71% dos graves).
- *Contacto con axente cortante ou punzante*, con aprox. o 11,9%. Diminuíron un 37,50% (dos 120 accidentes no 2004, o 11,09% dos graves aos 75 no 2008, o 10,71% dos graves).
- *Atrapamentos e amputacións* con aproximadamente o 11,3%. Diminuíron un 28,10% (dos 121 accidentes no 2004, o 11,18% dos graves aos 87 no 2008, o 12,43% dos graves).

Entre os anos 2009 e 2013 os datos segréganse polo sexo, como aparecen na [táboa 89](#). Os accidentes graves diminuíron un 23,86% (diminución dun 29,10% nos homes e aumento dun 2,17% nas mulleres). As *Formas de contacto* con maior frecuencia de accidentes foron:

- *Esmagamentos contra obxectos inmóviles*, 34,2% nos homes, 43,1% nas mulleres para un 35,7% do total. Diminuíron os accidentes nos homes un 34,81% (dos 158 accidentes no 2009, o 34,57%, aos 103 no 2013, o 31,79%), nas mulleres aumentaron un 14,71% (dos 34 accidentes no 2009, o 36,96% aos 39 no 2013, o 41,49%) e no total houbo unha diminución do 26,04% (dos 192 accidentes no 2009, o 34,97% aos 142 no 2013, o 33,97%).
- *Choques contra obxectos en movemento*, 25,6% nos homes, 10,1% nas mulleres para un 23,0% do total. Diminuíron os accidentes nos homes un 3,03% (dos 99 accidentes no 2009, o 21,66%, aos 96 no 2013, o 29,63%), nas mulleres diminuíron un 21,43% (dos 14 accidentes no 2009, o 15,22%, aos 11 no 2013, o 11,70%) e no total houbo unha diminución do 5,31% (dos 113 accidentes no 2009, o 20,58% aos 107 no 2013, o 25,60%).
- *Contacto con axente cortante ou punzante* cun 9,2% nos homes, 8,0% nas mulleres para aprox. o 9,0% no total. A diminución dos accidentes entre os anos 2009 e 2013 foi: do 43,48% nos homes (de 46 accidentes, o 10,07%, a 26 accidentes, o 8,02%), do 41,67% nas mulleres (de 12, o 13,04% a 7 accidentes, o 7,45%) e do 43,10% no total (de 58 accidentes, o 10,56%, a 33, o 7,89%).
- *Atrapamentos e amputacións*, cun 13,2% entre os homes e un 8,5% nas mulleres para un 12,4% do total de homes e mulleres. A variación dos accidentes entre o 2009 e o 2013 foi a seguinte: diminuíron os accidentes nos homes un 50,00% (dos 72 accidentes no 2009, o 15,75%, a 36 no 2013, o 11,11%), aumento do 37,50% nas mulleres (dos 8 accidentes no 2009, o 8,70%, a 11 no 2013, o 11,70%) para unha diminución no total do 41,25% (dos 80 accidentes no 2009, o 14,57%, a 47 no 2013, o 11,24% dos graves).

Para os *Accidentes non traumáticos* usáronse os datos entre o 2010 e 2013. Entre estes anos a porcentaxe destes accidentes entre os homes foi de aprox. un 7,9% e do 10,2% nas mulleres, para unha porcentaxe sobre o total do 8,3%. A variación dos accidentes entre o 2010 e o 2013 foi a seguinte: diminución dun 11,11% nos homes (de 36 accidentes, o 7,10%, a 32, o 9,88%), aumento do 116,67% nas mulleres (de 6 accidentes, o 6,06%, a 13, o 13,83%).

As táboas dos accidentes mortais por forma de contacto son a [85](#) e a [90](#). Entre os anos 2004 e 2008, estes accidentes diminuíron un 17,24% e as formas máis frecuentes (exclúense os accidentes non traumáticos polo motivo indicado anteriormente) foron:

- Por *Choques contra obxectos en movemento*, cunha media do 19,8% dos accidentes.
- *Esmagamentos contra obxectos inmóbiles* co 17,1%.
- *Atrapamentos e amputacións* co 15,2%.
- *Afogamentos, sepultamentos* co 9,9%.

Entre os anos 2009 e 2013 a *Forma de Contacto* máis frecuente dos accidentes mortais son os *Infartos e outras patoloxías non traumáticas* que suman só entre 2010 e 2013, 71 casos. A frecuencia media dos accidentes desta forma de contacto nestes catro anos entre os homes é do 33,5% e entre as mulleres do 40,0% para unha porcentaxe do total do 33,8%.

As porcentaxes de media entre 2009 e 2013 das demais formas de contacto máis frecuentes son:

- *Choques contra obxectos en movemento*, un 24,8% dos accidentes nos homes e o 21,6% entre as mulleres, para unha porcentaxe do total de homes e mulleres do 24,6%.
- *Esmagamento contra obxectos inmóbiles*, 13,0% entre os homes e 14,3% entre as mulleres, para unha porcentaxe do total do 13,0%.
- *Atrapamentos e amputacións*, cunha porcentaxe entre os homes do 13,0% e do 7,1% entre as mulleres, para unha porcentaxe do total do 12,7%.

Como xa se indicou, na [táboa 87](#) detállanse os accidentes por sobreesforzos entre os anos 2011 e 2013, xa que son case a totalidade dos accidentes do seu grupo de *Forma de Contacto*. Se ben non son accidentes importantes pola gravidade destes, non se rexistraron accidentes mortais e os graves supoñen unha porcentaxe do 4,65% do total dos accidentes graves nestes anos, o son polo seu número: a media nestes 3 anos é do 33,7% dos accidentes dos homes e do 39,0% dos accidentes da mulleres, para un total do 35,1% dos accidentes laborais. Estes accidentes diminuíron entre 2011 e 2013 un 25,22% (nos homes un 30,26% e nas mulleres un 12,21%), mentres que os accidentes totais diminuíron un 28,18% (nos homes un 32,71% e nas mulleres un 14,53%).

Na [táboa 92](#) están os datos de afiliación dos traballadores coas continxencias profesionais cubertas, tal como se utilizan nos anuarios do [Issga](#), como suma de todos os traballadores dos 5 sectores básicos de actividade na estatística laboral en Galicia: Agricultura, Pesca, Industria, Construción e Servizos. Nesta táboa móstranse os datos dos anos 2004 ao 2008, que indican o total de homes e mulleres máis os datos dos anos 2009 ao 2013 nos cales se indican os accidentes de cada sexo e tamén o total.

Analizando a táboa pódense enunciar tres tramos na evolución da afiliación dos cotizantes: incremento do 11,32% entre os anos 2004 e 2007, nos cales se pasa dos 786.774 aos 875.813, diminución do 14,28% no número de afiliados entre os anos 2007 e 2012, ano no cal se

rexistraron 750.783 traballadores (esta diminución é monótona, ano a ano) e aumento no ano 2013, en que os afiliados cotizantes son 752.336 (incremento do 0,21%). Estas variacións non son igual para homes e mulleres, de feito a afiliación de traballadores no ano 2013 segue descendendo, o que supón dende o 2009 un 16,94% menos, mentres que a afiliación das mulleres descende entre os anos 2012 e 2009 un 4,78% e increméntase no 2013 respecto ao ano anterior un 5,12%, co que se chega a unhas cifras de afiliación das mulleres similares ás do 2009.

O feito do incremento dos datos no rexistro de cotizantes entre as traballadores non debe ser alleo ao cambio normativo da Lei 27/2011 de 1 de agosto, [Nota 2](#), que inclúe os traballadores do [Réxime Especial do Fogar](#) (en que as mulleres son maioritarias) no Réxime Xeral e que para evitar ambigüidades na súa aplicación debido ao prazo de aplicación [non se contabilizaron para as nosas estatísticas ata o 2013](#).

Nas táboas [93](#) e [94](#) están os resultados de dividir o número de traballadores accidentados en cada unha das *Formas de Contacto* entre os traballadores afiliados cotizantes totais en Galicia para cada un dos anos do 2004 ao 2013, táboas que denominamos de *Incidencia do total dos accidentes*. A evolución da afiliación non leva aparellado necesariamente un descenso ou aumento de igual proporción na incidencia e tampouco as *Formas de Contacto* teñen que manter as proporcións entre elas. Dado o número de formas de contacto, comentaranse as máis importantes numericamente:

- A incidencia dos accidentes polo *grupo dos Sobreesforzos* aumenta entre os anos 2004 (1.828,48) e o 2008 (2.027,55), expresado en porcentaxe é un aumento do 10,89%, aínda que non o fan monotonamente (a excepción é o ano 2006), descendendo ata o 2013 (1.086,48), o que expresado en porcentaxe é un descenso do 40,58%
- Os *Choques contra obxectos en movemento* descenderon en incidencia entre os anos 2004 (1.207,97) e o 2013 (504,96), coa excepción do lixeiro incremento no 2010 en relación co ano 2009, esta diminución expresada en porcentaxe é do 58,20%.
- Nos accidentes por *Esmagamento contra obxectos inmóviles*, a incidencia aumenta dende o ano 2004 (1.067,27) ata o ano 2008 (1.427,51), expresado en porcentaxe é un aumento do 33,75%, aínda que non o fai monotonamente (hai unha lixeira diminución no 2006 en relación ao 2005). Descenden os accidentes dende o 2008 ata 799,38 no 2013, pero tampouco o fan monotonamente (a excepción é o 2010 respecto ao 2009), isto en porcentaxe é un 25,10% de descenso.
- Os accidentes por *Contacto con axente cortante ou punzante* aumentaron en incidencia entre os anos 2004 (836,33) e 2005 (848,62), descendendo dende entón monotonamente ata o 2013 (299,73). A porcentaxe de diminución dende o 2004 ao 2014 é do 64,16%.

Para que sirva de referencia, entre os anos 2004 e 2013 os accidentes totais en xornada laboral descenderon un 52,76% e a incidencia un 50,59%. Os accidentes laborais descenderon entre 2013 e 2009 un 43,39% (un 48,08% nos homes e un 27,96% nas mulleres). A incidencia no mesmo período descendeu un 37,62% (un 37,49% entre os homes e un 28,03% entre as mulleres).

Como se pode comprobar na [táboa 92](#), a diferenza de afiliación entre homes e mulleres estivo a diminuír dende o ano 2009, de tal xeito que no 2013, a proporción entre homes e mulleres é de 1,01, non obstante, na [táboa 91](#) pódese comprobar que o número de accidentes para cada forma de contacto é moi distinta en homes que en mulleres. A proporción da incidencia de accidentes entre homes e mulleres era de 2,70 a 1 no ano 2009 e no 2013 de 2,35 a 1, cun valor de media das proporcións destes 5 anos de 2,56.

Nas táboas [95](#) e [96](#) se detallan as incidencias das *Formas de contacto* en homes e mulleres respectivamente entre 2009 e 2013. Facendo unha comparación entre a incidencia das formas de contacto máis frecuentes, compróbase que hai importantes diferenzas:

- Nos *Sobreesforzos, trauma psíquico e exposición a radiacións*, a incidencia entre os homes descendeu dende 2.283,72 no 2009 a 1.455,81 no 2013 (un 36,25%) e entre as mulleres de 996,76 no 2009 a 713,40 no 2013 (un 28,43%). A proporción media nestes 5 anos entre as incidencias de homes e mulleres para esta forma de contacto é de 2,2.
- Nos *Esmagamentos contra obxectos inmóviles*, a incidencia entre os homes descendeu dende 1.651,88 no 2009 a 1.018,59 no 2013 (un 38,34%) e entre as mulleres (con altibaixos) de 678,77 no 2009 a 577,93 no 2013 (un 14,86%). A proporción media nestes 5 anos entre a incidencia de homes e mulleres para esta forma de contacto foi de 2,1.
- Nos *Choques ou golpes contra obxectos en movemento*, a incidencia entre os homes variou dende 1.234,46 no 2009 a 829,47 no 2013 (un 32,81%) e entre as mulleres de 278,41 no 2009 a 177,15 no 2013 (un 36,37%). A proporción media nestes 5 anos entre a incidencia de homes e mulleres para esta forma de contacto foi de 4,5.
- Nos *Contactos con axente cortante ou punzante*, a incidencia entre os homes descendeu dende 749,82 no 2009 a 452,29 no 2013 (un 39,38%) e entre as mulleres de 236,15 no 2009 a 145,62 no 2013 (38,34%). A proporción media nestes 5 anos entre a incidencia de homes e mulleres para esta forma de contacto foi de 3,2.

Nos gráficos [53](#) e [54](#) se representan os índices de incidencia do total dos accidentes segundo as distintas formas de contacto. Se comentan as 4 máis destacadas:

- O *grupo dos sobreesforzos* experimentou lixeiras variacións entre os anos 2004 a 2006, ano este en que dende un valor do índice de 1.793,40 aumento ata 2.027,55 no 2009. Dende ese ano diminuíu a incidencia ano tras ano ata un valor no 2012 de 1.141,74, volvendo diminuír ata 1.086,48 no 2013.
- Nos *Esmagamentos contra obxectos inmóviles* houbo un aumento da incidencia con variacións dende o 2004 (1.067,27) ao 2006 (1.104,94) e a partir deste ano aumenta a incidencia ata 1.427,51 no 2008. Diminuíu a incidencia entre os anos 2010 (1.249,46) e 2012 (832,60) e en menor medida no 2013 ata 799,38.
- Os *Choques contra obxectos en movemento* evolucionaron nestes anos de forma distinta ás dúas formas anteriores. Entre os anos 2004 e 2008 descenderon monotonamente dende 1.2007,96 no 2004 a 991,29 no 2008 con intervalos como entre os anos 2007 e 2006 en que a incidencia apenas variou. Entre os anos 2010 e 2012 descendeu de 804,37 a 547,96, volvendo descender pero en menor medida no 2013 (504,96).
- Os accidentes por *Contacto con axente cortante ou punzante* mantivéronse en valores moi similares entre os anos 2004 (836,33) ao 2006 (837,23) descendendo a partir dese ano aínda que con distintas pendentes ata 299,73 no 2013, sendo a diminución dende o índice do ano 2012 (336,45) menor que os descensos interanuais anteriores.

Nos gráficos [55](#) e [56](#) móstranse as incidencias dos accidentes laborais en homes e mulleres entre os anos 2009 e 2013. A diminución da incidencia dos accidentes neste período non significa que todas as formas de contacto diminúan na mesma proporción. Un menor número de accidentes das traballadoras ten como resultado uns menores índices de incidencia que no caso dos homes, pero a diferenza non é igual en todas as formas de contacto, a primeira vista pódese constatar a diferenza da incidencia entre homes e mulleres dos accidentes por *Choques contra obxectos en movemento* e *Contacto con axente cortante ou punzante* respecto ao *grupo dos sobreesforzos* e os *Esmagamentos contra obxectos inmóviles*.

Nos traballadores, entre os anos 2009 e 2010, os accidentes diminúen no *grupo dos sobreesforzos* e por *Contacto con axente cortante ou punzante*, mentres que aumentan lixeiramente por *Esmagamento contra obxectos inmóbiles* e por *Choques contra obxectos en movemento*. O descenso da incidencia é similar nas 4 formas de contacto entre os anos 2010 ao 2012 aínda que cunha pendente de descenso máis suave na incidencia por *Contactos por axente cortante ou punzante*. É manifesto o descenso da incidencia entre os anos 2011 e 2012, especialmente destacable nos *Esmagamentos contra obxectos inmóbiles* (de 1441,78 no 2011 a 1082,45 no 2012. Entre os anos 2012 e 2013 a incidencia dos accidentes por estas catro formas de contacto evolucionan de xeito proporcionalmente similar.

A evolución da incidencia das formas de contacto nas mulleres é diferente:

- A incidencia dos accidentes no *grupo dos sobreesforzos* diminúe monotonamente entre os anos 2009 e 2012 (cunha maior pendente de descenso entre 2011 e 2012) pero aumentan de 703,88 no 2012 a 713,40 no 2013.
- A incidencia dos accidentes por *Esmagamentos contra obxectos inmóbiles* aumenta entre os anos 2009 (678,77) e 2010 (757,67), para diminuír ata o 2012 (555,57) e volver aumentar no 2013 (577,93).
- Nos accidentes por *Choques contra obxectos en movemento*, a incidencia diminúe lixeiramente dende o ano 2009 (278,41) ao 2011 (256,69), aumentando a pendente de descenso entre o 2011 e o 2012 (190,43) e segue descendendo aínda que máis suave no 2013 (177,15).
- Nos accidentes por *Contacto por axente cortante ou punzante*, a incidencia diminúe levemente entre os anos 2009 (236,15) e 2010 (224,32), aumenta o descenso no 2011 (169,12) e segue descendendo lixeiramente ata o 2013 (145,62).

Datos dos accidentes

Accd. leves	Forma de Contacto									
	Contacto coa corrente eléctrica, lume e subst. perigosas.	Afogamentos, sepultamentos	Esmagamentos contra obxectos inmóviles	Choques contra obxectos en movemento	Contacto con axente cortante ou punzante	Atrapamentos e amputacións	Sobreesforzos, trauma psicolóxico e expos. a radiacións	Mordedelas, patadas, picaduras	Infartos e outras patoloxías non traumáticas	Outros contactos
2004	1.487	159	8.085	9.257	6.459	1.441	14.342	390	3.163	1.397
2005	1.426	134	8.918	8.765	6.747	1.465	14.915	406	2.987	1.145
2006	1.554	109	9.026	8.631	6.913	1.482	15.062	359	3.249	1.159
2007	1.680	165	11.201	9.002	6.363	1.996	17.043	347	1.670	1.472
2008	1.634	180	12.146	8.443	5.568	1.896	17.606	371	598	1.179

Táboa 83. Accidentes leves segundo forma de contacto, anos 2004 a 2008.

Accd. graves	Forma de Contacto									
	Contacto coa corrente eléctrica, lume e subst. perigosas.	Afogamentos, sepultamentos	Esmagamentos contra obxectos inmóviles	Choques contra obxectos en movemento	Contacto con axente cortante ou punzante	Atrapamentos e amputacións	Sobreesforzos, trauma psicolóxico e expos. a radiacións	Mordedelas, patadas, picaduras	Infartos e outras patoloxías non traumáticas	Outros contactos
2004	47	2	301	232	120	121	43	13	152	51
2005	55	6	275	192	124	114	49	16	131	39
2006	45	4	257	214	131	88	31	13	123	43
2007	40	1	264	179	94	107	25	8	79	37
2008	27	2	253	166	75	87	19	10	49	12

Táboa 84. Accidentes graves segundo forma de contacto, anos 2004 a 2008.

Accd. mortais	Forma de Contacto									
	Contacto coa corrente eléctrica, lume e subst. perigosas.	Afogamentos, sepultamentos	Esmagamentos contra obxectos inmóviles	Choques contra obxectos en movemento	Contacto con axente cortante ou punzante	Atrapamentos e amputacións	Sobreesforzos, trauma psicolóxico e expos. a radiacións	Mordedelas, patadas, picaduras	Infartos e outras patoloxías non traumáticas	Outros contactos
2004	3	14	11	15	1	12	1	0	19	11
2005	4	14	19	24	0	12	2	0	20	7
2006	3	4	16	18	2	12	0	0	16	7
2007	2	6	15	17	0	11	0	2	18	4
2008	4	3	10	8	1	16	0	0	21	9

Táboa 85. Accidentes mortais segundo forma de contacto, anos 2004 a 2008.

Accd. totais	Forma de Contacto									
	Contacto coa corrente eléctrica, lume e subst. perigosas	Afogamentos, sepultamentos	Esmagamentos contra obxectos inmóviles	Choques contra obxectos en movemento	Contacto con axente cortante ou punzante	Atrapamentos e amputacións	Sobreesforzos, trauma psicolóxico e expos. a radiacións	Mordedelas, patadas, picaduras	Infartos e outras patoloxías non traumáticas	Outros contactos
2004	1.537	175	8.397	9.504	6.580	1.574	14.386	403	3.334	1.459
2005	1.485	154	9.212	8.981	6.871	1.591	14.966	422	3.138	1.191
2006	1.602	117	9.299	8.863	7.046	1.582	15.093	372	3.388	1.209
2007	1.722	172	11.480	9.198	6.457	2.114	17.068	357	1.767	1.513
2008	1.665	185	12.409	8.617	5.644	1.999	17.625	381	668	1.200

Táboa 86. Accidentes mortais segundo forma de contacto, anos 2004 a 2008.

SOBRESFORZOS		Leves	Graves	Mortais	Totais
2011	Homes	7.702	17	0	7.719
	Mulleres	2.981	9	0	2.990
	Total	10.683	26	0	10.709
2012	Homes	5.914	11	0	5.925
	Mulleres	2.445	8	0	2.453
	Total	8.359	19	0	8.378
2013	Homes	5.370	13	0	5.383
	Mulleres	2.619	6	0	2.625
	Total	7.989	19	0	8.008

Táboa 87. Accidentes por sobreesforzos segundo a gravidade e sexo, anos 2011 a 2013.

Acdd. leves		Forma de Contacto									
		Contacto coa corrente eléctrica, lume e subst. perigosas.	Afogamentos, sepultamentos	Esmagamentos contra obxectos inmóviles	Choques contra obxectos en movemento	Contacto con axente cortante ou punzante	Atrapamentos e amputacións	Sobreesforzos, trauma psicolóxico e expos. a radiacións	Mordedelas, patadas, picaduras	Infartos e outras patoloxías non traumáticas	Outros contactos
2009	Homes	990	94	7.352	5.508	3.367	1.109	10.388	210	267	496
	Mulleres	285	9	2.503	1.027	871	262	3.724	155	93	184
	Total	1.275	103	9.855	6.535	4.238	1.371	14.112	365	360	680
2010	Homes	822	70	7.106	5.317	2.907	1.053	9.456	221	26	345
	Mulleres	261	5	2.751	1.001	820	293	3.351	152	1	104
	Total	1.083	75	9.857	6.318	3.727	1.346	12.807	373	27	449
2011	Homes	649	37	5.946	4.463	2.520	948	7.905	227	26	205
	Mulleres	226	4	2.357	932	618	278	3.054	140	4	82
	Total	875	41	8.303	5.395	3.138	1.226	10.959	367	30	287
2012	Homes	437	23	4.119	3.331	1.934	769	6.054	169	25	51
	Mulleres	174	5	1.941	675	551	212	2.498	137	3	25
	Total	611	28	6.060	4.006	2.485	981	8.552	306	28	76
2013	Homes	373	21	3.739	3.031	1.683	832	5.491	167	32	1
	Mulleres	186	3	2.124	650	538	238	2.664	115	17	0
	Total	559	24	5.863	3.681	2.221	1.070	8.155	282	49	1

Táboa 88. Accidentes leves segundo forma de contacto e sexo, anos 2009 a 2013.

Acdd. graves		Forma de Contacto									
		Contacto coa corrente eléctrica, lume e subst. perigosas.	Afogamentos, sepultamentos	Esmagamentos contra obxectos inmóviles	Choques contra obxectos en movemento	Contacto con axente cortante ou punzante	Atrapamentos e amputacións	Sobreesforzos, trauma psicolóxico e expos. a radiacións	Mordedelas, patadas, picaduras	Infartos e outras patoloxías non traumáticas	Outros contactos
2009	Homes	25	2	158	99	46	72	7	6	36	6
	Mulleres	5	1	34	14	12	8	2	4	7	5
	Total	30	3	192	113	58	80	9	10	43	11
2010	Homes	24	2	175	150	44	53	12	4	36	7
	Mulleres	5	0	48	7	9	4	6	9	6	5
	Total	29	2	223	157	53	57	18	13	42	12
2011	Homes	12	2	137	100	40	58	18	1	32	8
	Mulleres	1	0	25	8	2	7	9	5	6	2
	Total	13	2	162	108	42	65	27	6	38	10
2012	Homes	22	0	148	94	37	59	12	5	30	3
	Mulleres	1	0	37	3	4	6	8	4	9	3
	Total	23	0	185	97	41	65	20	9	39	6
2013	Homes	15	0	103	96	26	36	13	3	32	0
	Mulleres	3	0	39	11	7	11	6	4	13	0
	Total	18	0	142	107	33	47	19	7	45	0

Táboa 89. Accidentes graves segundo forma de contacto e sexo, anos 2009 a 2013

Accd. mortais		Forma de Contacto									
		Contacto coa corrente eléctrica, lume e subst. perigosas.	Afogamentos, sepultamentos	Esmagamentos contra obxectos inmóviles	Choques contra obxectos en movemento	Contacto con axente cortante ou punzante	Atrapamentos e amputacións	Sobreesforzos, trauma psicolóxico e expos. a radiacións	Mordedelas, patadas, picaduras	Infartos e outras patoloxías non traumáticas	Outros contactos
2009	Homes	5	3	9	12	0	11	0	0	27	3
	Mulleres	0	0	1	0	0	0	1	0	2	0
	Total	5	3	10	12	0	11	1	0	29	3
2010	Homes	2	2	8	20	0	9	1	0	19	2
	Mulleres	0	0	1	0	0	1	0	0	0	0
	Total	2	2	9	20	0	10	1	0	19	2
2011	Homes	3	3	3	15	0	5	0	0	21	1
	Mulleres	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0
	Total	3	3	3	16	0	5	0	0	22	1
2012	Homes	4	4	6	11	0	7	0	0	11	1
	Mulleres	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0
	Total	4	4	6	11	0	7	0	0	12	1
2013	Homes	2	1	9	9	1	3	0	1	16	0
	Mulleres	0	1	0	2	0	0	0	0	2	0
	Total	2	2	9	11	1	3	0	1	18	0

Táboa 90. Accidentes mortais segundo forma de contacto e sexo, anos 2009 a 2013.

Accd. totais		Forma de Contacto									
		Contacto coa corrente eléctrica, lume e subst. perigosas.	Afogamentos, sepultamentos	Esmagamentos contra obxectos inmóviles	Choques contra obxectos en movemento	Contacto con axente cortante ou punzante	Atrapamentos e amputacións	Sobreesforzos, trauma psicolóxico e expos. a radiacións	Mordedelas, patadas, picaduras	Infartos e outras patoloxías non traumáticas	Outros contactos
2009	Homes	1.020	99	7.519	5.619	3.413	1.192	10.395	216	330	505
	Mulleres	290	10	2.538	1.041	883	270	3.727	159	102	189
	Total	1.310	109	10.057	6.660	4.296	1.462	14.122	375	432	694
2010	Homes	848	74	7.289	5.487	2.951	1.115	9.469	225	81	354
	Mulleres	266	5	2.800	1.008	829	298	3.357	161	7	109
	Total	1.114	79	10.089	6.495	3.780	1.413	12.826	386	88	463
2011	Homes	664	42	6.086	4.578	2.560	1.011	7.923	228	79	214
	Mulleres	227	4	2.382	941	620	285	3.063	145	11	84
	Total	891	46	8.468	5.519	3.180	1.296	10.986	373	90	298
2012	Homes	463	27	4.273	3.436	1.971	835	6.066	174	66	55
	Mulleres	175	5	1.978	678	555	218	2.506	141	13	28
	Total	638	32	6.251	4.114	2.526	1.053	8.572	315	79	83
2013	Homes	390	22	3.851	3.136	1.710	871	5.504	171	80	1
	Mulleres	189	4	2.163	663	545	249	2.670	119	32	0
	Total	579	26	6.014	3.799	2.255	1.120	8.174	290	112	1

Táboa 91. Accidentes totais segundo forma de contacto e sexo, anos 2009 a 2013.

Datos de incidencias

Total Afiliados				Homes afiliados	Mulleres afiliadas	Total Afiliados	Homes/Mulleres
786.774	2004	2009		455.178	373.912	829.090	1,22
809.670	2005	2010		437.912	369.554	807.466	1,18
841.585	2006	2011		422.118	366.594	788.712	1,15
875.813	2007	2012		394.754	356.029	750.783	1,11
869.274	2008	2013		378.072	374.264	752.336	1,01

Táboa 92. Afiliados con as continxencias profesionais cubertas, anos 2004 ao 2013.

Incid. Acdd. totais	Forma de Contacto									
	Contacto coa corrente eléctrica, lume e subst. perigosas.	Afogamentos, sepultamentos	Esmagamentos contra obxectos inmóviles	Choques contra obxectos en movemento	Contacto con axente cortante ou punzante	Atrapamentos e amputacións	Sobreesforzos, trauma psíquico e expos. a radiacións	Mordedelas, patadas, picaduras	Infartos e outras patoloxías non traumáticas	Outros contactos
2004	195,35	22,24	1.067,27	1.207,97	836,33	200,06	1.828,48	51,22	423,76	185,44
2005	183,41	19,02	1.137,75	1.109,22	848,62	196,50	1.848,41	52,12	387,57	147,10
2006	190,36	13,90	1.104,94	1.053,13	837,23	187,98	1.793,40	44,20	402,57	143,66
2007	196,62	19,64	1.310,78	1.050,22	737,26	241,38	1.948,82	40,76	201,76	172,75
2008	191,54	21,28	1.427,51	991,29	649,28	229,96	2.027,55	43,83	76,85	138,05

Táboa 93. Incidencia do total dos accidentes segundo forma de contacto, anos 2004 ao 2008.

Incid. Acdd. totais	Forma de Contacto									
	Contacto coa corrente eléctrica, lume e subst. perigosas.	Afogamentos, sepultamentos	Esmagamentos contra obxectos inmóviles	Choques contra obxectos en movemento	Contacto con axente cortante ou punzante	Atrapamentos e amputacións	Sobreesforzos, trauma psíquico e expos. a radiacións	Mordedelas, patadas, picaduras	Infartos e outras patoloxías non traumáticas	Outros contactos
2009	158,00	13,15	1.213,02	803,29	518,16	176,34	1.703,31	45,23	52,11	83,71
2010	137,96	9,78	1.249,46	804,37	468,13	174,99	1.588,43	47,80	10,90	57,34
2011	112,97	5,83	1.073,65	699,75	403,19	164,32	1.392,90	47,29	11,41	37,78
2012	84,98	4,26	832,60	547,96	336,45	140,25	1.141,74	41,96	10,52	11,06
2013	76,96	3,46	799,38	504,96	299,73	148,87	1.086,48	38,55	14,89	0,13

Táboa 94. Incidencia do total dos accidentes segundo forma de contacto, anos 2009 ao 2013.

Incid. Accd. totais dos homes	Forma de Contacto									
	Contacto coa corrente eléctrica, lume e subst. perigosas.	Afogamentos, sepultamentos	Esmagamentos contra obxectos inmóviles	Choques contra obxectos en movemento	Contacto con axente cortante ou punzante	Atrapamentos e amputacións	Sobreesforzos, trauma psicolóxico e expos. a radiacións	Mordedelas, patadas, picaduras	Infartos e outras patoloxías non traumáticas	Outros contactos
2009	224,09	21,75	1.651,88	1.234,46	749,82	261,88	2.283,72	47,45	72,50	110,95
2010	193,65	16,90	1.664,49	1.252,99	673,88	254,62	2.162,31	51,38	18,50	80,84
2011	157,30	9,95	1.441,78	1.084,53	606,47	239,51	1.876,96	54,01	18,72	50,70
2012	117,29	6,84	1.082,45	870,42	499,30	211,52	1.536,65	44,08	16,72	13,93
2013	103,15	5,82	1.018,59	829,47	452,29	230,38	1.455,81	45,23	21,16	0,26

Táboa 95. Incidencia do total dos accidentes dos homes segundo forma de contacto, anos 2009 ao 2013.

Incid. Accd. totais das mulleres	Forma de Contacto									
	Contacto coa corrente eléctrica, lume e subst. perigosas.	Afogamentos, sepultamentos	Esmagamentos contra obxectos inmóviles	Choques contra obxectos en movemento	Contacto con axente cortante ou punzante	Atrapamentos e amputacións	Sobreesforzos, trauma psicolóxico e expos. a radiacións	Mordedelas, patadas, picaduras	Infartos e outras patoloxías non traumáticas	Outros contactos
2009	77,56	2,67	678,77	278,41	236,15	72,21	996,76	42,52	27,28	50,55
2010	71,98	1,35	757,67	272,76	224,32	80,64	908,39	43,57	1,89	29,50
2011	61,92	1,09	649,77	256,69	169,12	77,74	835,53	39,55	3,00	22,91
2012	49,15	1,40	555,57	190,43	155,89	61,23	703,88	39,60	3,65	7,86
2013	50,50	1,07	577,93	177,15	145,62	66,53	713,40	31,80	8,55	0,00

Táboa 96. Incidencia do total dos accidentes das mulleres segundo forma de contacto, anos 2009 ao 2013.

Gráficos de incidencias




Gráfico 53. Incidencia do total dos accidentes por forma de contacto, anos 2004 ao 2008.




Gráfico 54. Incidencia do total dos accidentes por forma de contacto, anos 2009 ao 2013.




Gráfico 55. Incidencia do total dos accidentes dos homes por forma de contacto, anos 2009 ao 2013.




Gráfico 56. Incidencia do total dos accidentes das mulleres por forma de contacto, anos 2009 ao 2013.

Natureza da lesión

Nas táboas [97](#) á [100](#) móstranse os accidentes comunicados segundo a natureza das lesións sufridas polos traballadores e a súa gravidade entre os anos do 2004 ao 2008. Tendo en conta o elevado número de grupos que forman a clasificación desta variable, comentarase para cada táboa aqueles con maior número de accidentes.

A [táboa 97](#) corresponde aos accidentes cualificados como leves en cada un dos grupos en que se clasifican as lesións. Descartando o grupo "Outras non incluídas", cuxa importancia numérica nunha clasificación ben construída e executada debese ser residual, a evolución das lesións máis frecuentes nos accidentes e que supoñen aproximadamente o 90,0% do total foi a seguinte:

- As *Lesións superficiais e feridas abertas* foron o grupo de lesións máis frecuentes nestes 5 anos con aproximadamente unha porcentaxe media do 39,8% dos accidentes. Aumentaron dende os 17.515 accidentes no 2004, o 37,93% do total de accidentes leves a 19.527 no 2008, o 39,35% do total, o que supón un incremento do 11,49%. Os accidentes do ano 2008 non son o valor máximo deste grupo no período, sendo superiores os dos anos 2006 (19.641) e 2007 (20.673).
- As *Torceduras, escordaduras e distensións* tiveron aproximadamente o 37,5% dos accidentes leves nestes 5 anos. Este grupo de lesións aumentou dende os 17.175 (37,19%) no 2004 ata os 19.802 (39,91%) no 2008, que expresado en porcentaxe é un incremento do 15,30%.
- O grupo de *Fracturas de ósos* tivo unha porcentaxe media do 6,4% dos accidentes no período considerado. Entre o ano 2004 con 3.054 accidentes (o 6,61% do total de leves) e o 2008 con 2.964 accidentes (o 5,97% do total) estas lesións diminuíron un 2,95%. No período o número destes accidentes experimentou variacións, sendo os valores dos anos 2008 e 2004 os máis baixos. [Nota 3.](#)
- Con cifras moi similares ás do grupo anterior, só inferior en centésimas na porcentaxe media, as *Conmocións e lesións internas* aumentaron monotonamente un 23,46%, dende os 2.766 accidentes no 2004 (5,99%) aos 3.415 (6,88%). Neste grupo inclúense as lesións intracraniais e as lesións nos órganos internos (intratorácicos, intraabdominais e pélvicos).

Os accidentes graves segundo a natureza das lesións producidas detállanse na [táboa 98](#). De forma similar á táboa anterior, comentásen se as lesións máis frecuentes que se dan nos accidentes graves:

- As *Fracturas de ósos* son as lesións que con maior frecuencia acontecen nun accidente grave con aproximadamente o 41,0% dos accidentes entre os anos 2004 e 2008. Os accidentes que produciron estas lesións descenderon un 31,14% no período, dos 456 accidentes no 2004 (o 42,14% do total anual de graves) aos 314 no 2008 (o 44,86%), sendo esta última porcentaxe a maior deste período.

- As seguintes lesións segundo a súa orde de frecuencia son as *Lesións superficiais e feridas abertas* que se produciron nunha media do 10,6% nestes 5 anos. Os accidentes con estas lesións considerados graves descenderon un 28,43%, dos 102 no 2004 (o 9,43% do total anual) aos 73 no 2008 (o 10,43%). Os maiores números alcanzados por estes accidentes foron no 2005 con 112 (11,19%) e o 2006 con 107 (11,28%).
- As *Lesións múltiples* aconteceron entre 2004 e 2008 en aproximadamente o 8,7% dos accidentes nestes anos. Estas lesións descenderon un 23,53% no período, dende os 85 accidentes no 2004 (o 7,86% do total de accidentes graves) aos 65 no 2008 (o 9,29%). No 2007 estes accidentes tiveron o valor máis alto, tanto en número (91) coma en porcentaxe (10,91%).
- Cunha porcentaxe media de accidentes acontecidos no período que difire en centésimas ao grupo de lesións anterior están as *Conmocións e lesións internas*. Estes accidentes descenderon un 17,78% entre o 2004 (90 accidentes e o 8,32% do total) e o 2008 (74 accidentes e o 10,57% do total de accidentes).

Na [táboa 99](#) indícanse os accidentes mortais notificados entre os anos 2004 e 2008. As lesións máis frecuentes, sen considerar as clasificadas como *Outras non incluídas* polo xa indicado anteriormente, expóñense a continuación:

- As *Lesións múltiples* son as lesións máis frecuentes nos accidentes mortais no período indicado. Supoñen aproximadamente de media o 28,3% das lesións mortais dos accidentes laborais. Estes accidentes descenderon un 15,00% entre o ano 2004 (20 accidentes, o 22,99% do total) e o 2008 (17 accidentes, o 23,61% do total). Nos anos 2005 e 2006 alcanzáronse os maiores valores destas lesións con 33 (o 32,35%) e 29 (o 37,18%) accidentes respectivamente.
- Os *Infartos e outras patoloxías non traumáticas* son o seguinte grupo de lesións máis frecuente estando presente de media nestes 5 anos en aproximadamente o 20,5% dos accidentes mortais. Das lesións máis frecuentes estas son as únicas que aumentan (un 11,11% no período), dos 18 accidentes no 2004 (o 20,69% do total dos mortais) aos 20 no 2008 (o 27,78%).
- As *Conmocións e lesións internas* son o seguinte grupo de lesións con aproximadamente o 12,8% dos accidentes no período. Estes accidentes diminuíron un 10,00% nestes 5 anos, dos 10 no 2004 (o 11,49% dos mortais) aos 9 no 2008 (o 12,50%). No 2007 houbo 13 accidentes que supuxeron o 17,33% do total dos mortais e no 2005 houbo 12 accidentes, o 11,76% do total, sendo estes 2 anos os de maior número destas lesións.
- Os *afogamentos e asfixias* é outro dos grupos con maior frecuencia de accidentes mortais, cunha media no período do 11,6% e o que presenta maior variabilidade dun ano para outro (dos 17 accidentes do 2005, o 16,67% dos mortais, aos 3 do ano 2006, o 3,85% do total dos mortais dese ano), unha diminución do 82,35%. Estas lesións descenderon entre o 2004 e o 2008 un 56,25% (de 16 accidentes, o 18,39%, a 7 accidentes, o 9,72%).

Na [táboa 100](#) están os datos do total dos accidentes segundo a natureza da lesión entre o ano 2004 e o 2008. Moi pouco que comentar respecto ao indicado para os accidentes leves agás a variación de números e porcentaxes das lesións máis frecuentes que se expoñen a continuación:

- As *Lesións superficiais e feridas abertas* foron o grupo de lesións máis frecuentes nestes 5 anos cunha porcentaxe media do 39,2%. Aumentaron dende os 17.617 accidentes no 2004, o 37,21% do total de accidentes a 19.603 no 2008, o 38,90% do total, o que supón un incremento do 11,27%. Os accidentes do ano 2008 non son o valor máximo deste grupo no período, sendo superiores os dos anos 2006 (19.748) e 2007 (20.765).
- As *Torceduras, escordaduras e distensións* tiveron unha porcentaxe media do 36,8% dos accidentes nestes 5 anos. Este grupo de lesións aumentou dende os 17.250 (36,43%) no 2004 ata os 19.832 (39,35%) no 2008, que expresado en porcentaxe é un incremento do 15,30%.
- O grupo de *Fracturas de ósos* tivo aproximadamente un 7,0% dos accidentes en media no período considerado. Entre o ano 2004 con 3.511 accidentes (o 7,42% do total) e o 2008 con 3.278 accidentes (o 6,50% do total) estas lesións diminuíron un 6,64% (a notable redución de accidentes graves por estas lesións inflúe na redución do total de accidentes). No período estes accidentes experimentaron flutuacións, sendo os valores máis baixos os dos anos 2008 e o 2006, con 3.470 de incidencia, e o máis alto o 2007 con 3.550 accidentes.
- As *Conmocións e lesións internas* aumentaron monotonamente un 22,05%, dende os 2.866 accidentes no 2004 (6,05%) do total anual aos 3.498 (6,94%), para unha porcentaxe media dos accidentes nestes 5 anos de aproximadamente o 6,5%.

Os datos referidos ao seguinte período temporal a estudo (do ano 2009 ao 2013 ambos os dous incluídos) detállanse nas táboas [101](#) a [104](#) indicando os diferentes graos de lesión e o total dos accidentes.

Os accidentes con lesións leves indícanse na [táboa 101](#), indicando para cada grupo de lesión o número de homes e mulleres accidentados e a suma de ambos os dous. Como referencia para avaliar a evolución no período, os accidentes leves diminuíron un 43,68% (o 48,39% nos homes e o 28,29% nas mulleres). A evolución dos grupos de lesións máis frecuentes nestes 5 anos, os mesmos que no quinquenio anterior, se indica a continuación:

- As *Torceduras, escordaduras e distensións* foron neste período o grupo de lesións máis frecuentes cunha porcentaxe media de accidentes de aproximadamente o 48,0% (o 45,9% nos homes e o 54,1% nas mulleres). Diminuíron un 22,47%, dende os 15.920 accidentes no 2009, en porcentaxe o 40,93% aos 12.343 no 2013, en porcentaxe o 56,35%, sendo moi distinta a evolución en homes e mulleres: o descenso nos homes foi do 30,01% (de 11.644 accidentes no 2009, en porcentaxe un 39,10% dos seus accidentes anuais a 8.150 no 2013, en porcentaxe un 53,03%); mentres que nas mulleres foi do 1,94% (de 4.276 no 2009, en porcentaxe un 46,92% dos seus accidentes anuais a 4.193 no 2013, en porcentaxe un 64,16%).

- As *Lesións superficiais e feridas abertas* foron nestes 5 anos o segundo grupo de lesións cunha porcentaxe media dos accidentes de aproximadamente o 34,3% (o 36,5% nos homes e o 27,7% nas mulleres). Diminuíron un 56,34%, dende os 14.873 accidentes no 2009, en porcentaxe o 38,24% aos 6.493 no 2013, en porcentaxe o 29,64%. A evolución destes accidentes foi distinta en homes e mulleres: o descenso nos homes foi do 58,60% (de 12.057 accidentes no 2009, en porcentaxe o 40,49% dos seus accidentes anuais a 4.992 accidentes no 2013, en porcentaxe o 32,48%); mentres que nas mulleres foi do 46,70% (de 2.816 no 2009, en porcentaxe un 30,90% dos seus accidentes anuais a 1.501 no 2013, en porcentaxe o 22,97%).
- As *Fracturas de ósos* foron as lesións de aproximadamente o 7,0% dos accidentes en media (o 7,3% nos homes e o 6,1% nas mulleres). Estes accidentes diminuíron un 15,58%, dende os 2.285 accidentes no 2009, en porcentaxe o 5,87% a 1.929 no 2013, en porcentaxe o 8,81%. A evolución destes accidentes foi moi distinta en homes e mulleres, diminución nos homes e aumento nas mulleres tal como se detalla a continuación: o descenso nos homes foi do 23,85% (de 1.862 accidentes no 2009, en porcentaxe o 6,25% dos seus accidentes anuais a 1.418 no 2013 en porcentaxe o 9,23%); mentres que nas mulleres estes accidentes aumentaron un 20,80% (de 423 no 2009, en porcentaxe o 4,64% dos seus accidentes anuais a 511 no 2013, en porcentaxe o 7,82%).
- As *Conmocións e lesións internas* son o seguinte grupo de lesións máis frecuentes nos accidentes leves entre 2009 e 2013, se ben neste último ano diminuíron por debaixo das *Queimaduras, escaldaduras e conxelacións*. Estas lesións estiveron presentes en aproximadamente de media no 4,7% dos accidentes (o 4,5% nos homes e o 5,4% nas mulleres). Estes accidentes diminuíron un 89,64%, dende os 2.568 accidentes no 2009, en porcentaxe o 6,60% a 266 no 2013, en porcentaxe o 1,21%. A evolución destes accidentes foi moi similar en homes e mulleres: o descenso nos homes foi do 89,45% (de 1.887 accidentes no 2009, en porcentaxe o 6,34% dos seus accidentes anuais a 199 no 2013, en porcentaxe o 1,29%); mentres que nas mulleres o descenso foi do 90,16% (de 681 no 2009, en porcentaxe o 7,47% dos seus accidentes anuais a 67, en porcentaxe o 1,03).

Os accidentes cualificados como graves polas súas lesións detállanse na [táboa 102](#). Nestes 5 anos o total dos accidentes graves descendeu un 23,86%, sendo este debido exclusivamente ao descenso dos accidentes cualificados como graves nos homes, xa que nas mulleres ademais de aumentar o número de afiliadas tamén o fixo o de accidentadas graves nun 2,17%. Os detalles sobre os grupos de lesións máis frecuentes expóñense a continuación:

- As *Fracturas de ósos* son a lesión máis frecuente con aproximadamente o 44,1% dos accidentes no período (o 43,3% dos homes e o 47,8% das mulleres). Os accidentes declarados con estas lesións diminuíron un 13,64%, dende os 220 accidentes no 2009, en porcentaxe un 40,07% do total dese ano, aos 190 accidentes no 2013, o 45,45% do total anual. A evolución destes accidentes foi distinta nos homes e mulleres: a diminución nos homes foi do 21,43% (dos 182 accidentes no 2009, en porcentaxe o 39,82% dos seus accidentes anuais a 143 no 2013, en porcentaxe o 44,14 dos seus accidentes); mentres que nas mulleres estes accidentes aumentaron nun 23,68%, dende os 38 accidentes graves declarados no 2009, en porcentaxe o 41,30% dos seus accidentes aos 47 accidentes no 2013, en porcentaxe o 50,00% do total dos seus accidentes graves.

- As *Lesións múltiples* son o seguinte grupo de lesións graves máis frecuentes con aproximadamente o 10,1% dos accidentes no período (o 11,0% dos homes e o 5,6% das mulleres). Estes accidentes diminuíron un 33,33%, dende os 57 accidentes no 2009, en porcentaxe o 10,38% do total de accidentes anuais, aos 38 accidentes no 2013, o 9,09% do total anual. Os accidentes diminuíron tanto en homes coma en mulleres aínda que en maior medida nas últimas: a diminución nos homes foi do 31,37% (dos 51 accidentes no 2009, en porcentaxe o 11,16% dos seus accidentes anuais, aos 35 no 2013, en porcentaxe o 10,80% dos seus accidentes); mentres que nas mulleres estes accidentes diminuíron nun 50,00%, dende os 6 accidentes no 2009, en porcentaxe o 6,52% dos seus accidentes graves ese ano, aos 3 no 2013, en porcentaxe o 3,19% do total anual dos seus accidentes.
- As *Lesións superficiais e feridas abertas* supuxeron aproximadamente o 9,6% en media dos accidentes graves entre o 2009 e o 2013 (o 10,0% dos homes e o 8,0% das mulleres). Estes accidentes diminuíron un 33,90%, dende os 59 accidentes no 2009, en porcentaxe o 10,75% do total de accidentes anuais, aos 39 no 2013, o 9,33% do total anual. A diminución dos accidentes no período foi maior nos homes, cun 38,78% menos (dos 49 accidentes no 2009, en porcentaxe o 10,72% dos seus accidentes anuais, aos 30 no 2013, en porcentaxe o 9,26% dos seus accidentes); mentres que nas mulleres estes accidentes diminuíron un 10,00%, dende os 10 accidentes no 2009, en porcentaxe o 10,87% dos seus accidentes graves anuais, aos 9 no 2013, en porcentaxe o 9,57% dos seus accidentes.
- Os accidentes non-traumáticos (*Infartos, derramos e outras patoloxías non-traumáticas*) representaron aproximadamente o 8,3% dos accidentes nestes 5 anos (o 8,1% dos homes e o 9,4% das mulleres). Estes accidentes aumentaron un 21,62%, dende os 37 accidentes no 2009, en porcentaxe o 6,74% do total dos graves, aos 45 no 2013, en porcentaxe o 10,77% dos graves. Os accidentes non-traumáticos aumentaron un 3,23% entre o 2009 e o 2013 nos homes (dos 31 accidentes no 2009, en porcentaxe o 6,78% do total, aos 32 no 2013, en porcentaxe o 9,88% dos seus accidentes); mentres que nas mulleres estes accidentes aumentaron un 116,67%, dende os 6 accidentes no 2009, en porcentaxe o 6,52% dos os seus accidentes graves, aos 13 no 2013, en porcentaxe o 13,83% do total dos seus graves.
- As *Conmocións e lesións internas* foron aproximadamente o 8,2% dos accidentes no quinquenio (o 8,9% dos homes e o 4,7% das mulleres). Estes accidentes diminuíron un 42,55%, dende os 47 accidentes no 2009, en porcentaxe o 8,56% dos accidentes graves do ano, aos 27 no 2013, o 6,46% do total anual. Diminuíron os accidentes nos homes un 44,19% (dos 43 accidentes no 2009, en porcentaxe o 9,41% dos seus accidentes graves, aos 24 no 2013, en porcentaxe o 7,41% do total anual); mentres que nas mulleres a diminución foi do 25,00%, dos 4 accidentes no 2009, en porcentaxe o 4,35% dos seus graves, aos 3 no 2013, en porcentaxe o 3,19% do total dos seus accidentes.

A [táboa 103](#) detalla os accidentes mortais comunicados entre os anos 2009 e 2013 segundo as lesións e o sexo dos accidentados. Os accidentes mortais diminuíron nestes 5 anos un 36,49%, sendo este descenso menor que o dos accidentes leves e maior ao dos accidentes graves. Os grupos de lesións que con maior frecuencia resultaron en accidentes mortais foron os seguintes:

- Os *Infartos, derramos e outras patoloxías non-traumáticas* foron as lesións máis frecuentes nos accidentes mortais con aproximadamente o 35,6% nestes 5 anos (o 35,2% dos homes e o 42,9% das mulleres). Estes accidentes diminuíron un 34,62%, dende

os 26 accidentes no 2009, en porcentaxe o 35,14% dos mortais, aos 17 no 2013, o 36,17% do total de mortais. Estes accidentes diminuíron nos homes un 37,50% (dos 24 accidentes no 2009, en porcentaxe o 34,29% dos seus accidentes mortais, aos 15 no 2013, en porcentaxe o 35,71% do total anual); mentres que nas mulleres houbo 2 accidentes mortais tanto no ano 2009 e no 2013, sendo o 50,00% dos mortais no 2009 e o 40,00% no 2013.

- As *Lesións múltiples* son o segundo grupo de lesións máis frecuentes nos accidentes mortais con aproximadamente o 32,4% dos accidentes no período (o 32,6% nos homes e o 28,6% nas mulleres). Estes accidentes diminuíron un 10,53%, dende os 19 accidentes no 2009, en porcentaxe un 25,68% do total destes accidentes, aos 17 no 2013, o 36,17% do total dos mortais. Os accidentes diminuíron nos homes un 11,11% (de 18 accidentes no 2009, en porcentaxe o 25,71% dos seus mortais, a 16 no 2013, en porcentaxe o 38,10% do total anual); mentres que nas mulleres houbo o mesmo número de accidentes mortais con lesións múltiples no 2009 e no 2013, un (1), sendo o 25,00% e o 20,00% respectivamente do total anual dos accidentes mortais das traballadoras.
- As *Conmocións e lesións internas* son de media aproximadamente o 13,7% dos accidentes mortais notificados entre o 2009 e o 2013, coa mesma porcentaxe nos homes e o 14,3% dos mortais das mulleres. Estes accidentes diminuíron un 46,15%, dende os 13 accidentes no 2009, en porcentaxe un 17,57% do total anual de mortais, aos 7 no 2013, o 14,89% dos accidentes mortais dese ano. Os accidentes mortais diminuíron á metade nos homes (de 12 accidentes no 2009, en porcentaxe o 17,14% a 6 no 2013, en porcentaxe o 14,29% dos mortais). Nas mulleres non houbo variación no número de accidentes mortais entre o ano 2013 e o 2009, un (1).
- Os *Afogamentos e asfixias* son as lesións mortais presentes en aproximadamente o 6,7% dos accidentes mortais notificados entre o 2009 e o 2013 tanto nos homes coma no total de homes e mulleres. Os valores máximos destes accidentes déronse nos anos 2011 (5 accidentes, o 9,80% dos accidentes mortais dos homes e 9,43% do total de homes e mulleres) e 2012 (7 accidentes, o 15,91% dos mortais dos homes e o 15,56% do total). Estes accidentes presentan moita variabilidade sendo escasos entre as mulleres (1 accidente mortal entre o 2009 e o 2013, acontecido neste último ano).

O total dos accidentes notificados segundo a natureza de lesión entre os anos 2009 e 2013, indicando ademais cantos corresponden á homes e mulleres, indícanse na [táboa 104](#). Nada que comentar respecto ao indicado para os accidentes leves agás a pequena variación de números e porcentaxes das lesións máis frecuentes que a continuación se expoñen:

- As *Torceduras, escordaduras e distensións* foron neste período o grupo de lesións máis frecuentes cunha porcentaxe media de accidentes de aproximadamente o 47,2% (o 45,0% nos homes e o 53,6% nas mulleres). Diminuíron un 22,36%, dende os 15.945 accidentes no 2009, en porcentaxe o 40,35% aos 12.379 no 2013, en porcentaxe o 55,34%, sendo moi distinta a evolución en homes e mulleres: o descenso nos homes foi do 29,89% (de 11.659 accidentes no 2009, en porcentaxe un 38,47% dos seus accidentes anuais a 8.174 no 2013, en porcentaxe un 51,94%); mentres que nas mulleres foi do 1,89% (de 4.286 no 2009, en porcentaxe un 46,54% dos seus accidentes anuais a 4.205 no 2013, en porcentaxe un 63,39%).

- As *Lesións superficiais e feridas abertas* foron nestes 5 anos o segundo grupo de lesións cunha porcentaxe media dos accidentes de aproximadamente o 33,8% (o 36,0 nos homes e o 27,5% nas mulleres). Diminuíron un 56,26%, dende os 14.932 accidentes no 2009, en porcentaxe o 37,79% aos 6.532 no 2013, en porcentaxe o 29,20%. A evolución destes accidentes foi distinta en homes e mulleres: o descenso nos homes foi do 58,52% (de 12.106 accidentes no 2009, en porcentaxe o 39,94% dos seus accidentes anuais a 5.022 accidentes no 2013, en porcentaxe o 31,91%); mentres que nas mulleres foi do 46,57% (de 2.826 no 2009, en porcentaxe un 30,69% dos seus accidentes anuais a 1.510 no 2013, en porcentaxe o 22,76%).
- As *Fracturas de ósos* foron as lesións de aproximadamente o 7,6% dos accidentes de media (o 8,0% nos homes e o 6,5% nas mulleres). Estes accidentes diminuíron un 15,36%, dende os 2.506 accidentes no 2009, en porcentaxe o 6,34% a 2.121 no 2013, en porcentaxe o 9,48% do total. A evolución destes accidentes foi moi distinta en homes e mulleres, diminución nuns e aumento naquelas tal como se detalla a continuación: o descenso nos homes foi do 23,57% (de 2.045 accidentes no 2009, en porcentaxe o 6,75% dos seus accidentes anuais a 1.563 no 2013 en porcentaxe o 9,93%); mentres que nas mulleres estes accidentes aumentaron un 21,04% (de 461 no 2009, en porcentaxe o 5,01% dos seus accidentes anuais a 558 no 2013, en porcentaxe o 8,41%).
- As *Conmocións e lesións internas* son o seguinte grupo de lesións máis frecuentes nos accidentes leves entre 2009 e 2013, se ben neste último ano diminuíron por debaixo das *Queimaduras, escaldaduras e conxelacións*. Estas lesións estiveron presentes en aproximadamente de media no 4,8% dos accidentes (o 4,6% nos homes e o 5,4% nas mulleres). Estes accidentes diminuíron un 88,58%, dende os 2.628 accidentes no 2009, en porcentaxe o 6,65% a 300 no 2013, en porcentaxe o 1,34%. A evolución destes accidentes foi moi similar en homes e mulleres: o descenso nos homes foi do 88,21% (de 1.942 accidentes no 2009, en porcentaxe o 6,41% dos seus accidentes anuais a 229 no 2013, en porcentaxe o 1,46%); mentres que nas mulleres o descenso foi do 89,65% (de 686 no 2009, en porcentaxe o 7,45% dos seus accidentes anuais a 71, en porcentaxe o 1,07%).

Nas táboas [105](#) e [106](#) indícanse a incidencia do total dos accidentes notificados entre os anos 2004 e 2013 en cada tipo de lesión. Os datos de afiliación pódense encontrar na [táboa 92](#) así como os comentarios sobre estes na sección [Forma de contacto](#). Dado o número de grupos de lesións na codificación coméntanse as máis importantes numericamente:

- A incidencia dos accidentes no grupo das *Lesións superficiais e feridas abertas* aumentou un 0,71% entre os anos 2004 (2.239,14) e 2008 (2.255,10), aínda que non de forma monótona xa que o valor do ano 2008 é o segundo máis baixo do quinquenio. A diminución entre os 5 anos seguintes foi do 51,79%, dende 1.801,01 no 2009 a 868,23 no 2013, sendo unha diminución monótona ano a ano. O descenso da incidencia ente o ano 2004 (2.239,14) e o 2013 (868,23) foi do 61,22%.
- A incidencia dos accidentes no grupo das *Torceduras, escordaduras e distensións* aumentou un 4,06% entre os anos 2004 (2.192,50) e 2008 (2.281,44), aínda que o valor do ano 2004 é o segundo máis alto do período. A diminución entre os 5 anos seguintes foi do 14,44%, dende os 1923,19 no 2009 a 1.645,41 no 2013, aínda que non de forma monótona xa que o valor do ano

2010 é o máis alto do quinquenio e o do ano 2012 é o máis baixo. Entre o ano 2004 (2.192,50) e o 2013 (1645,41) o descenso foi do 24,95%.

- No grupo das *Fracturas de ósos* a incidencia dos accidentes tivo un descenso monótono entre os anos 2004 (446,25) e 2008 (377,10) do 15,50%. O descenso entre os anos 2009 (302,26) e 2013 (281,92) foi do 6,73%, non sendo un descenso monótono xa que no 2010 foi o valor máis alto e no 2012 o máis baixo. Entre os anos 2004 (446,25) e 2013 (281,92) a diminución foi do 36,82%.
- No grupo das *Conmocións e lesións internas*, a incidencia aumentou un 10,47% entre os anos 2004 (364,27) e 2008 (402,40), aínda que o valor do ano 2006 (371,56) sexa o segundo máis baixo neste período. Houbo un descenso monótono da incidencia entre os anos 2009 (316,97) e 2013 (39,88) do 87,42%. A diminución da incidencia entre os anos 2004 (364,27) e 2013 (39,88) foi do 89,05%.

Para que sirva de referencia, entre os anos 2004 e 2013 os accidentes totais en xornada laboral descenderon un 52,76% e a incidencia un 50,59%. Os accidentes laborais diminuíron entre 2013 e 2009 un 43,39% (un 48,08% nos homes e un 27,96% nas mulleres). A incidencia no mesmo período descendeu un 37,62% (un 37,49% entre os homes e un 28,03% entre as mulleres).

Nas táboas [107](#) e [108](#) móstranse as incidencias das lesións en homes e mulleres do total dos accidentes entre os anos 2009 e 2013. Como de referencia, o valor medio da relación entre a incidencia dos home e mulleres foi de 2,6 veces nestes 5 anos. Comparando os valores dos grupos de lesións máis frecuentes en homes e mulleres encóntranse as seguintes diferenzas:

- A incidencia das *Torceduras, escordaduras e distensións* nos homes diminuíu un 15,59%, de 2.561,42 no 2009 a 2.162,02 no 2013 e nas mulleres un 1,98%, de 1.146,26 no 2009 a 1.123,54 no 2013. A media das proporcións entre as incidencias de homes e mulleres é de 2,2 veces para este grupo de lesións.
- A incidencia das *Lesións superficiais e feridas abertas* nos homes diminuíu un 50,06%, de 2.659,62 no 2009 a 1.328,32 no 2013 e nas mulleres un 46,62%, de 755,79 no 2009 a 403,46 no 2013. A media das proporcións entre as incidencias de homes e mulleres nestes 5 anos é de 3,3 veces.
- Nas *Fracturas de ósos* a incidencia descendeu nos homes un 7,98% entre 2009 (449,27) e 2013 (413,41), se ben o valor máis alto foi no ano 2010 (464,48). Nas mulleres a incidencia entre os anos 2009 (123,29) e 2013 (149,09) aumentou un 20,93%; aínda que é claro o aumento dende o ano 2009, non o fixo de forma monótona. A media da proporcións entre as incidencias de homes e mulleres foi de 3,2 veces.
- Nas *Conmocións e lesións internas* a incidencia descendeu nos homes un 85,80% entre os anos 2009 (426,65) e 2013 (60,57). Nas mulleres o descenso da incidencia foi do 89,88% dende 183,47 no 2009 a 18,97 no 2013.

Nos gráficos [57](#) e [58](#) represéntanse os índices do total de accidentes de cada un dos grupos en que se clasifican os diferentes tipos de lesións. Correspondendo ao gráfico 57 a representación dos anos 2004 ao 2008 e ao gráfico 58 a dos anos 2009 ao 2013. As lesións máis frecuentes coméntanse a continuación:

- As *Lesións superficiais e feridas abertas* son as lesións con maior incidencia entre os anos 2004 (2.239,14) ao 2007 (2.370,94) anos entre os que mostra un crecemento monótono da incidencia. Xa no ano diminuír, diminución que se prolonga nos anos do gráfico 58, ata alcanzar o valor máis baixo no ano 2013 (868,23). As maiores porcentaxes de descenso déronse nos anos 2009 (un 20,14% en relación ao 2008) e no 2012 (un 26,00% en relación ao ano anterior).
- As *Torceduras, escordaduras e distensións* mostran unha evolución distinta: entre os anos 2004 (2.192,50) e 2006 (2.023,09) descenden un 7,73%, experimentaron un ascenso do 12,77% ata o 2008 (2.281,44), descende un 15,70% no 2009 (1.923,19), volve descender entre os anos 2010 (2.115,63) e 2012 (1.615,11) un 23,66%, para ter un lixeiro ascenso do 1,88% no 2013 (1645,41).
- As *Fracturas de ósos* mostraron unha tendencia descendente ao diminuír un 15,50% a súa incidencia entre os anos 2004 (446,25) e 2008 (377,10). Esta tendencia descendente continua ata o ano 2012 (280,51) agás polo comunicado no ano 2010, cunha incidencia resultante de 319,27. No ano 2013 o valor da incidencia practicamente mantense cun moi pequeno aumento do 0,50%.
- As *Conmocións e lesións internas* que como indica a documentación de Delt@, corresponden ás lesións intracraniais e ás lesións (traumáticas) nos órganos intratorácicos, intraabdominais e pélvicos, que se mantiveran con valores relativamente altos entre os anos 2004 (364,27) e 2008 (402,40) experimentaron un gran descenso a partir de entón, isto ten certa relación co maior rigor esixido na validación dos PAT.

Nos gráficos [59](#) e [60](#) móstranse as incidencias dos accidentes de homes e mulleres entre os anos 2009 e 2013. Coméntanse para os tres grupos de lesións máis frecuentes a diferente evolución destas:

- As *Torceduras, escordaduras e distensións* aumentaron a súa incidencia nos homes entre os anos 2009 (2561,42) e 2010 (2.867,47) un 11,95%, diminuíndo a partir de entón ata o ano 2012 (2.162,87), un descenso dun 24,57% nestes 2 anos. No ano 2013 (2.162,02) practicamente mantense a incidencia cunha leve diminución do 0,04% no 2013 (2.162,02). A evolución destas lesións nas mulleres garda certa semellanza coa dos homes. O aumento da incidencia entre os anos 2009 (1.146,26) e 2010 (1.224,72) é do 6,84%, diminúe a incidencia a partir dese ano ata o 2012 (1.007,78), sendo a porcentaxe do 17,71% nestes 2 anos. No ano 2013 (1.123,54) incrementouse a incidencia un 11,49% en relación co anterior.
- A incidencia das *Lesións superficiais e feridas abertas* nos homes diminuíu monotonamente neste período, no cal se poden distinguir 3 tramos diferenciados: diminución dun 25,85% entre os anos 2009 (2659,62) e 2011 (1972,20), diminución dun 26,90% no 2012 (1441,66) en relación ao ano anterior, descenso no 2013 (1328,32) dun 7,86% respecto ao 2012. A evolución da incidencia destas lesións nas mulleres presenta un descenso con menos variacións interanuais: 9,35% entre o 2010 (685,15) e o 2009 (755,79) e variacións de 15,72%, 19,07% e 13,68% entre a incidencia interanual dos anos seguintes ata chegar a 403,46 no 2013.

- A incidencia das Fracturas de ósos nos homes non tivo moita variación neste período, unha diminución entre 2009 (449,27) e 2013 (413,41) do 7,98%, alcanzándose o valor máximo do período no 2010 (464,48), cunha variación interanual máxima do -6,41% entre os anos 2012 (413,93) e 2011 (442,29). Nos dous últimos anos do período a variación foi moi leve -0,12%. A evolución da incidencia destas lesións nas mulleres é distinta e as variacións interanuais son maiores porcentualmente. No ano 2009 rexístrase o valor máis baixo do período, 123,29 e en 2010 o segundo máis alto, 147,20, o que resulta nun incremento do 19,40%. No ano 2013 incrementouse a incidencia nun 12,46% en relación ao ano anterior, de 132,57 no 2012 a 149,09 no 2013. A variación da incidencia destas lesións nas mulleres entre os anos 2009 (123,29) e 2013 foi dun incremento do 20,93%.

Datos dos accidentes

Accid. leves	Natureza da lesión													
	Lesións superficiais e feridas abertas	Fracturas de ósos	Torceduras, escordaduras e distensións	Amputacións traumáticas	Conmocións e lesións internas	Queimaduras, escaldaduras e conxelacións	Envenenamentos e infeccións	Afoga-mentos e asfixias	Efectos do ruído, vibracións e presión	Ambiente térmico e radiacións	Danos psicolóxicos e choques traumáticos	Lesións múltiples	Infartos, derramos e outras patolox. non traumat.	Outras non incluídas
2004	17.515	3.054	17.175	117	2.766	860	68	39	28	60	102	500	25	3.871
2005	18.634	3.126	17.294	142	2.957	820	69	31	20	46	109	398	29	3.233
2006	19.641	3.091	16.971	115	3.033	889	62	41	16	42	88	386	23	3.146
2007	20.673	3.230	19.103	120	3.266	829	63	44	35	47	82	525	33	2.889
2008	19.527	2.964	19.802	95	3.415	837	58	48	69	47	72	687	35	1.965

Táboa 97. Accidentes leves segundo natureza da lesión, anos 2004 a 2008.

Accid. graves	Natureza da lesión													
	Lesións superficiais e feridas abertas	Fracturas de ósos	Torceduras, escordaduras e distensións	Amputacións traumáticas	Conmocións e lesións internas	Queimaduras, escaldaduras e conxelacións	Envenenamentos e infeccións	Afoga-mentos e asfixias	Efectos do ruído, vibracións e presión	Ambiente térmico e radiacións	Danos psicolóxicos e choques traumáticos	Lesións múltiples	Infartos, derramos e outras patolox. non traumat.	Outras non incluídas
2004	102	456	75	73	90	46	2	0	3	0	1	85	60	89
2005	112	406	69	70	77	45	2	1	0	1	3	76	50	89
2006	107	378	55	66	85	36	1	2	1	1	2	84	41	90
2007	92	320	48	66	73	33	1	2	0	0	1	91	37	70
2008	73	314	30	51	74	23	3	1	0	0	4	65	35	27

Táboa 98. Accidentes graves segundo natureza da lesión, anos 2004 a 2008.

Accid. mortais	Natureza da lesión													
	Lesións superficiais e feridas abertas	Fracturas de ósos	Torceduras, escordaduras e distensións	Amputacións traumáticas	Conmocións e lesións internas	Queimaduras, escaldaduras e conxelacións	Envenenamentos e infeccións	Afogamentos e asfixias	Efectos do ruído, vibracións e presión	Ambiente térmico e radiacións	Danos psicolóxicos e choques traumáticos	Lesións múltiples	Infartos, derramos e outras patolox. non traumat.	Outras non incluídas
2004	0	1	0	2	10	1	0	16	0	0	2	20	18	17
2005	1	2	0	0	12	0	0	17	0	0	0	33	15	22
2006	0	1	0	0	9	0	0	3	0	0	1	29	15	20
2007	0	0	0	0	13	0	0	5	2	1	3	18	17	16
2008	3	0	0	0	9	0	0	7	0	0	3	17	20	13

Táboa 99. Accidentes mortais segundo natureza da lesión, anos 2004 a 2008.

Accid. totais	Natureza da lesión													
	Lesións superficiais e feridas abertas	Fracturas de ósos	Torceduras, escordaduras e distensións	Amputacións traumáticas	Conmocións e lesións internas	Queimaduras, escaldaduras e conxelacións	Envenenamentos e infeccións	Afogamentos e asfixias	Efectos do ruído, vibracións e presión	Ambiente térmico e radiacións	Danos psicolóxicos e choques traumáticos	Lesións múltiples	Infartos, derramos e outras patolox. non traumat.	Outras non incluídas
2004	17.617	3.511	17.250	192	2.866	907	70	55	31	60	105	605	103	3.977
2005	18.747	3.534	17.363	212	3.046	865	71	49	20	47	112	507	94	3.344
2006	19.748	3.470	17.026	181	3.127	925	63	46	17	43	91	499	79	3.256
2007	20.765	3.550	19.151	186	3.352	862	64	51	37	48	86	634	87	2.975
2008	19.603	3.278	19.832	146	3.498	860	61	56	69	47	79	769	90	2.005

Táboa 100. Accidentes totais segundo natureza da lesión, anos 2004 a 2008.

Accd. leves		Natureza da lesión													
		Lesións superficiais e feridas abertas	Fracturas de ósos	Torceduras, escordaduras e distensións	Amputacións traumáticas	Conmocións e lesións internas	Queimaduras, escaldaduras e conxelacións	Envenenamentos e infeccións	Afoga-mentos e asfixias	Efectos do ruído, vibracións e presión	Ambiente térmico e radiacións	Danos psicolóxicos e choques traumáticos	Lesións múltiples	Infartos, derramos e outras patolox. non traumat.	Outras non incluídas
2009	Homes	12.057	1.862	11.644	72	1.887	444	36	15	53	22	24	352	26	1.287
	Mulleres	2.816	423	4.276	14	681	196	11	7	15	2	25	96	3	548
	Total	14.873	2.285	15.920	86	2.568	640	47	22	68	24	49	448	29	1.835
2010	Homes	10.055	1.803	12.524	79	1.272	455	46	12	123	49	28	251	26	600
	Mulleres	2.524	496	4.512	7	538	183	17	8	22	0	18	101	3	310
	Total	12.579	2.299	17.036	86	1.810	638	63	20	145	49	46	352	29	910
2011	Homes	8.289	1.688	10.676	62	1.041	344	29	16	133	45	30	240	310	23
	Mulleres	2.114	459	4.155	16	457	165	13	3	30	2	24	98	137	22
	Total	10.403	2.147	14.831	78	1.498	509	42	19	163	47	54	338	447	45
2012	Homes	5.649	1.454	8.518	58	672	253	16	7	6	26	27	170	53	3
	Mulleres	1.660	434	3.576	6	317	104	20	6	4	1	10	67	11	5
	Total	7.309	1.888	12.094	64	989	357	36	13	10	27	37	237	64	8
2013	Homes	4.992	1.418	8.150	74	199	274	16	7	7	27	25	150	28	3
	Mulleres	1.501	511	4.193	6	67	134	22	6	0	2	13	58	21	1
	Total	6.493	1.929	12.343	80	266	408	38	13	7	29	38	208	49	4

Táboa 101. Accidentes leves segundo natureza da lesión, anos 2009 a 2013.

Accd. graves		Natureza da lesión													
		Lesións superficiais e feridas abertas	Fracturas de ósos	Torceduras, escordaduras e distensións	Amputacións traumáticas	Conmocións e lesións internas	Queimaduras, escaldaduras e conxelacións	Envenenamentos e infeccións	Afoga-mentos e asfixias	Efectos do ruído, vibracións e presión	Ambiente térmico e radiacións	Danos psicolóxicos e choques traumáticos	Lesións múltiples	Infartos, derramos e outras patolox. non traumat.	Outras non incluídas
2009	Homes	49	182	15	39	43	24	2	0	0	0	3	51	31	18
	Mulleres	10	38	10	7	4	6	0	0	0	0	0	6	6	5
	Total	59	220	25	46	47	30	2	0	0	0	3	57	37	23
2010	Homes	53	229	33	24	53	20	0	2	1	0	0	44	39	9
	Mulleres	8	48	14	2	4	2	3	0	3	0	0	6	6	3
	Total	61	277	47	26	57	22	3	2	4	0	0	50	45	12
2011	Homes	36	179	24	31	32	11	2	0	0	0	1	52	40	0
	Mulleres	3	32	10	3	4	1	0	0	1	0	0	5	6	0
	Total	39	211	34	34	36	12	2	0	1	0	1	57	46	0
2012	Homes	42	179	20	37	36	17	0	0	0	0	1	49	29	0
	Mulleres	4	38	12	2	5	1	0	0	0	0	0	4	9	0
	Total	46	217	32	39	41	18	0	0	0	0	1	53	38	0
2013	Homes	30	143	24	23	24	13	0	0	0	0	0	35	32	0
	Mulleres	9	47	12	4	3	3	0	0	0	0	0	3	13	0
	Total	39	190	36	27	27	16	0	0	0	0	0	38	45	0

Táboa 102. Accidentes graves segundo natureza da lesión, anos 2009 a 2013.

Accd. mortais		Natureza da lesión													
		Lesións superficiais e feridas abertas	Fracturas de ósos	Torceduras, escordaduras e distensións	Amputacións traumáticas	Conmocións e lesións internas	Queimaduras, escaldaduras e conxelacións	Envenenamentos e infeccións	Afoga-mentos e asfixias	Efectos do ruído, vibracións e presión	Ambiente térmico e radiacións	Danos psicolóxicos e choques traumáticos	Lesións múltiples	Infartos, derramos e outras patolox. non traumat.	Outras non incluídas
2009	Homes	0	1	0	0	12	1	0	3	1	0	2	18	24	8
	Mulleres	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	1	2	0
	Total	0	1	0	0	13	1	0	3	1	0	2	19	26	8
2010	Homes	1	2	0	0	8	2	0	1	1	0	1	22	21	4
	Mulleres	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	1
	Total	1	2	0	0	8	2	0	1	1	0	1	23	21	5
2011	Homes	0	0	0	0	7	0	0	5	0	0	1	14	24	0
	Mulleres	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0
	Total	0	0	0	0	7	0	0	5	0	0	1	15	25	0
2012	Homes	0	1	0	2	4	1	0	7	0	0	0	18	11	0
	Mulleres	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0
	Total	0	1	0	2	4	1	0	7	0	0	0	18	12	0
2013	Homes	0	2	0	0	6	1	0	2	0	0	0	16	15	0
	Mulleres	0	0	0	0	1	0	0	1	0	0	0	1	2	0
	Total	0	2	0	0	7	1	0	3	0	0	0	17	17	0

Táboa 103. Accidentes mortais segundo natureza da lesión, anos 2009 a 2013.

Accd. totais		Natureza da lesión													
		Lesións superficiais e feridas abertas	Fracturas de ósos	Torceduras, escordaduras e distensións	Amputacións traumáticas	Conmocións e lesións internas	Queimaduras, escaldaduras e conxelacións	Envenenamentos e infeccións	Afoga-mentos e asfixias	Efectos do ruído, vibracións e presión	Ambiente térmico e radiacións	Danos psicolóxicos e choques traumáticos	Lesións múltiples	Infartos, derramos e outras patolox. non traumat.	Outras non incluídas
2009	Homes	12.106	2.045	11.659	111	1.942	469	38	18	54	22	29	421	81	1.313
	Mulleres	2.826	461	4.286	21	686	202	11	7	15	2	25	103	11	553
	Total	14.932	2.506	15.945	132	2.628	671	49	25	69	24	54	524	92	1.866
2010	Homes	10.109	2.034	12.557	103	1.333	477	46	15	125	49	29	317	86	613
	Mulleres	2.532	544	4.526	9	542	185	20	8	25	0	18	108	9	314
	Total	12.641	2.578	17.083	112	1.875	662	66	23	150	49	47	425	95	927
2011	Homes	8.325	1.867	10.700	93	1.080	355	31	21	133	45	32	306	374	23
	Mulleres	2.117	491	4.165	19	461	166	13	3	31	2	24	104	144	22
	Total	10.442	2.358	14.865	112	1.541	521	44	24	164	47	56	410	518	45
2012	Homes	5.691	1.634	8.538	97	712	271	16	14	6	26	28	237	93	3
	Mulleres	1.664	472	3.588	8	322	105	20	6	4	1	10	71	21	5
	Total	7.355	2.106	12.126	105	1.034	376	36	20	10	27	38	308	114	8
2013	Homes	5.022	1.563	8.174	97	229	288	16	9	7	27	25	201	75	3
	Mulleres	1.510	558	4.205	10	71	137	22	7	0	2	13	62	36	1
	Total	6.532	2.121	12.379	107	300	425	38	16	7	29	38	263	111	4

Táboa 104. Accidentes totais segundo natureza da lesión, anos 2009 a 2013.

Datos de incidencias

Incid. accid. totais	Natureza da lesión													
	Lesións superficiais e feridas abertas	Fracturas de ósos	Torceduras, escordaduras e distensións	Amputacións traumáticas	Conmocións e lesións internas	Queimaduras, escaldaduras e conxelacións	Envenenamentos e infeccións	Afogaamentos e asfixias	Efectos do ruído, vibracións e presión	Ambiente térmico e radiacións	Danos psicolóxicos e choques traumáticos	Lesións múltiples	Infartos, derramos e outras patolox. non traumat.	Outras non incluídas
2004	2.239,14	446,25	2.192,50	24,40	364,27	115,28	8,90	6,99	3,94	7,63	13,35	76,90	13,09	505,48
2005	2.315,39	436,47	2.144,45	26,18	376,20	106,83	8,77	6,05	2,47	5,80	13,83	62,62	11,61	413,01
2006	2.346,52	412,32	2.023,09	21,51	371,56	109,91	7,49	5,47	2,02	5,11	10,81	59,29	9,39	386,89
2007	2.370,94	405,34	2.186,65	21,24	382,73	98,42	7,31	5,82	4,22	5,48	9,82	72,39	9,93	339,68
2008	2.255,10	377,10	2.281,44	16,80	402,40	98,93	7,02	6,44	7,94	5,41	9,09	88,46	10,35	230,65

Táboa 105. Incidencia dos accidentes totais segundo natureza da lesión, anos 2004 a 2008.

Incid. accid. totais	Natureza da lesión													
	Lesións superficiais e feridas abertas	Fracturas de ósos	Torceduras, escordaduras e distensións	Amputacións traumáticas	Conmocións e lesións internas	Queimaduras, escaldaduras e conxelacións	Envenenamentos e infeccións	Afogaamentos e asfixias	Efectos do ruído, vibracións e presión	Ambiente térmico e radiacións	Danos psicolóxicos e choques traumáticos	Lesións múltiples	Infartos, derramos e outras patolox. non traumat.	Outras non incluídas
2009	1.801,01	302,26	1.923,19	15,92	316,97	80,93	5,91	3,02	8,32	2,89	6,51	63,20	11,10	225,07
2010	1.565,51	319,27	2.115,63	13,87	232,21	81,98	8,17	2,85	18,58	6,07	5,82	52,63	11,77	114,80
2011	1.323,93	298,97	1.884,72	14,20	195,38	66,06	5,58	3,04	20,79	5,96	7,10	51,98	65,68	5,71
2012	979,64	280,51	1.615,11	13,99	137,72	50,08	4,79	2,66	1,33	3,60	5,06	41,02	15,18	1,07
2013	868,23	281,92	1.645,41	14,22	39,88	56,49	5,05	2,13	0,93	3,85	5,05	34,96	14,75	0,53

Táboa 106. Incidencia dos accidentes totais segundo natureza da lesión, anos 2009 a 2013.

Incid. accid. Totais dos homes	Natureza da lesión													
	Lesións superficiais e feridas abertas	Fracturas de ósos	Torceduras, escordaduras e distensións	Amputacións traumáticas	Conmocións e lesións internas	Queimaduras, escaldaduras e conxelacións	Envenenamentos e infeccións	Afogamentos e asfixias	Efectos do ruído, vibracións e presión	Ambiente térmico e radiacións	Danos psicolóxicos e choques traumáticos	Lesións múltiples	Infartos, derramos e outras patolox. non traumat.	Outras non incluídas
2009	2.659,62	449,27	2.561,42	24,39	426,65	103,04	8,35	3,95	11,86	4,83	6,37	92,49	17,80	288,46
2010	2.308,45	464,48	2.867,47	23,52	304,40	108,93	10,50	3,43	28,54	11,19	6,62	72,39	19,64	139,98
2011	1.972,20	442,29	2.534,84	22,03	255,85	84,10	7,34	4,97	31,51	10,66	7,58	72,49	88,60	5,45
2012	1.441,66	413,93	2.162,87	24,57	180,37	68,65	4,05	3,55	1,52	6,59	7,09	60,04	23,56	0,76
2013	1.328,32	413,41	2.162,02	25,66	60,57	76,18	4,23	2,38	1,85	7,14	6,61	53,16	19,84	0,79

Táboa 107. Incidencia dos accidentes totais dos homes segundo natureza da lesión, anos 2009 a 2013.

Incid. accid. Totais das mulleres	Natureza da lesión													
	Lesións superficiais e feridas abertas	Fracturas de ósos	Torceduras, escordaduras e distensións	Amputacións traumáticas	Conmocións e lesións internas	Queimaduras, escaldaduras e conxelacións	Envenenamentos e infeccións	Afogamentos e asfixias	Efectos do ruído, vibracións e presión	Ambiente térmico e radiacións	Danos psicolóxicos e choques traumáticos	Lesións múltiples	Infartos, derramos e outras patolox. non traumat.	Outras non incluídas
2009	755,79	123,29	1.146,26	5,62	183,47	54,02	2,94	1,87	4,01	0,53	6,69	27,55	2,94	147,90
2010	685,15	147,20	1.224,72	2,44	146,66	50,06	5,41	2,16	6,76	0,00	4,87	29,22	2,44	84,97
2011	577,48	133,94	1.136,13	5,18	125,75	45,28	3,55	0,82	8,46	0,55	6,55	28,37	39,28	6,00
2012	467,38	132,57	1.007,78	2,25	90,44	29,49	5,62	1,69	1,12	0,28	2,81	19,94	5,90	1,40
2013	403,46	149,09	1.123,54	2,67	18,97	36,61	5,88	1,87	0,00	0,53	3,47	16,57	9,62	0,27

Táboa 108. Incidencia dos accidentes totais das mulleres segundo natureza da lesión, anos 2009 a 2013.

Gráficos de incidencias




Gráfico 57. Incidencia do total dos accidentes segundo natureza da lesión, anos 2004 ao 2008.




Gráfico 58. Incidencia do total dos accidentes segundo natureza da lesión, anos 2009 ao 2013.




Gráfico 59. Incidencia do total dos accidentes dos homes segundo natureza da lesión, anos 2009 ao 2013.

Incidencia do total de accidentes das mulleres por natureza da lesión




Gráfico 60. Incidencia do total dos accidentes das mulleres segundo natureza da lesión, anos 2009 ao 2013.

Segundo tipo de contrato

Os datos dos accidentes laborais en xornada, desagregados segundo o tipo de contrato, detállanse nas táboas da [109](#) á [116](#). As táboas da [109](#) á [112](#) corresponden aos accidentes segundo a súa gravidade (leves, graves, mortais) e ao total destes, entre os anos 2004 e 2008. As táboas da [113](#) á [116](#) son as correspondentes aos anos 2009 ao 2013 nos que se detalla ademais o sexo do persoal traballador.

Os datos dos accidentes leves pódense observar na [táboa 109](#). Salvo no caso do ano 2008 os accidentes dos traballadores con contratos de duración non definida (indefinidos) mantivéronse por debaixo do número de accidentes dos traballadores temporais.

Os accidentes leves dos traballadores con contratos indefinidos aumentaron un 20,28% entre os anos 2004 (20.290) e 2007 (24.405) sendo lixeiramente inferior (24.211) no 2008 respecto ao ano anterior. No caso dos traballadores con contratos temporais, entre os anos 2004 e 2007 mantivéronse en números próximos aos 25.789 accidentes de media diminuindo un 15,21%, ata os 21.925 no 2008, dende os 25.857 accidentes no 2007. O rexistro dos accidentes laborais dos traballadores do grupo de Autónomos e sen especificar (os accidentes coinciden normalmente cos dos traballadores que traballan por conta propia) aumentou ano a ano dende o 2004 (antes dese ano os traballadores do réxime especial de traballadores autónomos non podían ter cuberta esta continxencia) ver a [Nota 4](#), sendo destacable o incremento dende os 677 accidentes no 2007 aos 3.485 no 2008 aumento bastante parello á diminución xa indicada nos traballadores con contratos temporais, o que parece indicar certa relación.

No que respecta aos accidentes graves da [táboa 110](#), os accidentes graves rexistrados como tales foron máis frecuentes nos traballadores con contrato indefinido que nos traballadores temporais. Os accidentes graves nos indefinidos diminuíron un 46,97% entre o 2004 (594) ao 2008 (315), mentres que nos temporais a diminución foi do 42,83%, dos 481 no 2004 aos 275 no 2008. Os accidentes graves no grupo os traballadores autónomos aumentaron ano a ano no período sendo importantes os incrementos entre os anos 2005 (49) e 2004 (7) e 2008 (110) e 2007 (63).

Na [táboa 111](#) detállanse os números dos accidentes mortais. Os accidentes mortais no grupo dos traballadores temporais pódese dicir que diminuíron no período, salvo o aumento entre os anos 2004 (47) e 2005 (49), dende os 47 no 2004 aos 20 no 2008 o que en porcentaxe é unha diminución do 57,45%, sendo a media dos accidentes mortais no período de 37. En cambio nos traballadores con contratos indefinidos, estes accidentes aumentaron un 15,00%, dende os 40 accidentes no 2004 aos 46 no 2008 (no 2005 foron 52 e no 2007, 38 accidentes) sendo a media no período de 44 accidentes. No grupo *Autónomos e sen especificar* no ano 2007 notificáronse 5 accidentes e no 2008 foron 6.

Nos accidentes totais da [táboa 112](#) as variacións son moi semellantes aos accidentes leves: aumento dos accidentes nos traballadores indefinidos un 17,43%, de 20.924 no 2004 a 24.572 no 2008 (no 2007 foron 24.844 accidentes), diminución nos temporais dun 15,59%, diminución esta que principalmente se dá entre os anos 2007 (26.259) e 2008 (22.220) sendo 26.323 os notificados no 2004 e un grande aumento dos accidentes nos traballadores autónomos (102 no 2004, 745 no 2007, 3.601 no 2008).

Na [táboa 113](#) detállanse os accidentes leves entre os anos 2009 e 2013 tanto de homes coma de mulleres. O total dos accidentes nestes 5 anos descendeu un 43,68%, dos 38.894 no 2009 aos 21.905, sendo a diminución dos accidentes nos homes un 48,39%, dende os 29.781 no

2009 aos 15.370 no 2013 e nas mulleres dun 28,29%, dende os 9.113 accidentes no 2009 aos 6.535 no 2013. A diminución do número de accidentes nas traballadoras produciuse ata o ano 2012, ao aumentar no 2013 un 5,05% respecto aos 6.221 accidentes do 2012.

A evolución dos distintos grupos de traballadores segundo o seu contrato coméntase a continuación:

- Nos traballadores con contrato indefinido, a evolución do total dos accidentes de homes e mulleres continua o descenso dos accidentes iniciado no 2008, no 2009 (22.169) descenso que se fai máis notable no ano 2012 (14.328) ao comparalo co 2011 (18.194), un 21,25%, atenuándose a pendente de descenso no 2013 (13.664), sendo o descenso no período dun 38,36%. No caso dos homes, ao ter máis de dúas veces o número de accidentes que as mulleres, a evolución do seu accidentes condiciona a do total. Os accidentes nos homes descenderon un 43,61% dende os 16.902 no 2009 aos 9.531 no 2013, sendo a maior caída do número de accidentes entre os anos 2012 (10.505) e 2011 (13.670), un 23,15%. Nas mulleres o descenso no número de accidentes foi menor, dos 5.267 accidentes no 2009 aos 4.133 no 2013, o que en porcentaxe supón unha diminución do 21,53%. A diferenza dos homes, no ano 2013 os accidentes aumentaron respecto ao ano 2012 un 8,11%, ao pasar de 3.823 a 4.133. Indicouse anteriormente neste mesmo estudo (e na [Nota 2](#)) o cambio normativo polo cal o persoal traballador do fogar ten na actualidade accidentes considerados como laborais.
- Nos traballadores con contrato temporal, o descenso do número de accidentes entre os anos 2009 (15.510) e 2008 (21.925) foi do 29,26%, sendo superado pola diminución entre os anos 2012 (7.555) e 2011 (11.073), un 31,77%. O descenso total dende os accidentes notificados no 2009 ata os 7.007 accidentes do ano 2013 foi do 54,82%. Nos homes a diminución do número de accidentes foi do 58,33%, dende os 12.042 no 2009 aos 5.018 no 2013, sendo destacable o descenso entre os anos 2012 (5.520) e 2011 (8.315) un 33,61%. Nas mulleres o descenso do número de accidentes foi dun 42,65%, dende os 3.468 no 2009 aos 1.989 no 2013, diminuindo un 2,26% entre os anos 2013 e 2012 (2.035).
- Nos traballadores autónomos, non se pode falar de descenso do número de accidentes nestes 5 anos, xa que os números máis baixos de accidentes corresponden aos anos 2013 (1.234) e 2009 (1.215), un 1,56% máis, sendo os anos 2010 con 1.356 accidentes e 2011 con 1.354 os de maior número de accidentes. Os accidentes entre os anos 2012 (1.250) e 2011 (1.354) diminuíron un 7,68%. Nos accidentes dos homes, no ano 2013 (821) foron un 1,91% inferiores aos 837 do ano 2009, pero iso non indica que a evolución fose un descenso dos accidentes no período, xa que nos anos 2011 (941), 2010 (896) e 2012 (887) foi maior o número de accidentes. Nas mulleres os accidentes do ano 2013 (413) supoñen un aumento do 9,26% respecto aos do 2009 (378) pero no ano 2012 os 363 notificados son a cifra máis baixa do período e os 460 do 2010 a máis alta.

Os accidentes graves segundo o sexo e o tipo de contrato indícanse na [táboa 114](#). Os accidentes graves descenderon un 23,86% ao comparar os 418 accidentes no 2013 cos 549 no 2009, sendo o número dos accidentes notificados no 2010 o máis alto do período, 606, e os 473 do ano 2011 os segundos máis baixos, o que non impide que a tendencia xeral da notificación de accidentes graves resulte descendente. Os accidentes graves nos homes diminuíron un 29,10% ao comparar os datos do 2013 (324) e o 2009 (549) sendo o ano 2010 con 606 o de maior número de accidentes graves. Nas mulleres o incremento entre o número de accidentes do ano 2013 (94) e 2009 (92) é dun 2,17%, aínda que os números de accidentes máis baixos se dan nos anos 2011 (65) e 2012 (75) e o número máis alto no 2010 (99). A análise por tipo de contrato expónse a continuación:

- Os accidentes dos traballadores con contrato indefinido diminuíron un 24,21% ao comparar os datos do ano 2013 (216) e 2009 (285). No ano 2011 (250) notificáronse o menor número de accidentes graves e no 2010 (313) o máis alto. Nos homes, os 172 accidentes

notificados no 2013 supoñen unha diminución dun 30,36% respecto aos 247 do ano 2009, sendo os accidentes dos anos 2010 (280) e 2011 (221) os máis altos e baixos respectivamente do período. Nas mulleres, os 44 accidentes graves do ano 2013 supoñen un incremento do 15,79% respecto aos 38 accidentes do ano 2009, se ben os accidentes descenderon ata os 29 do ano 2011 volvendo aumentar ata o ano 2013.

- Os accidentes graves dos traballadores con contratos temporais descenderon un 39,38% dende os notificados no 2009 (193) aos do ano 2013 (117) sendo este descenso monótono ano a ano. É de destacar que entre os anos 2011 (151) e 2010 (185) o descenso foi dun 18,38%. Nos homes a diminución dos accidentes foi do 44,05%, dende os 168 accidentes no 2009 aos 94 no 2013, sendo este descenso monótono. O maior descenso numérico produciuse entre os anos 2011 (135) e 2010 (161) e o maior descenso porcentual, un 20,34%, entre os anos 2013 (94) e 2012 (118). Os accidentes graves descenderon nas mulleres un 8,00%, dende os 25 no 2009 aos 23 no 2013 pero o ano con menor número de accidentes foi o 2011 (16) aumentando ata o 2013.
- Os accidentes dos traballadores autónomos aumentaron un 19,72% se comparamos os 85 accidentes do ano 2013 cos 71 do 2009. A tendencia dos accidentes graves nestes 5 anos é crecente, pero o crecemento do número de accidentes non é monótono agás no tramo dende o 2011 (72) xa que no ano 2010 se deu o maior número de accidentes notificados, 108. Os accidentes graves nos homes aumentaron un 38,10% entre o 2009 (42) e o 2013 (58) se ben o número maior de accidentes se notificou no 2010 (66), volvendo aumentar dende o 2011 (52). En cambio, os accidentes das mulleres descenderon un 6,90% ao comparar os 27 accidentes do 2013 cos 29 do 2009, sendo o ano con maior número de accidentes o 2010 (42) e o menor o 2011 (20).

A táboa cos datos dos accidentes mortais é a [115](#). Aínda que os 74 accidentes do ano 2009 sitúan este ano no mesmo nivel que os 75 do 2007 e os 72 accidentes do 2008, os 47 accidentes mortais do 2013 supoñen unha diminución do 36,49%, non sendo este número o máis baixo do período o cal corresponde ao ano 2012 (45). O 95,1% dos accidentes mortais nestes 5 anos corresponden aos homes e o 4,9% ás mulleres (unha media anual de 3 accidentes mortais), sendo o descenso do número de accidentes mortais nos homes do 40,00%, dos 70 no 2009 aos 42 no 2013, descenso que se produce monotonamente. En cada grupo de tipos de contrato:

- Os accidentes dos traballadores con contrato indefinido diminuíron un 42,86%, dende os 42 do ano 2009 aos 24 no 2013. Nos homes os accidentes diminuíron dende os 41 no 2009 aos 22 no 2013 o que en porcentaxe é un 46,34%. Nestes 5 anos o número de accidentes mortais das mulleres foi de 5.
- Os accidentes dos traballadores con contrato temporal diminuíron un 29,63% ao comparar os 19 do ano 2013 cos 27 do 2009, se ben o menor número de accidentes se deu no 2012 con 17. Nos homes pódese falar de 2 tramos temporais diferenciados: 2009 e 2010 con 24 accidentes mortais e 2011 ao 2013 con 17 accidentes. A diferenza entre os números de ambos os dous tramos é dun 29,17%. As mulleres tiveron un total de 6 accidentes mortais nestes 5 anos.
- Os traballadores autónomos comunicaron 16 accidentes mortais notificados entre 2009 e 2013, sendo 2009 con 5 accidentes e 2010 e 2013 con 4 accidentes os anos de maior sinistralidade. Os homes tiveron 13 accidentes mortais e as mulleres 3 nestes 5 anos.

O total dos accidentes no período detállase na [táboa 116](#). O total dos accidentes diminuíu un 43,39% (48,08% nos homes e un 27,96% nas mulleres) aínda que no caso das mulleres os 6.634 do ano 2013 supoñen un aumento do 5,35% respecto aos 6.297 do ano 2012. En cada grupo de tipos de contrato:

- Nos traballadores con contratos indefinidos os accidentes diminuíron entre o 2013 (13.904) e 2009 (22.496) un 38,19% sendo esta diminución monótona. Nos homes os accidentes diminuíron monotonamente entre o 2013 (9.725) e 2009 (17.190) un 43,43%. Nas mulleres os accidentes entre o 2013 (4.179) e o 2009 (5.306) diminuíron un 21,21%, sendo o ano con menor número de accidentes o 2012 con 3.857, sendo o incremento no ano 2013 respecto ao anterior dun 8,35%.
- Nos traballadores con contratos temporais os accidentes diminuíron monotonamente entre o 2013 (7.143) e o 2009 (15.730) un 54,59%. Nos homes diminuíron os accidentes entre o 2013 (5.129) e 2009 (12.234) un 58,08%. Nas mulleres diminuíron os accidentes entre o 2013 (2.014) e o 2009 (3.496) un 42,39%.
- Nos traballadores autónomos dende os valores máis altos dos anos 2010 (1.468) e 2011 (1427) nos 2 anos seguintes os accidentes descenderon ata os 1.323 do 2013, superior un 2,48% aos 1.291 do 2009, sendo a media de accidentes do período de 1.368. Nos homes, o número maior de accidentes foi no ano 2011 (994) diminuíndo ata os 882 no 2013, 2 menos que no ano 2009, sendo a media de accidentes de 933. Nas mulleres o maior número de accidentes deuse nos anos 2010 (504) e 2013 (441), sendo a media de accidentes no período de 435.

Nas táboas da [117](#) á [132](#) móstranse os datos das porcentaxes de accidentes dos traballadores de cada tipo de contrato en relación ao total. Nas táboas 117 á [124](#) indícanse os accidentes segundo a súa gravidade entre os anos 2004 e 2013:

- Nas táboas [117](#) e [118](#) (gráficos [61](#) e [62](#)) detállanse as porcentaxes dos accidentes leves nos traballadores de cada tipo de contrato. Se ata o ano 2006 as porcentaxes de accidentes dos traballadores *Temporais* se mantiveran por enriba do 54% e os *Indefinidos* no 44% a partir do ano 2007 (47,91% *Indefinidos*, 50,76% *Temporais*) é onde se empeza a inverter a maioría, sendo xa no 2008 (48,79% *Indefinidos*, 44,18% *Temporais*) o primeiro ano en que a proporción do total de accidentes nos traballadores *Temporais* é inferior aos *Indefinidos*. Dende o ano 2009 (57,00% *Indefinidos*, 39,88% *Temporais* e 3,12% *Autónomos*) as porcentaxes evolucionaron monotonamente ata os datos do 2013 (62,38% *Indefinidos*, 31,99% *Temporais*, 5,63% *Autónomos*).
- As táboas [119](#) e [120](#) (gráficos [63](#) e [64](#)) corresponden aos accidentes graves. A evolución é distinta á dos accidentes leves, as porcentaxes do total de accidentes dos traballadores con contrato indefinido sempre foron superiores aos *Temporais*. No quinquenio 2004-2008 os traballadores con contrato indefinido tiveron de media o 49,6% dos accidentes graves e no 2009-2013 o 52,7%. Os traballadores *Temporais* que no quinquenio 2004-2008 tiveron unha porcentaxe media do 44,2% (46,55% no 2005, 39,29% no 2008) diminuíron no 2009-2013 a unha porcentaxe medio do 30,9% (35,15% no 2009, 27,99% no 2013). Nos traballadores autónomos a porcentaxe de accidentes graves dos traballadores por conta propia mostra unha tendencia ascendente: 2007 (7,55%), 2009 (12,93%), 2011 (15,22%) y 2013 (20,33%).
- Os datos das porcentaxes dos accidentes mortais están nas táboas [121](#) e [122](#) (gráficos [65](#) e [66](#)). Agás no ano 2004 (45,98% *Indefinidos*, 54,02% *Temporais*) a porcentaxe de accidentes mortais do total sempre foi maior nos traballadores con contratos indefinidos. As porcentaxes medias de accidentes mortais no quinquenio 2004-2008 foron: 52,9% nos *Indefinidos*, 44,2 nos *Temporais* e

2,9% nos Autónomos. No quinquenio 2009-2013 as porcentaxes medias foron: 57,4% nos *Indefinidos*, 37,0% nos *Temporais* e 5,6% nos Autónomos.

- As táboas [123](#) e [124](#) (gráficos [67](#) e [68](#)) detallan o total dos accidentes por tipo de contrato nos 2 quinquenios a estudo. Da mesma forma que nos accidentes leves, no total dos accidentes o ano 2008 supón o punto de inflexión en que a porcentaxe de accidentes dos traballadores con contrato indefinido supera aos traballadores temporais (48,76% nos *Indefinidos* por 44,09% nos *Temporais*). No período 2004-2008 a porcentaxe media dos accidentes dos traballadores con contrato indefinido foi do 46,2%, nos traballadores temporais o 51,7% e nos traballadores autónomos o 2,1%. Entre os anos 2009 ao 2013 a porcentaxe media dos accidentes dos traballadores *Indefinidos* foi do 59,3%, nos *Temporais* o 36,3% e nos *Autónomos* o 4,5%. É de destacar a porcentaxe dos accidentes dos traballadores autónomos que dende o ano 2009 (3,27%) ao 2013 (5,91%) estivo a incrementarse monotonamente.

Nas táboas [125](#) á [132](#) detállanse as porcentaxes de accidentes segundo sexo e gravidade dos traballadores de cada tipo de contrato entre os anos 2009 e 2013:

- As táboas [125](#) e [126](#) (gráficos [69](#) e [70](#)) corresponden aos accidentes leves de homes e mulleres segundo o seu tipo de contrato. A evolución en homes e mulleres é moi similar. **Nos homes**, a porcentaxe de accidentes dos traballadores con contratos indefinidos aumentou dende o 56,75% do ano 2009 ao 62,01% no 2013, sendo a porcentaxe máxima o do ano 2012 (61,125) e a porcentaxe media no período do 59,2%. Pola contra, a porcentaxe de accidentes dos traballadores temporais diminuíu dende o 40,44% do ano 2009 ao 32,65% no 2013, sendo a porcentaxe mínima do período no ano 2012 co 32,64% e a porcentaxe media do período o 36,8%. Nos traballadores autónomos a porcentaxe do total dos accidentes aumentou monotonamente dende o 2,81% no ano 2009 ata o 5,34% no 2013, sendo a porcentaxe media no período do 3,9%. **Nas mulleres**, a porcentaxe de traballadoras accidentadas con contratos indefinidos aumentou monotonamente dende o 57,80% no 2009 ata o 63,24% no 2013, sendo a porcentaxe media no período do 59,7%. A porcentaxe de accidentes das traballadoras con contrato temporal diminuíu monotonamente dende o 38,06% no 2009 ata o 30,44% no 2013 sendo a porcentaxe media no período do 35,0%. Nas traballadoras autónomas a porcentaxe de accidentadas respecto ao total aumentou dende o 4,15% no 2009 ata o 6,32% no 2013, sendo a porcentaxe media no período do 5,3%.
- As táboas [127](#) e [128](#) (gráficos [71](#) e [72](#)) corresponden ás porcentaxes de accidentes graves de homes e mulleres segundo o seu tipo de contrato. **Nos homes**, a porcentaxe de accidentes dos traballadores con contratos indefinidos oscilou entre o valor máximo no 2012 (58,05%) e o mínimo no 2013 (53,09%) sendo a porcentaxe media no período do 55,0%. Nos traballadores con contrato temporal variou entre o valor máximo no ano 2009 (36,76%) e o valor mínimo no 2012 (28,78%) sendo a porcentaxe media no período do 32,1%. En canto aos traballadores por conta propia a porcentaxe respecto do total de accidentes graves aumentou dende o 9,19% no 2009 ata o 17,90% no 2013, sendo a porcentaxe media no período do 12,9%. **Nas mulleres**, a porcentaxe de traballadoras accidentadas con contratos indefinidos oscilou entre o 33,33% no 2010 ata o 46,81% no 2013, sendo a porcentaxe media no período do 41,6%, mostrando unha tendencia a aumentar. Nas traballadoras con contrato temporal, as porcentaxes no quinquenio variaron entre o 27,17% no 2009 e o 22,67% no 2012, sendo a porcentaxe media nestes 5 anos do 24,7%. Nas traballadoras por conta propia, a porcentaxe media no período foi do 33,6%, oscilando as porcentaxes entre o 42,42% no 2010 e o 28,72% no 2013.

- As táboas [129](#) e [130](#) (gráficos [73](#) e [74](#)) corresponden ás porcentaxes de accidentes mortais de homes e mulleres segundo o seu tipo de contrato. **Nos homes**, a porcentaxe de accidentes dos traballadores con contratos indefinidos oscilou entre a porcentaxe mínima no 2013 (52,38%) e o máximo no 2011 (64,71%) sendo a porcentaxe media no período do 58,5%. Nos traballadores con contrato temporal variou entre o 33,33% no 2011 e o 40,48% no 2013, sendo a porcentaxe media no quinquenio do 36,7%. Nos traballadores por conta propia os accidentes mortais notificados variaron entre o 1,96% no 2011 e o 7,14% dos anos 2009 e 2013, sendo a porcentaxe media no período do 4,8%. **Nas mulleres**, o baixo número de accidentes mortais resulta nunha alta variabilidade nas porcentaxes. Nos accidentes das traballadoras con contrato indefinido, no ano 2010 supuxeron o 0,00% do total de accidentes e no 2012 o 100%, sendo a porcentaxe media no quinquenio do 35,7%. Nas traballadoras con contrato temporal, se nos anos 2010 e 2012 foron o 0,00% dos accidentes mortais, no 2009 foron o 75%, cunha porcentaxe media do 42,9%. En canto ás traballadoras autónomas, mentres nos anos 2009, 2011 e 2012 se notificaron o 0,00% dos accidentes, no 2010 foi o 100%, sendo a porcentaxe media entre os anos 2009 e 2013 do 21,4%.
- As táboas [131](#) e [132](#) (gráficos [75](#) e [76](#)) corresponden ás porcentaxes de accidentes totais de homes e mulleres segundo o seu tipo de contrato, sendo moi similares aos accidentes leves. **Nos homes**, a porcentaxe de accidentes dos traballadores con contratos indefinidos variou entre o 56,72% no 2009 ao 62,01% no 2012, sendo a porcentaxe media no período do 59,2%. Nos traballadores con contrato temporal as porcentaxes oscilaron entre o 40,37% no 2009 ao 32,56% no 2012, sendo a porcentaxe media no período do 36,8%. A variación nas porcentaxes sobre o total dos accidentados dos traballadores autónomos estivo entre o 2,92% no 2009 ao 5,60% no 2013 crescendo monotonamente no período, sendo a porcentaxe media do 4,1, indicando unha tendencia a aumentar. **Nas mulleres**, a porcentaxe das traballadoras con contratos indefinidos aumentou monotonamente entre o 2009 (57,62%) e o 2013 (62,99%) sendo a porcentaxe media no período do 59,5%. Nas traballadoras con contratos temporais, a porcentaxe respecto do total de accidentadas diminuíu monotonamente dende o 37,96% no 2009 ata o 30,36% no 2013, sendo a porcentaxe media no quinquenio do 34,9%. Nas traballadoras autónomas a porcentaxe variou dende o 4,42% no 2009 ata o 6,65% no 2013, sendo a segunda porcentaxe máis baixa no quinquenio o do ano 2011 (5,58%) e a porcentaxe media o 5,6%.

Datos dos accidentes

Accidentes leves	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos e sen especificar
2004	20.290	25.795	95
2005	20.951	25.725	232
2006	21.313	25.778	453
2007	24.405	25.857	677
2008	24.211	21.925	3.485

Táboa109. Accidentes leves segundo tipo de contrato, anos 2004-2008.

Accidentes graves	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos e sen especificar
2004	594	481	7
2005	486	466	49
2006	467	425	57
2007	401	370	63
2008	315	275	110

Táboa110. Accidentes graves segundo tipo de contrato, anos 2004-2008.

Accidentes mortais	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos e sen especificar
2004	40	47	0
2005	52	49	1
2006	43	35	0
2007	38	32	5
2008	46	20	6

Táboa111. Accidentes mortais segundo tipo de contrato, anos 2004-2008.

Accidentes totais	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos e sen especificar
2004	20.924	26.323	102
2005	21.489	26.240	282
2006	21.823	26.238	510
2007	24.844	26.259	745
2008	24.572	22.220	3.601

Táboa112. Accidentes totais segundo tipo de contrato, anos 2004-2008.

		Accidentes leves	Contratos		
			Indefinidos	Temporais	Autónomos
2009	Homes	16.902	12.042	837	
	Mulleres	5.267	3.468	378	
	Total	22.169	15.510	1.215	
2010	Homes	15.936	10.491	896	
	Mulleres	5.123	3.156	460	
	Total	21.059	13.647	1.356	
2011	Homes	13.670	8.315	941	
	Mulleres	4.524	2.758	413	
	Total	18.194	11.073	1.354	
2012	Homes	10.505	5.520	887	
	Mulleres	3.823	2.035	363	
	Total	14.328	7.555	1.250	
2013	Homes	9.531	5.018	821	
	Mulleres	4.133	1.989	413	
	Total	13.664	7.007	1.234	

Táboa113. Accidentes leves segundo tipo de contrato e sexo, anos 2009-2013.

		Accidentes graves	Contratos		
			Indefinidos	Temporais	Autónomos
2009	Homes	247	168	42	
	Mulleres	38	25	29	
	Total	285	193	71	
2010	Homes	280	161	66	
	Mulleres	33	24	42	
	Total	313	185	108	
2011	Homes	221	135	52	
	Mulleres	29	16	20	
	Total	250	151	72	
2012	Homes	238	118	54	
	Mulleres	33	17	25	
	Total	271	135	79	
2013	Homes	172	94	58	
	Mulleres	44	23	27	
	Total	216	117	85	

Táboa114. Accidentes graves segundo tipo de contrato e sexo, anos 2009-2013

		Accidentes mortais	Contratos		
			Indefinidos	Temporais	Autónomos
2009	Homes	41	24	5	
	Mulleres	1	3	0	
	Total	42	27	5	
2010	Homes	37	24	2	
	Mulleres	0	0	2	
	Total	37	24	4	
2011	Homes	33	17	1	
	Mulleres	1	1	0	
	Total	34	18	1	
2012	Homes	25	17	2	
	Mulleres	1	0	0	
	Total	26	17	2	
2013	Homes	22	17	3	
	Mulleres	2	2	1	
	Total	24	19	4	

Táboa115. Accidentes mortais segundo tipo de contrato e sexo, anos 2009-2013

		Accidentes totais	Contratos		
			Indefinidos	Temporais	Autónomos
2009	Homes	17.190	12.234	884	
	Mulleres	5.306	3.496	407	
	Total	22.496	15.730	1.291	
2010	Homes	16.253	10.676	964	
	Mulleres	5.156	3.180	504	
	Total	21.409	13.856	1.468	
2011	Homes	13.924	8.467	994	
	Mulleres	4.554	2.775	433	
	Total	18.478	11.242	1.427	
2012	Homes	10.768	5.655	943	
	Mulleres	3.857	2.052	388	
	Total	14.625	7.707	1.331	
2013	Homes	9.725	5.129	882	
	Mulleres	4.179	2.014	441	
	Total	13.904	7.143	1.323	

Táboa116. Accidentes totais segundo tipo de contrato e sexo, anos 2009-2013

Datos de porcentaxes

% accidentes leves	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos e sen especificar
2004	43,94%	55,86%	0,21%
2005	44,66%	54,84%	0,49%
2006	44,83%	54,22%	0,95%
2007	47,91%	50,76%	1,33%
2008	48,79%	44,18%	7,02%

Táboa117. Porcentaxes dos accidentes leves segundo tipo de contrato, anos 2004-2008.

% accidentes graves	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos e sen especificar
2004	54,90%	44,45%	0,65%
2005	48,55%	46,55%	4,90%
2006	49,21%	44,78%	6,01%
2007	48,08%	44,36%	7,55%
2008	45,00%	39,29%	15,71%

Táboa119. Porcentaxes dos accidentes graves segundo tipo de contrato, anos 2004-2008.

% accidentes mortais	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos e sen especificar
2004	45,98%	54,02%	0,00%
2005	50,98%	48,04%	0,98%
2006	55,13%	44,87%	0,00%
2007	50,67%	42,67%	6,67%
2008	63,89%	27,78%	8,33%

Táboa121. Porcentaxes dos accidentes mortais segundo tipo de contrato, anos 2004-2008.

% accidentes leves	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos
2009	57,00%	39,88%	3,12%
2010	58,40%	37,84%	3,76%
2011	59,42%	36,16%	4,42%
2012	61,94%	32,66%	5,40%
2013	62,38%	31,99%	5,63%

Táboa118. Porcentaxes dos accidentes leves segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.

% accidentes graves	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos
2009	51,91%	35,15%	12,93%
2010	51,65%	30,53%	17,82%
2011	52,85%	31,92%	15,22%
2012	55,88%	27,84%	16,29%
2013	51,67%	27,99%	20,33%

Táboa120. Porcentaxes dos accidentes graves segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.

% accidentes mortais	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos
2009	56,76%	36,49%	6,76%
2010	56,92%	36,92%	6,15%
2011	64,15%	33,96%	1,89%
2012	57,78%	37,78%	4,44%
2013	51,06%	40,43%	8,51%

Táboa122. Porcentaxes dos accidentes mortais segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.

% accidentes totais	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos e sen especificar
2004	44,19%	55,59%	0,22%
2005	44,76%	54,65%	0,59%
2006	44,93%	54,02%	1,05%
2007	47,92%	50,65%	1,44%
2008	48,76%	44,09%	7,15%

Táboa123. Porcentaxes dos accidentes mortais segundo tipo de contrato, anos 2004-2008.

% accidentes totais	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos
2009	56,93%	39,81%	3,27%
2010	58,28%	37,72%	4,00%
2011	59,33%	36,09%	4,58%
2012	61,81%	32,57%	5,62%
2013	62,15%	31,93%	5,91%

Táboa124. Porcentaxes dos accidentes totais segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.

% accidentes leves, homes	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos e sen especificar
2009	56,75%	40,44%	2,81%
2010	58,32%	38,40%	3,28%
2011	59,63%	36,27%	4,10%
2012	62,12%	32,64%	5,24%
2013	62,01%	32,65%	5,34%

Táboa125. Porcentaxes dos accidentes leves nos homes segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.

% accidentes leves, mulleres	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos
2009	57,80%	38,06%	4,15%
2010	58,62%	36,11%	5,26%
2011	58,79%	35,84%	5,37%
2012	61,45%	32,71%	5,84%
2013	63,24%	30,44%	6,32%

Táboa126. Porcentaxes dos accidentes leves nas mulleres segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.

% accidentes graves, homes	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos e sen especificar
2009	54,05%	36,76%	9,19%
2010	55,23%	31,76%	13,02%
2011	54,17%	33,09%	12,75%
2012	58,05%	28,78%	13,17%
2013	53,09%	29,01%	17,90%

Táboa127. Porcentaxes dos accidentes graves nos homes segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.

% accidentes graves, mulleres	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos
2009	41,30%	27,17%	31,52%
2010	33,33%	24,24%	42,42%
2011	44,62%	24,62%	30,77%
2012	44,00%	22,67%	33,33%
2013	46,81%	24,47%	28,72%

Táboa128. Porcentaxes dos accidentes graves nas mulleres segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.

% accidentes mortais -homes-	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos
2009	58,57%	34,29%	7,14%
2010	58,73%	38,10%	3,17%
2011	64,71%	33,33%	1,96%
2012	56,82%	38,64%	4,55%
2013	52,38%	40,48%	7,14%

Táboa129. Porcentaxes dos accidentes mortais nos homes segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.

% accidentes mortais -mulleres-	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos
2009	25,00%	75,00%	0,00%
2010	0,00%	0,00%	100,00%
2011	50,00%	50,00%	0,00%
2012	100,00%	0,00%	0,00%
2013	51,06%	40,43%	8,51%

Táboa130. Porcentaxes dos accidentes mortais nas mulleres segundo tipo de contrato, anos 2009-2013

% accidentes totais -homes-	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos
2009	56,72%	40,37%	2,92%
2010	58,27%	38,27%	3,46%
2011	59,54%	36,21%	4,25%
2012	62,01%	32,56%	5,43%
2013	61,80%	32,59%	5,60%

Táboa131. Porcentaxes dos accidentes totais nos homes segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.

% accidentes totais -mulleres-	Contratos		
	Indefinidos	Temporais	Autónomos
2009	57,62%	37,96%	4,42%
2010	58,33%	35,97%	5,70%
2011	58,67%	35,75%	5,58%
2012	61,25%	32,59%	6,16%
2013	62,99%	30,36%	6,65%

Táboa132. Porcentaxes dos accidentes totais nas mulleres segundo tipo de contrato, anos 2009-2013

Gráficos de porcentaxes




Gráfico61. Porcentaxes dos accidentes leves segundo tipo de contrato, anos 2004-2008.




Gráfico62. Porcentaxes dos accidentes leves segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.




Gráfico63. Porcentaxes dos accidentes graves segundo tipo de contrato, anos 2004-2008.




Gráfico64. Porcentaxes dos accidentes graves segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.




Gráfico65. Porcentaxes dos accidentes mortais segundo tipo de contrato, anos 2004-2008.




Gráfico66. Porcentaxes dos accidentes mortais segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.




Gráfico67. Porcentaxes dos accidentes totais segundo tipo de contrato, anos 2004-2008.




Gráfico68. Porcentaxes dos accidentes totais segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.




Gráfico69. Porcentaxes dos accidentes leves dos homes segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.




Gráfico70. Porcentaxes dos accidentes leves das mulleres segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.




Gráfico71. Porcentaxes dos accidentes graves dos homes segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.




Gráfico72. Porcentaxes dos accidentes graves das mulleres segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.




Gráfico73. Porcentaxes dos accidentes mortais dos homes segundo tipo de contrato, anos 2009-2013




Gráfico74. Porcentaxes dos accidentes mortais das mulleres segundo tipo de contrato, anos 2009-2013




Gráfico75. Porcentaxes dos accidentes totais dos homes segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.




Gráfico76. Porcentaxes dos accidentes totais das mulleres segundo tipo de contrato, anos 2009-2013.

Segundo provincia

Nas táboas da [133](#) á 136 detállanse os accidentes laborais nas catro provincias galegas entre os anos 2004 e 2013. Nas dúas primeiras detállanse os accidentes por provincia e gravidade en períodos de cinco anos e nas dúas seguintes os accidentes por provincia e gravidade entre os anos 2009 e 2013 dos homes, na táboa [135](#) e as mulleres, na táboa [136](#).

Na [táboa 133](#) indícanse os accidentes entre os anos 2004 e 2008. A evolución dos accidentes en cada provincia durante o período expónse a continuación:

- Na Coruña o total dos accidentes aumentou un 11,09% entre os anos 2004 (19.084) e 2008 (21.201) diminuindo un 1,64% entre o 2007 (21.555) e o 2008. A media do total dos accidentes laborais da provincia da Coruña nestes 5 anos foi de 20.249. Os accidentes leves aumentaron un 12,40% no período, dende os 18.604 no 2004 aos 20.910 no 2008, se ben entre os anos 2007 (21.238) e 2008 diminuíron un 1,54%. A tendencia dos accidentes graves é de descenso, dos 449 no 2004 aos 256 no 2008 os accidentes diminuíron un 42,98%, sendo a media de accidentes graves na provincia de 347. Esta diminución produciuse ano a ano agás o pequeno aumento entre os anos 2005 (367) e 2006 (371). En canto aos accidentes mortais, a evolución destes na provincia só permite indicar que se manteñen con variacións en torno aos 32 accidentes mortais de media, cun mínimo de 26 no 2007 e un máximo de 35 nos anos 2005 e 2008.
- En Lugo o total dos accidentes aumentou un 12,03% entre os anos 2004 (4.166) e 2008 (4.667) aínda que a tendencia nestes anos (polo menos ata o 2007) é crecente, este incremento non foi monótono polos descensos entre os anos 2005 (4.532) e 2006 (4.413) e 2007 (4.871) e 2008, sendo a media de accidentes de 4.530. Os accidentes leves teñen unha evolución similar aos totais, aumentando un 13,62% no período, dende os 4.024 no 2004 aos 4.572 no 2008, con diminucións entre os anos 2005 (4.371) e 2006 (4.321) e 2007 (4.768) e 2008. En canto aos accidentes graves pódese falar de 2 tramos diferenciados, os anos 2004 (127) e 2005 (142) e entre os anos 2006 e 2008 (81,83, e 85) sendo a media de accidentes graves de 104. É sorprendente que entre o ano 2005 (142) e 2006 (81), os accidentes graves descendesen un 42,96% e os accidentes totais só un 2,63% (de 4.532 a 4.413). O comportamento dos accidentes mortais oscilou entre os 10 do ano 2008 e os 20 do 2007, sendo a media do período de 15 accidentes mortais.
- En Ourense o total dos accidentes laborais creceu monotonamente entre os anos 2004 (3.919) e 2008 (4.468) un 14,01%, sendo a media nestes 5 anos de 4.181. O crecemento dos accidentes leves foi lixeiramente superior, un 15,17%, dos 3.810 accidentes no 2004 aos 4.388 no 2008, crecemento monótono ao igual que nos totais. A evolución dos accidentes graves caracterízase en dous niveis: os 105 accidentes no 2004 e os valores dos restantes anos entre os 71 do ano 2006 aos 79 do 2007. Destacar que entre o ano 2004 (105) e o 2005 (72) os accidentes graves descendesen un 31,43% mentres que o total aumentase un 2,02% (de 3.919 no 2004 a 3.998 no 2005). A media de accidentes graves na provincia no período foi de 80 accidentes. En canto aos accidentes mortais, o ano 2004 foi o de menos accidentes con 4 e o 2006 o de máis con 9, cunha media de 7 no período.
- En Pontevedra os accidentes totais estiveron no rango dos 19.969 no 2005 aos 20.965 no 2007, sendo a media nestes 5 anos de 20.275 accidentes. O descenso entre os anos 2004 (20.180) e 2008 (20.057) foi do 0,61% e entre os anos 2007 (20.965) e 2008 do 4,33%. Os accidentes leves tiveron valores no rango entre os 19.508 no 2005 e os 20.562 no 2007, sendo a media nestes 5 anos de 19.863 e o aumento entre os anos 2004 (19.742) e 2008 (19.751) do 0,05%. Os accidentes graves aumentaron entre os anos 2004 (401) e 2006 (426) para logo diminuír ata os 287 do ano 2008, sendo o descenso entre os anos 2004 e 2008 dun 28,43% e a media de 383 accidentes. A tendencia na evolución dos accidentes mortais é decrecente, xa que dende o ano 2005 (41) os accidentes descendieron ano a ano, sendo a media dos 5 anos de 29 accidentes mortais e a diminución entre os anos 2004 (37) e 2008 (19) do 48,65%.

Na [táboa 134](#) indícanse os accidentes entre os anos 2009 e 2013. A evolución dos accidentes en cada provincia durante o período expónse a continuación:

- Na Coruña o total dos accidentes descendeu monotonamente un 42,04% entre os anos 2009 (17.323) e 2013 (10.041). Os accidentes leves tiveron unha evolución similar cun descenso do 42,33% entre os 17.067 do ano 2009 aos 9.843 do 2013. A media de accidentes graves foi de 202, con valores entre os 169 no ano 2012 e os 248 no 2010, sendo o descenso entre os anos 2009 (226) e 2013 (181) do 19,91%. Os accidentes mortais descenderon entre os anos 2009 (30) e 2013 (17) un 43,33%, correspondendo o número máis baixo do período ao ano 2012 con 13 accidentes, cunha media nos 5 anos de 22 accidentes mortais.
- En Lugo os accidentes totais descenderon un 38,48% entre os anos 2009 (3.854) e 2013 (2.371), sendo este descenso monótono ano a ano. Os accidentes leves evolucionaron de forma similar cun descenso do 39,33% entre os anos 2009 (3.781) e 2013 (2.294). A media dos accidentes graves no período foi de 68 accidentes con valores no rango entre os 58 accidentes do ano 2009 aos 77 do 2010, sendo o aumento entre os anos 2009 (58) e 2013 (69) do 18,97%. Os accidentes mortais descenderon un 46,67% entre os anos 2009 (15) e 2013 (8), sendo a media anual de 10 accidentes.
- En Ourense o total dos accidentes descendeu un 32,01% entre os anos 2009 (3.605) e 2013 (2.451), cunha media no período de 2.991 accidentes. O número máis baixo de accidentes deuse no 2012 con 2.379 notificados, sendo o aumento do número de accidentes entre os anos 2012 e 2013 do 3,03%. Os accidentes graves tiveron unha media de 53 accidentes no período, con valores no rango entre os 64 accidentes no 2012 aos 47 no 2013 (un 26,56% de diminución), sendo o descenso entre os anos 2009 (49) e 2013 do 4,08%, dándose a circunstancia de que o total dos accidentes notificados aumentaban entre os anos 2012 e 2013 e os accidentes graves diminuían, acontecendo a circunstancia inversa entre os anos 2011 e 2012. Os accidentes mortais presentan na provincia unha gran variabilidade, no ano 2010 notificáronse 10 accidentes e no 2009 só un. A media de accidentes mortais nestes 5 anos é de 6 accidentes.
- En Pontevedra o total dos accidentes diminuíu monotonamente entre os anos 2009 (14.735) e 2013 (7.507) un 49,05%, cunha media nos 5 anos de 11.078 accidentes. Os leves evolucionaron de forma similar cun descenso no seu número do 49,16% entre os 14.497 no ano 2009 e os 7.370 no 2013. Os accidentes graves diminuíron un 43,98% entre os anos 2009 (216) e 2013 (121) se ben o descenso non foi monótono, sendo a media de accidentes graves no período de 183 accidentes. A tendencia dos accidentes mortais foi descendente con 22 accidentes no 2009 e 16 nos anos 2012 e 2013 para unha media de accidentes no período de 18.

Na [táboa 135](#) indícanse os accidentes dos homes entre os anos 2009 e 2013. A evolución dos seus accidentes en cada provincia durante o período expónse a continuación:

- Na Coruña o total dos accidentes dos homes descendeu monotonamente un 47,09% entre os anos 2009 (13.191) e 2013 (6.979), sendo a media do período de 10.064 accidentes. Os accidentes leves evolucionaron de forma similar cun descenso do 47,42%, dos 12.975 accidentes no 2009 aos 6.822 no 2013. Os accidentes graves tiveron unha tendencia decrecente, se ben no ano 2010 aumentaron ata os 210 dende os 188 do ano 2009. A diminución entre o ano 2009 e o 2013 (142) foi do 24,47% e a media de 172 accidentes. A tendencia dos accidentes mortais tamén é descendente, dándose o menor número de accidentes mortais notificados no ano 2012 (13). A porcentaxe de diminución dos accidentes mortais foi do 46,43%, dos 28 accidentes no 2009 aos 15 no 2013.

- En Lugo o total dos accidentes dos homes descendeu monotonamente un 44,52% entre os anos 2009 (2.954) e 2013 (1.639), sendo a media do período de 2.281 accidentes. Os accidentes leves tiveron unha evolución similar cun descenso do 45,04%, dende os 2.893 accidentes no 2009 aos 1.590 no 2013. Os accidentes graves evolucionaron con altibaixos con valores entre os 41 accidentes do ano 2013 e os 61 do ano 2010, sendo a media de accidentes graves de 50. A media de accidentes mortais nestes 5 anos é de 10 con valores entre os 8 dos anos 2012 e 2013 e os 14 do ano 2013. A porcentaxe de diminución dos accidentes mortais entre o ano 2009 e o 2013 foi do 42,86%.
- En Ourense o total de accidentes notificados descendeu un 36,26% entre os anos 2009 (2.697) e 2013 (1.719), se ben o número máis baixo de accidentes foi o do ano 2012 (1.697) e a media de accidentes nestes 5 anos foi de 2.188. Os accidentes leves evolucionaron de forma similar, a diminución entre os anos 2009 (2.651) e 2013 (1.671) foi do 36,97%, correspondendo o número máis baixo de accidentes ao ano 2012 (1.623). Os accidentes graves tiveron valores no rango entre os 39 accidentes no ano 2009 e os 57 accidentes no 2012, sendo a media do período de 46. Os accidentes mortais foron de media 6 no período (todos os falecidos foron homes agás 2 mulleres nos 2 últimos anos).
- En Pontevedra o total de accidentes descendeu monotonamente un 52,91% entre os anos 2009 (11.466) e 2013 (5.399), sendo a media de accidentes do período de 8.405. A evolución dos accidentes leves foi similar, cun descenso do 53,05% entre os anos 2009 (11.262) e 2013 (5.287). Os accidentes graves tiveron unha tendencia decrecente entre os anos 2009 (183) e 2013 (98), cos 191 accidentes do ano 2010 como valor máis alto do período. A media de accidentes graves nestes 5 anos foi de 154. A tendencia dos accidentes mortais tamén foi decrecente, dende os 21 accidentes dos anos 2009 e 2010 aos 14 do ano 2013, que en porcentaxe supón un 33,33% de diminución e unha media de 18 accidentes mortais no período.

Na [táboa 136](#) indícanse os accidentes das mulleres entre os anos 2009 e 2013. A evolución dos seus accidentes en cada provincia durante o período expónse a continuación:

- Na Coruña o número de accidentes totais diminuíu un 25,90% entre os anos 2009 (4.132) e 2013 (3.062), correspondendo o valor máis baixo do período ao ano 2012 con 2.899 accidentes e unha media anual de 3.467 accidentes. A porcentaxe de diminución dos accidentes leves foi do 26,17%, dos 4.092 do ano 2009 aos 3.021 no 2013, correspondendo o valor máis baixo ao do ano 2012 (2.879). Os accidentes graves tiveron de media anual 30 accidentes con valores entre os 17 do ano 2011 aos 39 do 2013, aumentando un 2,63% entre os anos 2009 (38) e 2013. Os accidentes mortais na provincia varían entre 0 e 2 cunha media anual de 1 accidente.
- En Lugo o número total de accidentes diminuíu un 18,67% entre os anos 2009 (900) e 2013 (732), correspondendo o valor máis baixo ao ano 2012 (641) e o máis alto o do 2010 (936), para unha media anual de 805 accidentes. Os accidentes leves descendieron un 20,72% entre os anos 2009 (888) e 2013 (704), correspondendo o valor máis baixo ao ano 2012 (622) e o máis alto ao 2010 (919). Os accidentes graves tiveron unha media anual de 18 accidentes no período con valores entre os 11 accidentes do ano 2009 aos 28 do ano 2013, cun incremento no período do 154,55%. Os accidentes mortais na provincia varían entre 0 e 2 cunha media anual de 1 accidente.
- En Ourense o número total de accidentes diminuíu un 19,38% entre os anos 2009 (908) e 2013 (732), correspondendo o valor máis baixo ao ano 2012 (692) para unha media de 803 accidentes. Os accidentes leves diminuíron no período un 19,04%, dos 898 no ano 2009 aos 727 no ano 2013, correspondendo o valor máis baixo ao ano 2012 (684). Os accidentes graves foron de media 7 no período, con valores entre os 4 do ano 2013 e os 10 do ano 2009, para unha diminución do 60%. Os accidentes mortais na provincia varían entre 0 e 1 cunha media anual que non chega a 1 accidente.

- En Pontevedra o número total de accidentes diminuíu un 35,52%, entre os anos 2009 (3.269) e 2013 (2.108), correspondendo o valor máis baixo do período ao ano 2012 (2.065). Os accidentes leves diminuíron un 35,61%, dos 3.235 no ano 2009 aos 2.083 no 2013, correspondendo o valor máis baixo ao ano 2012 (2.036). Os accidentes graves foron de media 30 accidentes con valores entre os 23 do ano 2013 e os 38 do 2010 cunha variación entre os accidentes dos anos 2009 (33) e 2013 do 30,30%. Os accidentes mortais na provincia varían entre 0 e 2 cunha media anual de 1 accidente.

Nas táboas [137](#) á [141](#) detállanse os afiliados coas continxencias profesionais cubertas das provincias galegas entre os anos 2004 ao 2013. Entre os anos 2004 e 2007 houbo crecemento do número total de afiliados en todas as provincias descendendo do ano 2008 en diante ata o 2012 en todas as provincias e ata o 2013 en Lugo e Pontevedra.

As táboas [138](#) á [141](#) desagregan a afiliación por sexos entre os anos 2009 e 2013. En todas as provincias as afiliacións dos homes descenden no intervalo e as das mulleres descenden ata o 2012 pero aumentan no ano 2013 en relación ao ano anterior.

As incidencias dos accidentes en cada provincia detállanse nas táboas da [142](#) á [157](#), correspondendo as táboas da [142](#) á [149](#) ao total de homes e mulleres entre os anos 2004 ao 2013 e da [150](#) á [157](#) a homes e mulleres por separado entre os anos 2009 e 2013.

Nas táboas [142](#) e [143](#) e os gráficos [77](#) e [78](#) detállanse as incidencias dos accidentes leves entre os anos 2004 e 2013. A evolución da incidencia en cada provincia durante o período expónse a continuación:

- Na Coruña, entre os anos 2004 e 2008, a incidencia dos accidentes leves mantívose con moi pouca variación (un 4,50%) entre o valor máximo no 2007 (5.815,49) e o mínimo no 2006 (5.564,85), sendo a 2ª provincia con maior incidencia de accidentes leves. Entre os anos 2009 e 2013 a incidencia diminuíu monotonamente un 37,71% entre o valor do ano 2013 (3022,17) e o do 2009 (4852,04), sendo nos dous últimos anos cando supera a incidencia de Pontevedra.
- En Lugo, entre os anos 2004 e 2008, a incidencia dos accidentes leves mantívose con pouca variación (un 9,44%) entre o valor máximo no 2007 (4.420,14) e o mínimo no 2004 (4.039,03), sendo a provincia con menor incidencia de accidentes leves. Entre os anos 2009 e 2013 a incidencia diminuíu monotonamente un 33,71% entre o valor do ano 2013 (2504,80) e o do ano 2009 (3778,77), manténdose como a provincia con menor incidencia.
- En Ourense entre os anos 2004 e 2008, a incidencia dos accidentes leves mantívose con pouca variación (un 6,90%) entre o valor máximo no 2008 (5.122,04) e o mínimo no 2006 (4.791,46), sendo a 3ª provincia por incidencia de accidentes leves. Entre os anos 2009 (4314,63) e 2013 (3107,67) a incidencia diminuíu un 27,97%, non sendo estes os valores extremos do período que corresponden aos anos 2010 (4383,02) e 2012 (3057,74). No ano 2013, Ourense foi a provincia con maior incidencia de accidentes leves de Galicia.
- En Pontevedra entre os anos 2004 (6.983,57) e 2008 (6.278,63) a incidencia dos accidentes leves diminuíu monotonamente un 11,23%, manténdose como a provincia con maior incidencia en todo o período. Este descenso incrementouse entre os anos 2009 (4866,95) e 2013 (2857,77) cunha diminución do 41,28%.

Nas táboas [144](#) e [145](#) e os gráficos [79](#) e [80](#) detállanse as incidencias dos accidentes graves entre os anos 2004 e 2013. A evolución da incidencia en cada provincia durante o período expónse a continuación:

- Na Coruña, entre os anos 2004 (137,92) e 2008 (70,13), a incidencia dos accidentes graves diminuíu monotonamente un 49,15%. Nos anos 2009 ao 2013, a incidencia dos accidentes graves variou un 27,43% entre o valor mínimo no 2012 (52,07) e o valor máximo (71,75), sendo a diminución entre os anos 2013 (55,57) e 2009 (64,25) dun 13,50%.
- En Lugo, entre os anos 2004 (127,47) e 2008 (81,93), a incidencia dos accidentes graves diminuíu un 35,73%, sendo os valores mínimo e máximo os dos anos 2007 (76,94) e 2005 (139,52). Nos anos 2009 ao 2013, a incidencia dos accidentes graves variou un 38,64% entre o valor máximo no 2012 (80,36) e o valor mínimo no 2009 (57,97) sendo o aumento entre os anos 2013 (75,34) e 2009 do 29,97%.
- En Ourense entre os anos 2004 (133,06) e 2008 (84,04), a incidencia dos accidentes graves diminuíu un 36,84%, non sendo este descenso monótono. Nos anos 2009 ao 2013, a incidencia dos accidentes graves variou un 42,40% entre o valor máximo no 2012 (84,83) e o valor mínimo no 2009 (59,57) sendo o aumento entre os anos 2013 (60,91) e 2009 dun 2,25%.
- En Pontevedra entre os anos 2004 (141,85) e 2008 (91,23), a incidencia dos accidentes graves diminuíu un 35,68%, non sendo este descenso monótono, ao corresponder o valor máximo da incidencia ao ano 2005 (143,96). Nos anos 2009 ao 2013, a incidencia dos accidentes graves variou un 41,83% entre o valor mínimo no 2013 (46,92) e o valor máximo no 2010 (80,66) sendo a diminución entre os anos 2013 e 2009 (72,52) dun 35,30%.

Nas táboas [146](#) e [147](#) e os gráficos [81](#) e [82](#) detállanse as incidencias dos accidentes mortais entre os anos 2004 e 2013. A evolución da incidencia en cada provincia durante o período expónse a continuación:

- Na Coruña entre os anos 2004 (9,59) e 2008 (9,52), a incidencia dos accidentes mortais aumentou un 0,69%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2007 (7,12) e o valor máximo do ano 2005 (10,42) do 31,70%. Entre os anos 2013 (5,22) e 2009 (8,53) a incidencia dos accidentes mortais diminuíu un 38,80%, sendo a incidencia dos 2 últimos anos a máis baixa deste período e a variación entre o valor mínimo do ano 2012 (4,01) e o máximo do 2009 do 53,04%.
- En Lugo entre os anos 2004 (9,64) e 2008 (15,06) a incidencia dos accidentes mortais diminuíu un 35,98%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2008 e o máximo do ano 2005 (18,67) do 48,37%. Entre os anos 2013 (8,74) e 2009 (14,99) a incidencia dos accidentes mortais diminuíu un 41,73%, sendo a incidencia dos 2 últimos anos a máis baixa deste período e a variación entre o valor mínimo do ano 2012 (8,69) e o máximo do ano 2009 do 42,05%.
- En Ourense entre os anos 2004 (5,07) e 2008 (9,34) a incidencia dos accidentes mortais aumentou un 84,23%, sendo a variación entre o valor máximo do ano 2006 (10,83) e o mínimo do 2004 do 113,59%. Entre os anos 2013 (7,78) e 2009 (8,51) a incidencia dos accidentes mortais diminuíu un 8,63%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2011 (1,27) e o máximo do ano 2010 (12,49) do 89,85%.
- En Pontevedra entre os anos 2004 (13,09) e 2008 (6,04) a incidencia dos accidentes mortais diminuíu un 53,85%, coa incidencia dos 2 últimos anos a máis baixa dese período, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2008 e o máximo do 2005 (14,05) do 57,02%. Entre os anos 2013 (6,20) e 2009 (7,39) a incidencia dos accidentes mortais diminuíu un 16,00%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2012 (6,19) e 2009 do 16,26%. É de destacar que nos últimos 3 anos o valor da incidencia dos accidentes mortais na provincia se mantivese aproximadamente constante.

Nas táboas [148](#) e [149](#) e os gráficos [83](#) e [84](#) detállanse as incidencias dos accidentes totais entre os anos 2004 e 2013. A evolución da incidencia en cada provincia durante o período expónse a continuación:

- Na Coruña, entre os anos 2004 (5.862,22) e 2008 (5.808,30) a incidencia dos accidentes diminuíu un 0,92%, permanecendo con valores moi similares en todo o período cunha variación entre o valor máximo do ano 2007 (5.902,29) e o mínimo do ano 2006 (5.679,64) do 3,92%. Entre o ano 2009 (4.924,82) e o 2013 (3.082,96) a diminución do índice de incidencia nun 37,40% foi monótona.
- En Lugo entre os anos 2004 (4.181,56) e 2008 (4.498,49) a incidencia dos accidentes aumentou un 7,58%, cunha variación ente o valor máximo do ano 2007 (4.515,62) e o mínimo do ano 2004 (4.181,56) do 7,99%. Entre o ano 2009 (3.851,73) e o 2013 (2.588,88) a incidencia do total dos accidentes diminuíu monotonamente un 32,79%, sendo a única provincia que non converxeu coas outras nos valores da súa incidencia como se pode observar no [gráfico 84](#), tendo no ano 2013 o menor índice de incidencia das catro.
- En Ourense entre os anos 2004 (4.966,29) e 2008 (5.215,42) a incidencia dos accidentes aumentou un 5,02%, cunha variación entre o valor máximo do ano 2008 e o mínimo do ano 2006 (4.887,70) do 6,70%. Entre o ano 2009 (4.382,71) e o 2013 (3.176,35) a incidencia do total dos accidentes diminuíu un 27,53%, cunha variación entre o valor mínimo do ano 2012 (3.153,17) e o máximo do ano 2010 (4.460,46) do 29,31%. Ourense é a única provincia en que a incidencia aumentou no último ano, un 0,74%, tendo no ano 2013 o maior índice de incidencia das catro.
- En Pontevedra entre os anos 2004 (7.138,51) e 2008 (6.375,90) a incidencia do total dos accidentes diminuíu monotonamente un 10,68%. Entre o ano 2009 (4.946,86) e o 2013 (2.910,90) a diminución tamén foi monótona, un 41,16%.

Nas táboas [150](#) e [151](#) e os gráficos [85](#) e [86](#) detállanse as incidencias dos accidentes leves de homes e mulleres entre os anos 2009 e 2013. A evolución da incidencia en cada provincia durante o período expónse a continuación:

- Na Coruña entre os anos 2009 (6.797,82) e 2013 (4.229,07) a incidencia dos accidentes leves dos homes diminuíu monotonamente un 37,79%. Entre o ano 2009 (2.543,53) e o 2013 (1.837,80) a incidencia dos accidentes leves das mulleres diminuíu monotonamente un 27,75%.
- En Lugo entre os anos 2009 (5.306,02) e 2013 (3.472,83) a incidencia dos accidentes leves dos homes diminuíu monotonamente un 34,55%. No mesmo período a incidencia dos accidentes leves das mulleres diminuíu un 21,18%, sendo a variación a que se dá entre o valor mínimo do ano 2012 (1.423,18) e o valor máximo do ano 2010 (2.038,24) do 30,18%. Entre o ano 2013 (1.537,12) e o 2012 a incidencia aumentou un 8,01%.
- En Ourense entre os anos 2009 (5.943,95) e 2013 (4.329,69) a incidencia dos accidentes leves dos homes diminuíu un 27,16%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2012 (4.106,05) e o máximo do 2010 (6.154,13) do 33,28%. Entre o ano 2009 (2.384,81) e o 2013 (1.884,88) a incidencia dos accidentes leves das mulleres descendeu monotonamente un 20,96%.
- En Pontevedra entre os anos 2009 (6.766,00) e o 2013 (3.993,78) a incidencia dos accidentes leves dos homes descendeu monotonamente un 40,97%. Entre o ano 2009 (2.461,65) e o ano 2013 (1.659,60) a incidencia dos accidentes leves das mulleres descendeu un 32,58%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2013 e o máximo do ano 2010 (2.496,29) do 33,52%.

Nas táboas [152](#) e [153](#) e os gráficos [87](#) e [88](#) detállanse as incidencias dos accidentes graves de homes e mulleres entre os anos 2009 e 2013. A evolución da incidencia en cada provincia durante o período expónse a continuación:

- Na Coruña entre os anos 2009 (98,50) e 2013 (88,03) a incidencia dos accidentes graves dos homes diminuíu un 10,63%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2013 e o máximo do 2010 (113,16) do 22,21%. Entre os anos 2009 (23,62) e 2013 (23,73) a incidencia dos accidentes graves das mulleres aumentou un 0,45%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2011 (10,62) e o máximo do 2010 (23,74) do 55,25%.

- En Lugo entre os anos 2009 (86,20) e 2013 (89,55) a incidencia dos accidentes graves dos homes aumentou un 3,88%, sendo a variación entre o valor máximo do ano 2010 (115,67) e o mínimo do 2009 (86,20) do 34,18%. Entre os anos 2009 (24,16) e 2013 (61,14) a incidencia dos accidentes graves das mulleres aumentaron monotonamente un 153,08%. Sendo esta evolución moi diferente á das outras provincias.
- En Ourense entre os anos 2009 (87,44) e 2013 (111,42) a incidencia dos accidentes graves dos homes aumentou un 27,41%, sendo a variación entre o valor máximo do ano 2012 (144,21) e o mínimo do 2009 do 64,91%. Entre os anos 2009 (26,56) e 2013 (10,37) a incidencia dos accidentes graves das mulleres diminuíu un 60,95%, non sendo unha diminución monótona ano a ano.
- En Pontevedra entre os anos 2009 (109,94) e o 2013 (74,03) a incidencia dos accidentes graves dos homes diminuíu un 32,67%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2013 e o máximo do 2010 (121,89) do 39,27%. Entre o ano 2009 (25,11) e o 2013 (18,32) a incidencia dos accidentes graves das mulleres diminuíu un 27,02%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2013 e o máximo do 2010 (29,87) do 38,65%.

Nas táboas [154](#) e [155](#) e os gráficos [89](#) e [90](#) detállanse as incidencias dos accidentes mortais de homes e mulleres entre os anos 2009 e 2013. A evolución da incidencia en cada provincia durante o período expónse a continuación:

- Na Coruña entre os anos 2009 (14,67) e 2013 (9,30) a incidencia dos accidentes mortais dos homes diminuíu un 36,61%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2012 (7,74) e o máximo do ano 2009 do 47,25%. Nos accidentes mortais das mulleres a incidencia media no período na provincia é de 0,75.
- En Lugo entre os anos 2009 (25,68) e 2013 (17,47) a incidencia dos accidentes mortais dos homes diminuíu un 31,95%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2012 (16,54) e o valor máximo do 2009 (25,68) do 35,60%. Nos accidentes mortais das mulleres a incidencia media no período é de 1,33.
- En Ourense entre os anos 2009 (15,70) e 2013 (12,96) a incidencia dos accidentes mortais dos homes diminuíu un 17,46%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2011 (2,39) e o máximo do 2010 (23,31) do 89,74%. Nos accidentes mortais das mulleres a incidencia media no período é de 1,07.
- En Pontevedra entre os anos 2009 (12,62) e 2013 (10,58) a incidencia dos accidentes mortais dos homes diminuíu un 16,18%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2013 e o máximo do 2010 (13,40) do 21,09%. Nos accidentes mortais das mulleres a incidencia media no período é de 0,48.

Nas táboas [156](#) e [157](#) e os gráficos [91](#) e [92](#) detállanse as incidencias dos accidentes totais de homes e mulleres entre os anos 2009 e 2013. A evolución da incidencia en cada provincia durante o período expónse a continuación:

- Na Coruña entre os anos 2009 (6.910,99) e 2013 (4.326,40) a incidencia do total dos accidentes nos homes diminuíu monotonamente un 37,40%. Entre os anos 2009 (2.568,39) e 2013 (1.862,75) a incidencia dos accidentes nas mulleres diminuíu un 27,47%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2012 (1.851,40) e o máximo do 2009 do 27,92%. O incremento da incidencia no último ano foi do 0,61%.
- En Lugo entre os anos 2009 (5.417,90) e 2013 (3.579,85) a incidencia do total dos accidentes nos homes diminuíu monotonamente un 33,93%. Entre os anos 2009 (1.976,46) e 2013 (1.598,25) a incidencia dos accidentes nas mulleres diminuíu un 19,14%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2012 (1.466,65) e o valor máximo do 2010 (2.075,94) do 29,35%. O incremento da incidencia no último ano foi do 8,97%.

- En Ourense entre os anos 2009 (6.047,09) e 2013 (4.454,06) a incidencia do total dos accidentes diminuíu un -26,34%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2012 (4.267,97) e o valor máximo do 2010 (6.282,34) do 32,06%. O incremento da incidencia no último ano foi do 4,36%. Entre os anos 2009 (2.411,37) e 2013 (1.897,85) a incidencia dos accidentes nas mulleres diminuíu un 21,30%.
- En Pontevedra entre os anos 2009 (6.888,56) e 2013 (4.078,38) a incidencia do total dos accidentes nos homes diminuíu monotonamente un 40,79%. Entre os anos 2009 (2.487,52) e 2013 (1.679,52) a incidencia dos accidentes nas mulleres diminuíu un 32,48%, sendo a variación entre o valor mínimo do ano 2013 e o máximo do 2010 (2.526,15) do 33,51%.

Datos dos accidentes

	A CORUÑA				LUGO				OURENSE				PONTEVEDRA			
	Leves	Graves	Mortais	Totais	Leves	Graves	Mortais	Totais	Leves	Graves	Mortais	Totais	Leves	Graves	Mortais	Totais
2004	18.604	449	31	19.084	4.024	127	15	4.166	3.810	105	4	3.919	19.742	401	37	20.180
2005	19.110	367	35	19.512	4.371	142	19	4.532	3.919	72	7	3.998	19.508	420	41	19.969
2006	19.489	371	31	19.891	4.321	81	11	4.413	3.983	71	9	4.063	19.751	426	27	20.204
2007	21.238	291	26	21.555	4.768	83	20	4.871	4.371	79	7	4.457	20.562	381	22	20.965
2008	20.910	256	35	21.201	4.572	85	10	4.667	4.388	72	8	4.468	19.751	287	19	20.057

Táboa 133. Accidentes laborais segundo provincias e gravidade, anos 2004-2008.

	A CORUÑA				LUGO				OURENSE				PONTEVEDRA			
	Leves	Graves	Mortais	Totais	Leves	Graves	Mortais	Totais	Leves	Graves	Mortais	Totais	Leves	Graves	Mortais	Totais
2009	17.067	226	30	17.323	3.781	58	15	3.854	3.549	49	7	3.605	14.497	216	22	14.735
2010	15.664	248	24	15.936	3.513	77	10	3.600	3.509	52	10	3.571	13.376	229	21	13.626
2011	13.513	188	24	13.725	3.094	62	11	3.167	2.895	51	1	2.947	11.119	172	17	11.308
2012	10.451	169	13	10.633	2.354	74	8	2.436	2.307	64	8	2.379	8.021	178	16	8.215
2013	9.843	181	17	10.041	2.294	69	8	2.371	2.398	47	6	2.451	7.370	121	16	7.507

Táboa 134. Accidentes laborais segundo provincias e gravidade, anos 2009-2013.

Homes	A CORUÑA				LUGO				OURENSE				PONTEVEDRA			
	Leves	Graves	Mortais	Totais	Leves	Graves	Mortais	Totais	Leves	Graves	Mortais	Totais	Leves	Graves	Mortais	Totais
2009	12.975	188	28	13.191	2.893	47	14	2.954	2.651	39	7	2.697	11.262	183	21	11.466
2010	11.889	210	23	12.122	2.594	61	9	2.664	2.640	45	10	2.695	10.200	191	21	10.412
2011	10.101	171	23	10.295	2.296	46	10	2.352	2.097	44	1	2.142	8.432	147	17	8.596
2012	7.572	149	13	7.734	1.732	55	8	1.795	1.623	57	7	1.687	5.985	149	16	6.150
2013	6.822	142	15	6.979	1.590	41	8	1.639	1.671	43	5	1.719	5.287	98	14	5.399

Táboa 135. Accidentes laborais dos homes segundo provincias e gravidade, anos 2009-2013.

Mulleres	A CORUÑA				LUGO				OURENSE				PONTEVEDRA			
	Leves	Graves	Mortais	Totais	Leves	Graves	Mortais	Totais	Leves	Graves	Mortais	Totais	Leves	Graves	Mortais	Totais
2009	4.092	38	2	4.132	888	11	1	900	898	10	0	908	3.235	33	1	3.269
2010	3.775	38	1	3.814	919	16	1	936	869	7	0	876	3.176	38	0	3.214
2011	3.412	17	1	3.430	798	16	1	815	798	7	0	805	2.687	25	0	2.712
2012	2.879	20	0	2.899	622	19	0	641	684	7	1	692	2.036	29	0	2.065
2013	3.021	39	2	3.062	704	28	0	732	727	4	1	732	2.083	23	2	2.108

Táboa 136. Accidentes laborais das mulleres segundo provincias e gravidade, anos 2009-2013.

Datos de incidencias

AFILIADOS

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2004	325.542	99.628	78.912	282.692
2005	335.782	101.776	80.362	291.749
2006	350.216	104.785	83.127	303.456
2007	365.197	107.870	86.122	316.624
2008	365.012	103.746	85.669	314.575

Táboa 137. Afiliados por provincias, anos 2004 a 2008.

AFILIADOS	A CORUÑA		
	Homes	Mulleres	Total
2009	190.870	160.879	351.749
2010	185.583	160.074	345.657
2011	179.297	160.016	339.313
2012	167.990	156.584	324.574
2013	161.312	164.381	325.693

Táboa 138. Afiliados na provincia da Coruña segundo sexo, anos 2009 a 2013.

AFILIADOS	LUGO		
	Homes	Mulleres	Total
2009	54.523	45.536	100.059
2010	52.737	45.088	97.825
2011	51.749	44.863	96.612
2012	48.379	43.705	92.084
2013	45.784	45.800	91.584

Táboa 139. Afiliados na provincia de Lugo segundo sexo, anos 2009 a 2013.

AFILIADOS	OURENSE		
	Homes	Mulleres	Total
2009	44.600	37.655	82.255
2010	42.898	37.161	80.059
2011	41.825	37.019	78.844
2012	39.527	35.921	75.448
2013	38.594	38.570	77.164

Táboa 140. Afiliados na provincia de Ourense segundo sexo, anos 2009 a 2013.

AFILIADOS	PONTEVEDRA		
	Homes	Mulleres	Total
2009	166.450	131.416	297.866
2010	156.694	127.229	283.923
2011	149.245	124.695	273.940
2012	138.861	119.820	258.681
2013	132.381	125.512	257.893

Táboa 141. Afiliados na provincia de Pontevedra segundo sexo, anos 2009 a 2013.

Incidenia accidentes leves	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2004	5.714,78	4.039,03	4.828,16	6.983,57
2005	5.691,19	4.294,73	4.876,68	6.686,57
2006	5.564,85	4.123,68	4.791,46	6.508,69
2007	5.815,49	4.420,14	5.075,36	6.494,14
2008	5.728,58	4.406,92	5.122,04	6.278,63

Táboa 142. Incidenia dos accidentes leves, anos 2004 a 2008.

Incidenia accidentes leves	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2009	4852,04	3778,77	4314,63	4866,95
2010	4531,66	3591,11	4383,02	4711,14
2011	3982,46	3202,50	3671,81	4058,92
2012	3219,91	2556,36	3057,74	3100,73
2013	3022,17	2504,80	3107,67	2857,77

Táboa 143. Incidenia dos accidentes leves, anos 2009 a 2013.

Incidenia accidentes graves	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2004	137,92	127,47	133,06	141,85
2005	109,30	139,52	89,59	143,96
2006	105,93	77,30	85,41	140,38
2007	79,68	76,94	91,73	120,33
2008	70,13	81,93	84,04	91,23

Táboa 144. Incidenia dos accidentes graves, anos 2004 a 2008.

Incidenia accidentes graves	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2009	64,25	57,97	59,57	72,52
2010	71,75	78,71	64,95	80,66
2011	55,41	64,17	64,68	62,79
2012	52,07	80,36	84,83	68,81
2013	55,57	75,34	60,91	46,92

Táboa 145. Incidenia dos accidentes graves, anos 2009 a 2013.

Incidenia accidentes mortais	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2004	9,52	15,06	5,07	13,09
2005	10,42	18,67	8,71	14,05
2006	8,85	10,50	10,83	8,90
2007	7,12	18,54	8,13	6,95
2008	9,59	9,64	9,34	6,04

Táboa 146. Incidenia dos accidentes mortais, anos 2004 a 2008.

Incidenia accidentes mortais	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2009	8,53	14,99	8,51	7,39
2010	6,94	10,22	12,49	7,40
2011	7,07	11,39	1,27	6,21
2012	4,01	8,69	10,60	6,19
2013	5,22	8,74	7,78	6,20

Táboa 147. Incidenia dos accidentes mortais, anos 2009 a 2013.

Incidencia accidentes totais	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2004	5.862,22	4.181,56	4.966,29	7.138,51
2005	5.810,91	4.452,92	4.974,99	6.844,58
2006	5.679,64	4.211,48	4.887,70	6.657,97
2007	5.902,29	4.515,62	5.175,22	6.621,42
2008	5.808,30	4.498,49	5.215,42	6.375,90

Táboa 148. Incidencia dos accidentes totais, anos 2004 a 2008.

Incidencia accidentes totais	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2009	4.924,82	3.851,73	4.382,71	4.946,86
2010	4.610,35	3.680,04	4.460,46	4.799,19
2011	4.044,94	3.278,06	3.737,76	4.127,91
2012	3.275,99	2.645,41	3.153,17	3.175,73
2013	3.082,96	2.588,88	3.176,35	2.910,90

Táboa 149. Incidencia dos accidentes totais, anos 2009 a 2013.

Incidencia accidentes leves, homes	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2009	6.797,82	5.306,02	5.943,95	6.766,00
2010	6.406,30	4.918,75	6.154,13	6.509,50
2011	5.633,67	4.436,80	5.013,75	5.649,77
2012	4.507,41	3.580,07	4.106,05	4.310,07
2013	4.229,07	3.472,83	4.329,69	3.993,78

Táboa 150. Incidencia dos accidentes leves dos homes, anos 2009 a 2013.

Incidencia accidentes leves, mulleres	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2009	2.543,53	1.950,11	2.384,81	2.461,65
2010	2.358,28	2.038,24	2.338,47	2.496,29
2011	2.132,29	1.778,75	2.155,65	2.154,86
2012	1.838,63	1.423,18	1.904,18	1.699,22
2013	1.837,80	1.537,12	1.884,88	1.659,60

Táboa 151. Incidencia dos accidentes leves das mulleres, anos 2009 a 2013.

Incidencia accidentes graves, homes	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2009	98,50	86,20	87,44	109,94
2010	113,16	115,67	104,90	121,89
2011	95,37	88,89	105,20	98,50
2012	88,70	113,69	144,21	107,30
2013	88,03	89,55	111,42	74,03

Táboa 152. Incidencia dos accidentes graves dos homes, anos 2009 a 2013.

Incidencia accidentes graves, mulleres	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2009	23,62	24,16	26,56	25,11
2010	23,74	35,49	18,84	29,87
2011	10,62	35,66	18,91	20,05
2012	12,77	43,47	19,49	24,20
2013	23,73	61,14	10,37	18,32

Táboa 153. Incidencia dos accidentes graves das mulleres, anos 2009 a 2013.

Incidencia accidentes mortais, homes	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2009	14,67	25,68	15,70	12,62
2010	12,39	17,07	23,31	13,40
2011	12,83	19,32	2,39	11,39
2012	7,74	16,54	17,71	11,52
2013	9,30	17,47	12,96	10,58

Táboa 154. Incidencia dos accidentes mortais dos homes, anos 2009 a 2013.

Incidencia accidentes mortais, mulleres	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2009	1,24	2,20	0,00	0,76
2010	0,62	2,22	0,00	0,00
2011	0,62	2,23	0,00	0,00
2012	0,00	0,00	2,78	0,00
2013	1,22	0,00	2,59	1,59

Táboa 155. Incidencia dos accidentes mortais das mulleres, anos 2009 a 2013

Incidencia accidentes totais, homes	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2009	6.910,99	5.417,90	6.047,09	6.888,56
2010	6.531,85	5.051,48	6.282,34	6.644,80
2011	5.741,87	4.545,02	5.121,34	5.759,66
2012	4.603,85	3.710,29	4.267,97	4.428,89
2013	4.326,40	3.579,85	4.454,06	4.078,38

Táboa 156. Incidencia dos accidentes totais dos homes, anos 2009 a 2013.

Incidencia accidentes totais, mulleres	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2009	2.568,39	1.976,46	2.411,37	2.487,52
2010	2.382,65	2.075,94	2.357,31	2.526,15
2011	2.143,54	1.816,64	2.174,56	2.174,91
2012	1.851,40	1.466,65	1.926,45	1.723,42
2013	1.862,75	1.598,25	1.897,85	1.679,52

Táboa 157. Incidencia dos accidentes totais das mulleres, anos 2009 a 2013.

Gráficos de incidencias




Gráfico 77. Incidencia dos accidentes leves, anos 2004 a 2008.




Gráfico 78. Incidencia dos accidentes leves, anos 2009 a 2013.




Gráfico 79. Incidencia dos accidentes graves, anos 2004 a 2008.




Gráfico 80. Incidencia dos accidentes graves, anos 2009 a 2013.




Gráfico 81. Incidencia dos accidentes mortais, anos 2004 a 2008.




Gráfico 82. Incidencia dos accidentes mortais, anos 2009 a 2013.




Gráfico 83. Incidencia dos accidentes totais, anos 2004 a 2008.




Gráfico 84. Incidencia dos accidentes totais, anos 2009 a 2013.




Gráfico 85. Incidencia dos accidentes leves dos homes, anos 2009 a 2013.




Gráfico 86. Incidencia dos accidentes leves das mulleres, anos 2009 a 2013.




Gráfico 87. Incidencia dos accidentes graves dos homes, anos 2009 a 2013.




Gráfico 88. Incidencia dos accidentes graves das mulleres, anos 2009 a 2013.




Gráfico 89. Incidencia dos accidentes mortais dos homes, anos 2009 a 2013.




Gráfico 90. Incidencia dos accidentes mortais das mulleres, anos 2009 a 2013.




Gráfico 91. Incidencia dos accidentes totais dos homes, anos 2009 a 2013.




Gráfico 92. Incidencia dos accidentes totais das mulleres, anos 2009 a 2013.

Graves e mortais

Nesta sección mostraranse a evolución dos accidentes graves e mortais en Galicia, tanto en xornada coma *in itinere*, expresados en tanto por mil (‰), así como as diferenzas entre os accidentes laborais de tráfico graves e mortais en Galicia e todos os accidentes de tráfico rexistrados en España pola Dirección Xeral de Tráfico, ao non poder dispoñer para Galicia dunha valoración da gravidade de todos os accidentados nos accidentes de tráfico. [Nota 5](#).

No [gráfico 93](#) móstranse a evolución dos accidentes laborais graves e mortais en xornada laboral e *in itinere* acontecidos en Galicia entre os anos 2004 e 2013. Os datos destes accidentes están nas táboas da sección [Segundo lugar](#).

Os accidentes graves *in itinere* foron no 2004 41,53 por cada mil accidentados. Dende o ano 2006 (36,74 ‰) a gravidade descende ata 23,94 ‰ no 2007, alcanzando o valor mínimo no ano 2008 (17,08 ‰). Nestes anos, a gravidade dos accidentes graves en xornada laboral descende monotonamente dende 22,85 accidentes por cada mil accidentados no 2004 aos 13,89 ‰ no 2008 con valores de 19,54‰ no 2006 e 16,09‰ no 2007.

A partir do 2008 os accidentes graves *in itinere* aumentan ata alcanzar un valor de 22,64 ‰ no ano 2010, diminuíndo nos dous anos posteriores (22,39 ‰ no 2011 e 21,81 ‰ no 2012) ata alcanzar o máximo valor de gravidade dende o 2008 no ano 2013 con 23,04 ‰. Os accidentes en xornada graves mantéñense en valores moi similares a partir do ano 2008, 13,89 ‰ no 2009, 13,80 ‰ no 2010, diminuíndo lixeiramente ata 13,10 ‰ no 2011, aumentando ata 17,33 ‰ no 2012 e volvendo descender ata 14,48 ‰ no 2013.

Os accidentes mortais *in itinere* alcanzaban no ano 2004 o valor de 8,78 accidentes mortais por cada 1000 accidentes, descendendo ata 2,78 ‰ no ano 2008 aínda que de non de forma monótona: 6,37 ‰ no 2005, 6,51 ‰ no 2006, 4,02 ‰ no 2007. Nestes 5 anos, os accidentes mortais en xornada laboral variaron dende 1,84 ‰ no 2004 ata 2,12 ‰ no 2005, manténdose en valores próximos nos 3 anos seguintes: 1,61 ‰ no 2006, 1,45 ‰ no 2007, 1,43 ‰ no 2008.

A partir do 2008 os accidentes mortais *in itinere* aumentaron nos 2 anos seguintes: 3,42 ‰ no 2009 e 4,78 ‰ no 2010, tendo valores inferiores nos seguintes: 2,09 ‰ no 2011, 2,77 ‰ no 2012 (no 2008 fora do 2,78 ‰) e 1,06 ‰ no 2013, sendo o único ano dos 10 considerados en que os accidentes mortais *in itinere* diminúen en ‰ por debaixo dos accidentes mortais en xornada. Nos anos 2009 (1,87 ‰) e seguintes os accidentes mortais en xornada volveron aumentar en relación ao 2008: 1,72 ‰ no 2010, 1,64 ‰ no 2011, 1,86 ‰ no 2012, alcanzando no 2013 con 1,88 ‰ o valor máis alto neste quinquenio.

Parte dos accidentes laborais teñen a consideración de accidentes de tráfico, unha porcentaxe dos cales son accidentes *in itinere* (entre o 68% e o 71% dos accidentes laborais de tráfico nos anos 2009 ao 2013) e a restante porcentaxe son en xornada laboral. Para comparar a evolución dos accidentados laborais de tráfico graves e mortais usouse como referencia os datos de accidentados de tráfico de toda España que a [DXT proporciona](#) ([Nota 5](#)) reflectíndose os datos necesarios na [táboa 158](#).

No [gráfico 94](#) pódese comprobar como os accidentados graves de tráfico a nivel estatal (expresados en ‰ sobre o total de accidentados) diminuíron monotonamente ano tras ano dende 109,05 ‰ no 2009 a 79,79 ‰ no 2013. Os accidentados laborais graves de tráfico en Galicia non mostran esta mellora, sendo (como se comproba no gráfico) varias veces inferiores, sen causa coñecida que xustifique de forma verificable

unha menor gravidade dos accidentes laborais de tráfico respecto aos de tráfico non laborais. Os accidentados laborais de tráfico en xornada laboral de Galicia (expresados en ‰ sobre o total de accidentados) alcanzan no ano 2009 un valor de 27,35 ‰, aumentaron no 2010 ata 40,03 ‰, sendo os restantes valores anuais os seguintes: 30,80 ‰ no 2011, 37,78 ‰ no 2012 e 35,38 ‰ no 2013. Os accidentados laborais graves en accidentes de tráfico *in itinere*, tampouco mostran o descenso da curva da DXT, manténdose entre o ano 2009 (22,73 ‰) e o 2013 (22,24 ‰) en valores similares: 25,86 ‰ no 2010, 20,55 ‰ no 2011 e 19,20 ‰ no 2012. O criterio que utiliza a DXT para a valoración dos accidentes está referenciado na [Nota 5](#): **Considéranse feridos graves, aquelas persoas feridas nun accidente de circulación e cuxo estado precise unha hospitalización superior a vinte e catro horas**. Para ter coñecemento sobre o criterio xeral en España da valoración da gravidade dos accidentes de traballo (sexan de tráfico ou non) pode ser de utilidade a información referenciada na [Nota 1](#), lembrando que Galicia, tal como publica con periodicidade regular o [Ministerio de Empleo e Seguridade Social](#) é unha das CC.AA. con maior incidencia de accidentes graves e mortais. [Nota 6](#).

No gráfico 95 pódese comprobar como os accidentados mortais de tráfico a nivel estatal (expresados en ‰ sobre o total de accidentados) diminuíron monotonamente ano tras ano dende 21,26 ‰ no 2009 a 13,29 ‰ no 2013. Unha evolución en certa forma similar experimentaron os accidentados laborais de tráfico mortais *in itinere* en Galicia, os cales diminuíron dende os valores alcanzados nos anos 2009 (4,36 ‰) e 2010 (5,37 ‰) ata 1,48 ‰ no 2013, con valores de 1,94 ‰ no ano 2011 e 3,28 ‰ no 2012. Evolución distinta tiveron os accidentados mortais laborais de tráfico en xornada laboral de Galicia cunha tendencia xeral en aumento dende o valor de 5,17 ‰ no ano 2009 ata os 9,43 ‰ no ano 2013 co resto dos valores superiores aos do ano 2009: 8,63 ‰ no 2010, 7,70 ‰ no 2011 e 10,00 ‰ no 2012. É interesante citar o criterio da DXT referenciado na [Nota 5](#) sobre a cualificación dos accidentes de tráfico como mortais en España: **Considérase vítima mortal, toda persoa que, como consecuencia do accidente, faleza no acto ou dentro dos trinta días seguintes**, non sendo este o criterio seguido na tramitación dos accidentes laborais mortais en España.

Gráfico




Gráfico 93. Accidentados graves e mortais en xornada e *in itinere* en tanto por mil do total de accidentados en accidentes laborais en Galicia.

Comparativa accidentes de tráfico

	ACCID. DE TRÁFICO (Graves)			ACCID. DE TRÁFICO (Mortais)			Accidentados tráfico laborais Totais In Itinere en Galicia	Accidentados tráfico laborais Totais En Xornada en Galicia	Accidentados por accidentes de tráfico D.G.T. (en España)
	Accd. Itinere Graves	Accd. Xornada Graves	D.G.T. Graves (España)	Accd. Itinere Mortais	Accd. Xornada Mortais	D.G.T. Mortais (España)			
2009	73	37	13.923	14	7	2.714	3.212	1.353	127.680
2010	77	51	11.995	16	11	2.478	2.978	1.274	122.823
2011	53	36	11.347	5	9	2.060	2.579	1.169	117.687
2012	41	34	10.444	7	9	1.903	2.135	900	117.793
2013	45	30	10.086	3	8	1.680	2.023	848	126.400

Táboa 158. Accidentados de tráfico laborais en Galicia e todos os accidentados de tráfico rexistrados pola [DXT](#) en España, anos 2009-2013.




Gráfico 94. Accidentes graves de tráfico en %, anos 2009 -2013.




Gráfico 95. Accidentes mortais de tráfico en %, anos 2009 -2013.

Relación Accidentes Con baixa / Sen baixa

Cos datos publicados nos anuarios dos accidentes con baixa (tanto en xornada como *in itinere*) e os datos dos accidentes sen baixa obtidos por medio da utilidade **RESL** (Resumo estatístico da sinistralidade laboral) do Sistema Delt@, se obteñen as [táboas 159](#) e [160](#). **Nota 7.**

Os números dos partes de accidentes sen baixa da [táboa 159](#) corresponden ás relacións de accidentes de traballo sen baixa médica segundo a data da recepción destas. Nesta táboa aparecen os datos dos partes nos anos a estudo por provincias e o total en Galicia. Destácanse nesta táboa os datos correspondentes aos anos 2012 e 2013 (por ser os primeiros anuarios nos que aparecen os datos dos accidentes sen baixa) e os datos da provincia de Pontevedra e o Total de Galicia dos anos 2008 e 2010, nos que os datos destacados en cor vermella indican distorsións nos valores rexistrados (corresponderíanlles valores próximos a unha interpolación cos anos adxacentes) por circunstancias alleas á sinistralidade laboral. Tamén destacar que os baixos números de ano 2004 se deben ao inicio da presentación a través do sistema Delt@.

Sobre a evolución dos accidentes con baixa xa falouse antes, no apartado segundo provincia, non habendo diferenzas entre a evolución da suma de todos os accidentes con baixa respecto aos de só con baixa en xornada laboral.

A evolución dos accidentes sen baixa da táboa 159 en cada provincia móstrase a continuación, onde se pode comprobar que os accidentes sen baixa diminuíron entre o ano 2009 e o 2013 menos que os accidentes con baixa (29,45% nos sen baixa, 42,24% nos con baixa):

- Na provincia da Coruña os accidentes diminuíron dende os 22.605 do ano 2005 aos 20.682 no 2006, aumentando dende ese ano ata os 24.396 do 2008, sendo este ano onde se alcanza o máximo de declaracións de accidentes sen baixa (nos accidentes con baixa foi no ano 2007). Dende o ano 2008 as declaracións de accidentes sen baixa diminúen monotonamente ata os 16.242 no 2013 (ao igual que os accidentes con baixa). Os accidentes sen baixa aumentaron un 7,92% entre os anos 2005 e 2008 mentres que no mesmo período os accidentes con baixa aumentaron un 9,13%. Entre o ano 2009 e o 2013 os accidentes laborais sen baixa diminuíron un 31,86% mentres que os con baixa o fixeron nun 40,40%.
- Na provincia de Lugo os accidentes diminuíron dende os 3.382 do ano 2005 aos 2.870 do 2007, aumentando dende ese ano ata os 4.917 do ano 2009 onde se produce o máximo na declaración destes accidentes na provincia (nos accidentes con baixa o máximo produciuse no ano 2007). Dende o máximo do ano 2009 os accidentes sen baixa diminuíron ata os 3.638 do ano 2013, non sendo un descenso monótono, co valor do ano 2011 (4.082) superior ao do ano 2010 (3.974). Os accidentes sen baixa aumentaron un 14,55% entre os anos 2005 e 2008 mentres que no mesmo período os accidentes con baixa aumentaron un 3,95%. Entre o ano 2009 e o 2013 os accidentes laborais sen baixa diminuíron un 26,01% mentres que os con baixa o fixeron nun 36,75%.
- En Ourense os accidentes sen baixa diminuíron dende os 3.999 do ano 2005 aos 3.919 no ano 2006, a partir do cal as declaracións de accidentes aumentaron ata os 5.595 do ano 2009 onde se produciu o máximo (o máximo nos accidentes con baixa produciuse no 2008). Dende o ano 2009 os accidentes diminuíron monotonamente ata os 4.021 no 2013. Os accidentes sen baixa aumentaron un 23,66% entre os anos 2005 e 2008 mentres que no mesmo período os accidentes con baixa aumentaron un 12,82%. Entre o ano 2009 e o 2013 os accidentes laborais sen baixa diminuíron un 28,13% mentres que os con baixa o fixeron nun 30,83%.
- Cos datos da provincia de Pontevedra é difícil precisar a evolución da declaración dos accidentes sen baixa, pero pódese dicir que no primeiro quinquenio os accidentes sen baixa deberon aumentar ata o final deste e diminuíron ao longo do segundo quinquenio. Os accidentes sen baixa aumentaron un 3,16% entre os anos 2005 e 2007 mentres que no mesmo intervalo os accidentes con baixa

aumentaron un 5,50%. Entre o ano 2009 e o 2013 os accidentes laborais sen baixa diminuíron un 27,95% mentres que os con baixa o fixeron nun 48,31%.

Na [táboa 160](#) e no [gráfico 96](#) represéntase a relación ou ratio entre o número de accidentes con baixa e o número dos sen baixa, a evolución por provincias explícase a continuación:

- Na Coruña entre os anos 2005 ao 2008 o ratio accidentes con baixa / accidentes sen baixa estivo próximo a 1,0, mentres que entre os anos 2009 ao 2011 o ratio diminuíu ata aproximadamente 0,8; dende o 0,78 do ano 2011 continuou diminuíndo ata un 0,69 no 2013.
- En Lugo entre os anos 2005 ao 2008 o ratio accidentes con baixa / accidentes sen baixa estivo próximo a 1,5, con valores entre o mínimo do ano 2008 (1,30) ao máximo do 2007 (1,81). Entre os anos 2009 ao 2011 o ratio diminuíu ata aproximadamente 0,9, con valores entre o mínimo do 2011 (0,83) e o máximo do 2010 (0,99). A partir do 2011 o ratio diminúe ata 0,72 no 2013.
- En Ourense entre os anos 2005 ao 2008 o ratio accidentes con baixa / accidentes sen baixa estivo próximo a 1,1, con valores entre o mínimo do ano 2008 (0,97) ao máximo do 2007 (1,19). Entre os anos 2009 ao 2011 o ratio diminuíu ata aproximadamente 0,8 con valores entre o mínimo do 2009 (0,69) e o máximo do 2010 (0,84). A partir do 2011 o ratio é menor con valores de 0,63 no 2012 e 0,66 no 2013.
- En Pontevedra entre os anos 2005 ao 2007 o ratio accidentes con baixa / accidentes sen baixa estivo próximo a 1,0, con valores entre o mínimo no 2005 (0,96) e o máximo no 2007 (1,01). Entre os anos 2011 ao 2013 o ratio diminuíu ata aproximadamente 0,6, con valores entre o mínimo do ano 2013 (0,54) e o máximo do 2011 (0,65). Entre os anos 2011 ao 2013 o ratio en toda Galicia estivo en aproximadamente o 0,7.

Datos

SB	PROVINCIA					
	ANO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
	2004	8.853	1.439	1.677	9.426	21.395
	2005	22.605	3.382	3.999	23.133	53.119
	2006	20.682	3.227	3.919	22.064	49.892
	2007	22.563	2.870	4.028	23.863	53.324
	2008	24.396	3.874	4.945	13.540	46.755
	2009	23.836	4.917	5.595	22.164	56.512
	2010	20.964	3.974	4.568	44.291	73.797
	2011	19.290	4.082	4.235	19.721	47.328
	2012	16.645	3.650	4.161	16.434	40.890
	2013	16.242	3.638	4.021	15.970	39.871

Táboa 159. Accidentes sen baixa por provincias, anos 2004-2013.

CB	PROVINCIA					
	ANO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
	2004	20.589	4.696	4.208	22.297	51.563
	2005	21.110	4.832	4.273	22.192	52.407
	2006	21.457	4.720	4.353	22.341	52.871
	2007	23.426	5.185	4.795	23.412	56.818
	2008	23.037	5.023	4.821	22.546	55.427
	2009	18.923	4.133	3.854	16.701	43.611
	2010	17.516	3.916	3.851	15.426	40.709
	2011	15.049	3.407	3.182	12.859	34.497
	2012	11.913	2.676	2.609	9.353	26.551
	2013	11.278	2.614	2.666	8.633	25.191

Táboa 160. Accidentes con baixa por provincias, anos 2004-2013.

ANO	Ratio CB/SB				
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
2004	2,33	3,26	2,51	2,37	2,41
2005	0,93	1,43	1,07	0,96	0,99
2006	1,04	1,46	1,11	1,01	1,06
2007	1,04	1,81	1,19	0,98	1,07
2008	0,94	1,30	0,97	1,67	1,19
2009	0,79	0,84	0,69	0,75	0,77
2010	0,84	0,99	0,84	0,35	0,55
2011	0,78	0,83	0,75	0,65	0,73
2012	0,72	0,73	0,63	0,57	0,65
2013	0,69	0,72	0,66	0,54	0,63

Táboa 161. Ratio Accidentes con baixa / Sen baixa por provincias, anos 2004-2013.

Gráfico




Gráfico 96. Relación entre os accidentes con baixa e sen baixa por provincias entre os anos 2004 e 2013.

Enfermidades profesionais segundo grupo e provincia

Para rematar este estudo, faise unha análise da evolución dos partes de enfermidade profesionais comunicados en Galicia a través do sistema [CEPROSS](#). Para iso utilizaranse varias variables de agrupación que configuran as tres seccións dedicadas ás enfermidades: **segundo grupo e provincia**, **segundo o sector** e **segundo a idade**. Como información de interese relacionada coa declaración de enfermidades profesionais pódese consultar a [Nota 8](#).

Os grupos en que se clasifican as enfermidades profesionais son os seguintes:

- Grupo I: EP causadas por axentes químicos.
- Grupo II: EP causadas por axentes físicos.
- Grupo III: EP causadas por axentes biolóxicos.
- Grupo IV: EP causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados.
- Grupo V: EP da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados.
- Grupo VI: EP causadas por axentes carcinóxicos.

Nas táboas da [161](#) á [170](#) detállanse os números dos partes de enfermidades profesional comunicados segundo o grupo de enfermidades profesionais en cada provincia e no total de Galicia. Nas táboas [171](#) e [172](#) están os datos da incidencia das enfermidades profesionais por provincias. A representación gráfica dos datos das táboas anteriores está nos gráficos do [97](#) ao [108](#).

Nas táboas [161](#) e [162](#) e os gráficos [97](#) e [98](#) expónse a evolución das enfermidades profesionais segundo o grupo, entre os anos 2007 ao 2013 nas enfermidades con baixa e 2009 ao 2013 nas enfermidades sen baixa, na provincia da Coruña:

- O grupo II, maioritario nas enfermidades profesionais comunicadas, supuxo aproximadamente o 79,7% do total das enfermidades con baixa no período rexistrado. Aumentaron un 59,85% dende os 132 casos no 2007 (o 80,49% das enfermidades con baixa nese ano) aos 211 dos anos 2010 e 2011 (o 82,75% das enfermidades con baixa neses anos). Do ano 2011 (211 casos) ao 2013 (97 casos) as enfermidades con baixa do grupo II diminuíron un 54,03%, para unha diminución nos 7 anos do 26,52%. Entre os anos 2009 (206) e 2013 as enfermidades diminuíron un 52,91% neste grupo e un 53,33% no total dos grupos. O total dos partes con baixa comunicados aumentou un 64,63% entre os anos 2007 (164) e 2009 (270), diminuíndo un 23,17% entre o 2007 e o 2013 (126).
- O resto dos grupos de enfermidade profesional non superan o 10% dos casos no período: grupo V (6,1%), cunha media de 13 partes comunicados, grupo I (5,5%), cunha media de 12 partes comunicados, grupo IV (5,1%), cunha media de 11 partes comunicados, grupo III (3,4%), de media 7 partes comunicados e grupo VI que co 0,3% non chega de media a un parte por ano na provincia.
- Na [táboa 162](#) e no [gráfico 98](#) móstranse os números dos partes de enfermidade 2013 sen baixa laboral comunicados entre os anos 2009 e. Ao igual que no caso dos partes comunicados con baixa, o grupo II supón a maioría dos casos con aproximadamente un 72,2% de media no quinquenio. Estas enfermidades aumentaron un 38,61% entre o ano 2009 (101) e o 2011 (140) diminuíndo un 38,57% no 2013 (86 partes comunicados), para unha diminución no total dos 5 anos do 14,85%. O total dos partes sen baixa comunicados

aumentou un 23,60% entre o ano 2009 (161) e o 2011 (140), diminuíndo un 47,74% no 2013 (104) para unha diminución no período do 35,40%.

- Do resto dos grupos de enfermidade con partes comunicados sen baixa, destaca o grupo IV que cunha media de 25 partes comunicados nestes 5 anos ten aproximadamente o 17,2% do total comunicado, diminuíndo un 73,53% entre o 2011 (34 partes, o 17,09% do total dese ano) e o 2013 (9 partes, o 8,65% do total) e un 81,63% dende o 2009 (49 partes, o 30,43% do total). Os demais grupos teñen porcentaxes moi inferiores: grupo V (5,3%), 8 partes de media anual, grupo I (4,0%), 6 partes de media, grupo VI (0,8%), 1 parte de media e grupo III (0,6%), 1 parte de media por ano na provincia.

Nas [táboas 163 e 164](#) e os [gráficos 99 e 100](#) expónse a evolución das enfermidades profesionais segundo o grupo entre os anos 2007 ao 2013 nas enfermidades con baixa e 2009 ao 2013 nas enfermidades sen baixa na provincia de Lugo:

- O grupo II supuxo aproximadamente o 69,0% do total das enfermidades con baixa no período rexistrado. Aumentaron un 34,62% dende os 26 casos no 2007 (o 81,25% das enfermidades con baixa nese ano) aos 35 do ano 2009 (o 60,34% das notificacións de enfermidades con baixa nese ano). Entre o ano 2009 e o 2013 (17 casos, o 51,52% do total ese ano) os partes notificados diminuíron un 51,43%, sendo o ano 2012 con 34 partes (o 82,93% do total ese ano) o que maior número de partes notificados do grupo II despois do 2009. O total dos partes con baixa comunicados aumentou un 81,25% entre os anos 2007 (32) e 2009 (58) diminuíndo un 43,10% no 2013 (33), para un aumento total no período do 3,13% .
- Dos demais grupos de enfermidade profesional destacar o número de notificacións do grupo IV que cunha media de 7 partes de enfermidades con baixa, aproximadamente o 17,9% do total, é o segundo grupo máis numeroso, cun incremento entre o ano 2007 (3), o 9,38% do total con baixa comunicado ese ano e o 2010 (13), o 28,26% do total con baixa comunicado ese ano, do 333,33%. No 2013 volvéronse comunicar outras 13 enfermidades con baixa deste grupo, que nese ano supuxeron o 39,39% do total. O resto dos grupos de enfermidade profesional teñen porcentaxes de comunicación moi inferiores no período: grupo V (5,9%), cunha media de 2 partes comunicados, grupo III (3,8%), cunha media de 2 partes comunicados, grupo I (2,4%), cunha media de 1 partes comunicado e grupo VI que co 1% non chega de media a un parte por ano na provincia.
- Na [táboa 164](#) e no [gráfico 100](#) detállanse os partes de enfermidade comunicados na provincia entre os anos 2009 e 2013 sen baixa laboral. Da mesma forma que nos comunicados con baixa, o grupo II supón a maioría das enfermidades con aproximadamente o 51,7% nos cinco anos. Os partes comunicados deste grupo aumentaron un 533,33% entre os anos 2009 (3), o 25% dos partes dese ano, e 2012 (19), o 52,78% dos partes dese ano, repetíndose no 2013 o mesmo número de comunicacións. O total dos partes sen baixa aumento un 200% entre os anos 2009 (12) e 2012 (36), diminuíndo un 11,11% no 2013 (32) para un incremento no período do 166,67%.
- Do resto dos grupos de enfermidade con partes comunicados sen baixa, destaca o grupo IV que cunha media de 8 partes anuais ten aproximadamente o 32,8% do total dos partes sen baixa comunicados, sendo o ano 2012 con 15 partes (o 41,67% do total dese ano) cando máis comunicacións se realizaron, e o 2009 con 6 (o 50% do total dese ano) o ano en que supuxeron a maior porcentaxe do total. Os demais grupos teñen porcentaxes moi inferiores: grupo V (8,6%), 2 partes de media anual, grupo I (4,3%), 1 parte de media e grupos III e VI que co 1,7% e o 0,9% respectivamente, non chegan de media a un parte comunicado.

Nas [táboas 165 e 166](#) e os [gráficos 101 e 102](#) expónse a evolución das enfermidades profesionais segundo o grupo entre os anos 2007 ao 2013 nas enfermidades con baixa e 2009 ao 2013 nas enfermidades sen baixa na provincia de Ourense:

- O grupo II supuxo aproximadamente o 74,0% do total das enfermidades con baixa comunicadas no período. Entre o ano 2007 (102) e o 2012 (40) onde se chegou ao mínimo de enfermidades comunicadas deste grupo no intervalo, as notificacións diminuíron un 60,78%, sendo o 77,27% das enfermidades con baixa no 2007 e o 72,73% no 2012. Cos datos do 2013, 43 enfermidades comunicadas, o 67,19% do total con baixa ese ano, a diminución dende o 2007 foi do 57,84%, e dende o 2009 (79) do 45,57%. O total de enfermidades comunicadas con baixa diminuíu entre o ano 2007 (132) e o 2012 (55) un 58,33%, sendo o descenso entre o 2007 e o 2013 (64) dun 51,52%, e dende o 2009 (107) do 40,19%.
- Do resto dos grupos de enfermidades profesionais, destacar o grupo IV que cunha media de 12 comunicadas con baixa no período (aproximadamente o 12,5% das enfermidades) é o segundo grupo máis numeroso. O resto dos grupos de enfermidade ten un número de comunicacións moi inferior: grupo III (5 comunicacións de media, o 5,5%), grupo V (4 comunicacións de media, o 4,5%), grupo I (3 comunicacións de media, o 3,5%).
- Na [táboa 166](#) e no [gráfico 102](#) detállanse os partes de enfermidade comunicados na provincia entre os anos 2009 e 2013 sen baixa laboral. Hai dous grupos que se distinguen dos demais polo seu número de enfermidades comunicadas: o grupo II, que cunha media de 37 enfermidades comunicadas supuxo aproximadamente o 60,5% do total de comunicadas sen baixa na provincia e o grupo IV con 20 comunicacións, aproximadamente o 32,6% do total. O grupo II tivo o seu menor número de comunicacións no 2010 (21), o 39,62% das comunicadas sen baixa ese ano e o máximo no 2009 (50), o 70,42% das comunicadas ese ano, alcanzándose o máximo en porcentaxe no 2013, o 71,43%, con 45 comunicacións. O grupo IV tivo o seu máximo porcentual no 2010 (o 60,38%) con 32 comunicacións e o mínimo no 2013 (o 14,29%) con 9 comunicacións.
- O resto de dos grupos ten medias e porcentaxes moi inferiores: grupo I (2 comunicacións e o 2,6%), grupos V e VI (1 comunicación e o 1,6%) e grupo III (1 comunicación e o 1,0%). A media de comunicacións sen baixa, do total dos grupos, foi nestes 5 anos de 61 partes de enfermidade, con valores entre os 52 do ano 2011 e os 71 do 2009.

Nas táboas [167](#) e [168](#) e os gráficos [103](#) e [104](#) expónse a evolución das enfermidades profesionais segundo o grupo entre os anos 2007 ao 2013 nas enfermidades con baixa e do 2009 ao 2013 nas enfermidades sen baixa na provincia de Pontevedra:

- O grupo II supuxo aproximadamente o 82,1% do total das enfermidades con baixa comunicadas no período. Entre o ano 2007 (316) e o 2013 (212) as notificacións diminuíron un 32,91% e entre o 2009 (346) e o 2013 un 38,73%. No ano 2008, foi onde máis enfermidades se comunicaron na provincia tanto neste grupo coma no total, 438 (o 85,05% do total dese ano), sendo no 2010 cando as comunicacións deste grupo tiveron a maior porcentaxe (o 87,37% dun total de 388). O total das enfermidades comunicadas nos 7 anos foi de 369 de media, con variacións na súa evolución: se no 2007 foron 376 enfermidades, entre os anos 2008 (515) e o 2012 (282) as comunicacións descenderon monotonamente (un 45,24%), volvendo aumentar no 2013 (298). Os partes de enfermidade con baixa diminuíron entre os anos 2009 (425) e 2013 un 29,88%.
- Do resto dos grupos de enfermidade profesional, o grupo IV cunha media de 21 comunicacións (o 5,7% do total) é o seguinte en número de partes, alcanzando no ano 2012 con 22 o 7,80% do total, sendo o ano con maior número de comunicacións o 2009, no que as 29 comunicacións supuxeron o 6,82% do total. Os datos do resto dos grupos son os seguintes: o grupo I (17 comunicacións de media, o 4,5%), sendo o ano 2009 con 26 comunicacións (o 6,12% do total ese ano) cando estas foron máis numerosas, grupo V (14 comunicacións, o 3,8%), o grupo III (13 comunicacións de media, o 3,4%) e o grupo VI (1 comunicación de media, 0,4% do total no período).
- Na [táboa 168](#) e no [gráfico 104](#) detállanse os partes de enfermidade comunicados na provincia entre os anos 2009 e 2013 sen baixa laboral. O grupo II de enfermidades profesionais é o máis numeroso cunha media de 182 partes (aproximadamente o 77,5% do total no período), sendo o ano 2011 con 238 (o 82,35% do total ese ano) o de maior número de comunicacións. As enfermidades deste grupo

aumentaron un 70,40% entre o ano 2009 (125) e o 2013 (213). O grupo IV é o seguinte grupo máis numeroso cunha media de 21 comunicacións de enfermidades sen baixa nestes 5 anos, o que é aproximadamente o 9,1% do total no período. Neste grupo a maior porcentaxe dos partes nun ano alcanzouse no 2009, no que as 19 comunicacións supuxeron o 11,31% do total, sendo os 24 partes dos anos 2011 (o 8,30%) e 2013 (o 8,45%) o maior número anual.

- O resto dos grupos tiveron os seguintes números e porcentaxes: o grupo V tivo unha media de 15 comunicacións de enfermidades sen baixa (en porcentaxe aproximadamente o 6,4% do total), o grupo I cunha media de 11 enfermidades sen baixa (o 4,8% do total), o grupo III tivo unha media de 5 comunicacións sen baixa (aproximadamente o 2,0% do total) e o grupo VI con 1 parte de enfermidade sen baixa tivo unha porcentaxe no período de aproximadamente o 0.3%. A media nestes 5 anos de partes sen baixa comunicados foi de 235 partes na provincia, sendo o 2009 con 168 o ano de menos e o 2011 con 289 o de máis comunicacións; tamén foi importante o número de partes do ano 2013 (284). As comunicacións de partes sen baixa aumentaron un 69,05%, dos 168 partes en 2009 aos 284 no 2013.

Nas táboas [169](#) e [170](#) e os gráficos [105](#) e [106](#) expónse a evolución das enfermidades profesionais segundo o grupo entre os anos 2007 ao 2013 nas enfermidades con baixa e 2009 ao 2013 nas enfermidades sen baixa en toda Galicia:

- No conxunto da comunidade o grupo II con 576 partes comunicados supuxo no período aproximadamente o 79,5% do total das enfermidades con baixa, diminuíndo entre o ano 2007 (576) e o 2013 (369) un 35,94%. No ano 2007 as 576 comunicacións deste grupo supuxeron o 81,82% das 704 totais nese ano, sendo no ano 2010 onde se alcanzou a maior porcentaxe de enfermidades (o 82,92% con 665 comunicacións). No ano 2008 recibíronse o maior número de partes do período 731 (o 80,07% do total), número que foi descendendo monotonamente ata o ano 2013 (o 70,83% do total) o que expresado en porcentaxe supuxo unha diminución do 49,52%. O total de enfermidades con baixa en Galicia diminuíu entre os anos 2007 (704) e 2013 (521) un 25,99% e entre o 2009 (860) e o 2013 un 39,42%, sendo a diminución entre o ano de máis comunicacións (o 2008 con 913) e o de menos (o 2013) do 42,94%.
- Do resto dos grupos, o de maior número de enfermidades comunicadas é o grupo IV que cunha media de 52 partes ten aproximadamente o 7,2% do total de enfermidades con baixa en Galicia. As comunicacións deste grupo están entre as 41 do ano 2011 (o 6,01% do total dese ano) e as 70 do 2009 (o 8,14% do total), sendo o ano 2010 con 46 comunicacións cando este grupo tivo a menor porcentaxe de enfermidades do total (o 5,74%). Os demais grupos de enfermidades tiveron un número de partes inferior ao 5% de media no intervalo: o grupo V cunha media de 34 partes (aproximadamente o 4,7% do total), o grupo I cunha media de 33 partes (aproximadamente o 4,6% do total), o grupo III cunha media de 27 partes (aproximadamente o 3,7% do total) e o grupo VI que cunha media de 2 partes comunicados supuxo o 0,3% do total das comunicacións con baixa no período.
- Na [táboa 170](#) e no [gráfico 106](#) detállanse os partes de enfermidade comunicados en Galicia entre os anos 2009 e 2013 sen baixa laboral, pódese comprobar doadamente que mentres as enfermidades con baixa comunicadas tenden a diminuír, as sen baixa tenden a aumentar. O grupo II tivo unha media de 335 partes sen baixa (o 72,3% do total de enfermidades) con valores entre os 256 do ano 2009 (o 66,49% dos 385 partes dese ano) e os 424 do ano 2010 (o 75,44% dos 562 partes dese ano), sendo o aumento no período do 30,11%. O grupo IV tivo unha media no quinquenio de 74 partes de enfermidade, diminuíndo monotonamente dende os 92 do ano 2009 (o 22,33% dos partes) aos 48 do ano 2013 (o 9,94% dos partes dese ano).
- O resto dos grupos tiveron os seguintes números e porcentaxes: o grupo V tivo unha media de 26 comunicacións de enfermidades sen baixa (en porcentaxe aproximadamente o 5,5% do total), o grupo I unha media de 20 partes sen baixa (o 4,2% do total de enfermidades comunicadas), o grupo III tivo unha media de 7 comunicacións sen baixa (aproximadamente o 1,4% do total) e o grupo

VI con 3 partes de enfermidade sen baixa de media tivo unha porcentaxe no período de aproximadamente o 0.6%. A media en Galicia destes 5 anos de partes comunicados sen baixa foi de 464 partes e o aumento no período do 17,23% (dos 412 aos 483 partes), sendo o ano 2010 con 385 e o 2011 con 562 os anos de menos e de mais partes comunicados.

Nas táboas [171](#) e [172](#) e os gráficos [107](#) e [108](#) expónse a evolución da incidencia das enfermidades profesionais nas provincias galegas segundo o grupo, entre os anos 2007 ao 2013 nas enfermidades con baixa e 2009 ao 2013 nas enfermidades sen baixa. En cada provincia a evolución da incidencia das enfermidades foi a seguinte:

- Na Coruña a incidencia das enfermidades comunicadas con baixa laboral aumentou un 70,93% entre os anos 2007 (44,91) e 2009 (76,76), mantivéronse en valores similares nos anos 2010 (73,77) e 2011 (75,15), diminuíndo dende ese ano ata 38,69 partes comunicados por 100.000 traballadores no 2013. A porcentaxe de diminución entre os anos 2009 e 2013 foi do 49,60% e nos 7 anos do período do 13,85%. Nas enfermidades laborais sen baixa a diminución foi menor, un 30,24%, dende 45,77 no 2009 a 31,93 no 2013, alcanzándose o maior valor no 2011 (58,65) diminuíndo nos dous anos seguintes.
- En Lugo a incidencia das enfermidades comunicadas con baixa aumentou un 95,40% entre os anos 2007 (29,67) e 2009 (57,97), con valores inferiores nos anos seguintes, por exemplo: 40,37 no 2011 e 36,03 no 2013, sendo a diminución entre os anos 2009 e 2013 do 37,84%, para unha un aumento da incidencia no período total do 21,46%. A incidencia das enfermidades sen baixa aumentou monotonamente entre os anos 2009 (11,99) e 2012 (39,09) nun 225,98% sendo o valor da incidencia no 2013 de 34,94 (similar á as enfermidades con baixa), polo tanto o incremento da incidencia no quinquenio foi do 191,34%.
- Ourense no ano 2007 tiña o máis alto valor da incidencia das enfermidades profesionais con baixa (153,27), sendo nos últimos 3 anos a segunda provincia por incidencia. Dende o 2007 a incidencia diminuíu con altibaixos ata 141,15 no ano 2010. Dende o 2010 a incidencia diminuíu ata 72,90 (case a metade en 2 anos), aumentando no 2013 a 82,94. Entre os anos 2007 e 2009 a incidencia diminuíu un 15,13%, entre o 2009 e o 2013 a diminución foi do 36,24% e a diminución total no período foi do 45,89%. A incidencia das enfermidades sen baixa diminuíu dende 86,32 no 2009 ata 65,95 no 2011, o valor máis baixo do quinquenio, alcanzando no 2013 unha incidencia de 81,64 (moi similar ás enfermidades con baixa). Entre o 2009 e o 2013 a incidencia das enfermidades sen baixa diminuíu un 5,41%.
- En Pontevedra a incidencia das enfermidades con baixa era no ano 2007 de 118,75, aumentando ata 163,71 no 2008, para un incremento entre o 2007 e o 2009 (142,68) do 20,15%. Dende o 2009 a incidencia diminuíu monotonamente ata o ano 2012 (109,01), sendo a diminución da incidencia entre os anos 2009 e 2013 (115,55) do 19,01% e entre o 2007 e o 2013 do 2,70%. A evolución das enfermidades sen baixa foi moi distinta, dende unha incidencia de 56,40 no 2009, a incidencia incrementouse ata alcanzar no 2013 un valor de 110,12, o que supón un incremento nestes 5 anos do 95,25%.

Datos

A CORUÑA	CB						
	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
G.1	7	18	19	13	13	10	3
G.2	132	166	206	211	211	179	97
G.3	6	4	8	8	5	7	13
G.4	6	22	16	9	8	11	5
G.5	13	16	19	12	18	6	8
G.6	0	0	2	2	0	0	0
Total	164	226	270	255	255	213	126

[Táboa 161.](#) Enfermidades profesionais con baixa segundo grupo na Coruña, anos 2007-2013.

A CORUÑA	SB				
	2009	2010	2011	2012	2013
G.1	4	7	10	7	1
G.2	101	87	140	107	86
G.3	1	2	0	1	0
G.4	49	23	34	9	9
G.5	5	6	13	7	7
G.6	1	1	2	1	1
Total	161	126	199	132	104

[Táboa 162.](#) Enfermidades profesionais sen baixa segundo grupo na Coruña, anos 2009-2013.

LUGO	CB						
	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
G.1	2	0	1	0	2	1	1
